

**ORDE DO DÍA** dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA ORDINARIA, que se celebrará o próximo venres, día 26 de xullo de 2002, ás DOCE HORAS.

### ASUNTOS

#### Central-Actas

- 1.- Aprobación das actas anteriores, núms: 7 e 8/02, correspondentes ás sesións celebradas os días 28 de xuño e 15 de xullo.
- 2.- Toma de coñecemento das resolucións dictadas pola presidencia, da núm. 9.800 á núm. 10.752.
- 3.- Acordo de participación e proposta de nomeamento do representante no Padroado da Fundación para o desenvolvemento da Comarca de Terra de Soneira.
- 4.- Proposta de nomeamento do representante no Padroado do Parque Nacional Marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.
- 5.- Proposta da presidencia. Cambio de data do pleno ordinario de agosto para o mes de setembro.

#### Comisión de Cooperación e asistencia ós concellos

- 6.- Aprobación do Plan XXI de reinvestimento de baixas do POS en obras municipais 2002.

#### Comisión de Ambiente, Agricultura, Pesca e Benestar Social

- 7.-- Cambio da obra “Carpa municipal” pola denominada “Ampliación sinalización turística” Concello de Boqueixón- PLAN XXI Fomento do turismo de natureza 2001.
- 8.- 5ª Relación de obras e subministracións do Plan XXI de Fomento do turismo de natureza 2001.
- 9.- Aprobación definitiva dos Estatutos do Consorcio Provincial que realizará a prestación do servizo contra-incendios e salvamento.

10.- Desagregación das obras aprobadas ó Concello de Sada- PLAN XXI Fomento do turismo de natureza 2001.

11.-.- Maioración dos gastos de construción da subse de do parque de bombeiros de Ribeira.

12.- Aprobación do anexo de casas de acollida - Concellos da Coruña, Ferrol e Santiago.

13.- Convenio da campaña de extinción de incendios 2002.

### **Comisión de Persoal, Réxime Interior e Informática Provincial**

14.- Toma de coñecemento do Convenio de colaboración entre a deputación e o Colexio Oficial de Funcionarios da Administración Local para a colaboración no desenvolvemento e implantación dun sistema local de xestión.

### **Comisión de Plans Especiais, Contratación e Equipamento**

15.--Aprobación do proxecto de terminación por resolución de contrato e cambio de módulos da obra "Campo de fútbol municipal O Pinguel-Bouza" do Concello de Ponteceso, incluída na 6ª fase da anualidade 1998 do Plan 2000 deportes 1998-2001. Código 98.3420.0065.0

16.- Aprobación do proxecto reformado da obra "Campo de fútbol de Abella" módulo 2" do Concello de Frades, incluída na 1ª fase da anualidade 2000 do Plan 2000 deportes. Código 00.3420.0130.0

17.-Aprobación do Convenio de Cooperación entre a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña para a construción e reforma de instalacións deportivas municipais 2002-2006

18. -Aprobación da segunda fase da anualidade 2001 do Plan 2000 deportes 1998-2001

### **Comisión de Cultura, Deportes e Xuventude**

19.- Convenio de cooperación coa Xunta de Galicia para a concesión de axudas ou subvencións ós clubs de deportes náuticos e ás Federacións Deportivas Galegas con destino ós clubs e entidades deportivas con domicilio social na provincia da Coruña.

20.- Convenio con Caixa Galicia tocante á cesión dun local destinado ó Centro Xuvenil en Santiago.

## **Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas**

21.- Expediente de modificación de créditos núm. 2/02 e recoñecemento extraxudicial de créditos, de aprobación polo pleno da corporación.

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓN

ROGOS E PREGUNTAS

**DE PUTACIÓN PROVINCIAL**

**A CORUÑA**

**Acta da sesión ORDINARIA  
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL  
o 26 de XULLO DE 2002**

## DEPUTACIÓN PROVINCIAL

### A CORUÑA

#### SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 26 DE XULLO DE 2002.

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 26 de xullo de 2002, reuniuse a Excma. Corporación Provincial para celebrar **sesión ordinaria**.

#### CONCORRENTES

#### PRESIDE O ILMO. SR.:

DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER

#### ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON JOSÉ BLANCO PAZOS	PP
DON JUAN BLANCO ROUCO	PP
DON ANTONIO CAMPO FERNÁNDEZ	PP
DOÑA PILAR CANDOCIA PITA	BNG
DON JOSÉ MANUEL CENDÁN FERNÁNDEZ	PP
DON ODÓN CASIMIRO COBAS GARCÍA	PSOE
DON JOSÉ ANTONIO DOMÍNGUEZ GARCÍA	PP
DON ANTONIO ERÍAS REY	PP
DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DON JOSÉ LUIS FONDO AGUIAR	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DON CARLOS GLEZ.-GARCÉS SANTISO	PSOE
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON CARLOS LÓPEZ CRESPO	PP
DON MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA	PSOE
DON JOSÉ LUIS PICO ESPÍNEIRA	PP
DON JOSÉ CARLOS PITA LÓPEZ	PSOE
DON FÉLIX PORTO SERANTES	PSOE
DON MANUEL POSE MIÑONES	PP

DON CELESTINO POZA DOMÍNGUEZ	PSOE
DON MIGUEL PRADO PATIÑO	PP
DON FRANCISO JAVIER QUIÑOY TABOADA	PSOE
DON AUGUSTO REY MORENO	PSOE
DON MANUEL RODRÍGUEZ DOVAL	BNG
DON DOSITEO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	PP
DOÑA ANA ISABEL SANTIAGO LÓPEZ	BNG
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON MANUEL VARELA REY	PP
DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG

Acúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación e está presente o interventor adxunto, D. Enrique Calvete Pérez.

Aberto o acto ás doce horas e dez minutos, o Sr. secretario procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, tocante ós cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os acordos seguintes:

**1.- APROBACIÓN DAS ACTAS ANTERIORES, NÚMS: 7 E 8/02, CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 28 DE XUÑO E 15 DE XULLO.**

Apróbanse as actas das sesións anteriores núms. 7/02 e 8/02, celebradas os días 28 de xuño e 15 de xullo.

**2.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA PRESIDENCIA, DA NÚM. 9.800 Á NÚM. 10.752.**

A Corporación toma coñecemento das resolucións dictadas pola Presidencia, da núm. 9.800 á núm. 10.752.

**3.- ACORDO DE PARTICIPACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO DO REPRESENTANTE NO PADROADO DA FUNDACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DA COMARCA DE TERRA DE SONEIRA.**

INTERVENCIONES

Sr. Rodríguez Doval

Simplemente para indicar a nosa abstención nos puntos 3 e 4 que se refiren ao nomeamento de representantes da deputación nestes dous organismos.

Sr. Fernández Moreda

Para dicir que no punto 3 ímonos abster e no punto 4, pero coa salvidade de que se no punto 3 houbese dúas votacións, votaríamos que si á participación da deputación e absteríámonos na proposta de nomeamento. Como hai unha única votación, abstémonos, pero o noso voto implícito sería que si á participación. E abstémonos tamén, como é unha proposta de nomeamento, no punto 4, no nomeamento do representante no Padroado do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 14 deputados (PP)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 15 deputados (11 do PSOE e 4 do BNG)

#### **ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Acorda-la participación da Excma. Deputación Provincial da Coruña no Padroado da Fundación para o Desenvolvemento da Comarca da Terra de Soneira.

2.-Designar a D. José Antonio Domínguez García como representante da Deputación Provincial no Padroado.”

#### **4.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DO REPRESENTANTE NO PADROADO DO PARQUE NACIONAL MARÍTIMO-TERRESTRE DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA.**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 14 deputados (PP)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 15 deputados (11 do PSOE e 4 do BNG)

#### **ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Nomear representante da Deputación Provincial da Coruña no padroado do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia ó deputado provincial don Juan Blanco Rouco.”

#### **5.- PROPOSTA DA PRESIDENCIA. CAMBIO DE DATA DO PLENO ORDINARIO DE AGOSTO PARA O MES DE SETEMBRO.**

Por unanimidade apróbase a seguinte proposta:

“A sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial correspondente ó oitavo mes de 2002 celebrarase o día 13 de setembro, venres, a partir das doce horas.”

#### **6.- APROBACIÓN DO PLAN XXI DE REINVESTIMENTO DE BAIXAS DO POS EN OBRAS MUNICIPAIS 2002.**

#### INTERVENCIONES

Sr. presidente

Neste punto número 6 hai unha emenda, unha emenda técnica, máis nada duns cambios de cifras, que creo que todos vostedes teñen coñecemento dela, de todas formas, se lles parece ben, xuntamos o debate da emenda co debate do punto en si.

Sra. Candocia Pita

Non é sobre a emenda, porque a emenda non cambia substancialmente a proposta, é sobre a proposta global para anunciar a nosa posición de abstención, como sempre facemos neste tipo de obras.

A continuación sométese a votación a emenda.

#### VOTACIÓN

Votan a favor: 25 deputados (14 do PP e 11 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)



Aprobada a emenda sométese a votación o dictame coa incorporación dela.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 25 deputados (14 do PP e 11 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

### **ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1º.-Aproba-lo Plan XXI de reinvestimento de baixas do POS en obras municipais 2002, sendo as bases aprobadas polo Pleno desta Deputación o 3 de maio de 2002 e o texto íntegro foi publicado no BOP nº 103 do 7 de maio de 2002. As cifras globais de financiamento do plan son as que a continuación se indican, e o seu detalle por concellos e actuacións é o que figura no anexo a este acordo, o que quedará condicionado a que os Concellos de Carballo e Lousame adopten os correspondentes acordos plenarios de participación no presente plan, considerándose o plan definitivamente aprobado mediante Resolución da Presidencia, na que se aprecie o cumprimento da citada condición nun prazo máximo de dez días.

Achega provincial	1.354.652,96
Achega municipal	262.361,39
<b>TOTAL</b>	<b>1.617.014,35</b>

Número de concellos 34

Número de actuacións 43

O financiamento da achega provincial realízase con cargo á partida 0501/911B/76299 do vixente orzamento provincial para o ano 2002.

A contratación e execución das obras realizana os respectivos concellos.

2º.-Dispo-la exposición pública do plan mediante a publicación dun anuncio no BOP para efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións oportunas, entendéndose definitivamente aprobado no caso de non presentarse ningunha.

3º.-Remiti-lo expediente a informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para efectos de coordinación disposto nos arts. 187 e seguintes da Lei 5/97, do 22 de xullo de 1997, de Administración local de Galicia, debendo considerarse

emitido favorablemente unha vez transcorridos 10 días da súa solicitude.”

**PLAN XXI DE REINVERSIÓN DE BAJAS DEL POS EN OBRAS MUNICIPALES 2002**

<b>Ayuntamiento</b>	<b>Código</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>DIPUTACION</b>	<b>CONCELLO</b>	<b>TOTAL</b>
<b>AMES</b>	02.3820.0001.0.	ENLOSADO NUCLEO COSTOIA	19.058,14	20.213,06	<b>39.271,20</b>
		<b>TOTAL</b>	<b>19.058,14</b>	<b>20.213,06</b>	<b>39.271,20</b>
<b>ARANGA</b>	02.3820.0002.0.	TRAIDA AGUA ALDEA ARRIBA Y O.	18.150,17	0,00	<b>18.150,17</b>
		<b>TOTAL</b>	<b>18.150,17</b>	<b>0,00</b>	<b>18.150,17</b>
<b>ARTEIXO</b>	02.3820.0003.0.	PAV. CM-008 NUCLEO BORROA	34.969,74	0,00	<b>34.969,74</b>
	02.3820.0004.0.	PAV. NUCLEOS PEDREIRA-CATUXA	60.041,38	0,00	<b>60.041,38</b>
	02.3820.0005.0.	SAN. LUGAR SOUTO-MORAS	26.617,01	0,00	<b>26.617,01</b>
		<b>TOTAL</b>	<b>121.628,13</b>	<b>0,00</b>	<b>121.628,13</b>
<b>ARZÚA</b>	02.3820.0006.0.	PAV. CM. CASALDOEIRO	12.438,61	0,00	<b>12.438,61</b>
		<b>TOTAL</b>	<b>12.438,61</b>	<b>0,00</b>	<b>12.438,61</b>
<b>BERGONDO</b>	02.3820.0007.0.	AJARD. PLZ. IGLESIA S.VICENTE	24.409,99	14.578,29	<b>38.988,28</b>
		<b>TOTAL</b>	<b>24.409,99</b>	<b>14.578,29</b>	<b>38.988,28</b>
<b>BOIMORTO</b>	02.3820.0008.0.	ELEVACION 1 PLANTA CONCELLO	87.087,00	182.091,00	<b>269.178,00</b>
	02.3820.0009.0.	PAV. CM. CIUCENDE Y O.	7.984,30	8.708,90	<b>16.693,20</b>
		<b>TOTAL</b>	<b>95.071,30</b>	<b>190.799,90</b>	<b>285.871,20</b>
<b>BOIRO</b>	02.3820.0010.0.	CM. Y MURO BUQUEIRA-CESPON	24.038,12	5.626,00	<b>29.664,12</b>
		<b>TOTAL</b>	<b>24.038,12</b>	<b>5.626,00</b>	<b>29.664,12</b>
<b>BOQUEIXÓN</b>	02.3820.0011.0.	ADQUISICIÓN REMOLQUE	8.044,51	0,00	<b>8.044,51</b>
	02.3820.0012.0.	ADQUISICIÓN PLOTTER	9.579,18	0,00	<b>9.579,18</b>
		<b>TOTAL</b>	<b>17.623,69</b>	<b>0,00</b>	<b>17.623,69</b>
<b>CAMBRE</b>	02.3820.0013.0.	ILUMINACIÓN NUCLEO CAMBRE	30.804,68	328,89	<b>31.133,57</b>
		<b>TOTAL</b>	<b>30.804,68</b>	<b>328,89</b>	<b>31.133,57</b>
<b>CAPELA</b>	02.3820.0014.0.	DESBROZADORA PARA LIMPIEZA	17.106,54	0,00	<b>17.106,54</b>
	02.3820.0015.0.	EQUIP. ALBERGUE TURISMO MPAL.	11.900,87	0,00	<b>11.900,87</b>
		<b>TOTAL</b>	<b>29.007,41</b>	<b>0,00</b>	<b>29.007,41</b>
<b>CARBALLO</b>	02.3820.0016.0.	CAMPO FUTBOL BERTOIA 1-F	12.093,62	0,00	<b>12.093,62</b>
		<b>TOTAL</b>	<b>12.093,62</b>	<b>0,00</b>	<b>12.093,62</b>
<b>CARNOTA</b>	02.3820.0017.0.	MEJ. AREAS OCIO CARNOTA	12.538,66	0,00	<b>12.538,66</b>
	02.3820.0018.0.	INST. DUCHAS PRAIA CARNOTA	6.000,00	0,00	<b>6.000,00</b>
		<b>TOTAL</b>	<b>18.538,66</b>	<b>0,00</b>	<b>18.538,66</b>
<b>CERDIDO</b>	02.3820.0019.0.	ABAST. AGUA CASAS 1-F	45.675,38	0,00	<b>45.675,38</b>
		<b>TOTAL</b>	<b>45.675,38</b>	<b>0,00</b>	<b>45.675,38</b>
<b>CESURAS</b>	02.3820.0020.0.	ADQ. TERRENO, EDF. SERV. MPLES.	25.927,20	22.072,80	<b>48.000,00</b>
		<b>TOTAL</b>	<b>25.927,20</b>	<b>22.072,80</b>	<b>48.000,00</b>
<b>CORISTANCO</b>	02.3820.0021.0.	OBRAS MPALES. VARIAS PQ.	50.639,46	0,00	<b>50.639,46</b>
		<b>TOTAL</b>	<b>50.639,46</b>	<b>0,00</b>	<b>50.639,46</b>
<b>DODRO</b>	02.3820.0022.0.	CM. C/BALEIRON Y O.	26.898,40	0,00	<b>26.898,40</b>
		<b>TOTAL</b>	<b>26.898,40</b>	<b>0,00</b>	<b>26.898,40</b>

<b>FENE</b>	02.3820.	0023.	0.	ALCANTARILLADO REGUEIRO	44.466,81	0,00	<b>44.466,81</b>
				<b>TOTAL</b>	<b>44.466,81</b>	<b>0,00</b>	<b>44.466,81</b>
<b>LARACHA</b>	02.3820.	0024.	0.	SAN. DEP. SAN CRISTOBO-GOLMAR	47.834,19	0,00	<b>47.834,19</b>
				<b>TOTAL</b>	<b>47.834,19</b>	<b>0,00</b>	<b>47.834,19</b>
<b>LOUSAME</b>	02.3820.	0025.	0.	PAV. CM. SABUGUEIRO A BARGO	17.292,79	0,00	<b>17.292,79</b>
				<b>TOTAL</b>	<b>17.292,79</b>	<b>0,00</b>	<b>17.292,79</b>
<b>MUGARDOS</b>	02.3820.	0026.	0.	ABAST. AUGA NUCLEO ROIBEIRAS	17.396,74	5.528,58	<b>22.925,32</b>
				<b>TOTAL</b>	<b>17.396,74</b>	<b>5.528,58</b>	<b>22.925,32</b>
<b>NARON</b>	02.3820.	0027.	0.	AGLOM. AVDA. CONDE FENOSA	28.751,33	0,00	<b>28.751,33</b>
				<b>TOTAL</b>	<b>28.751,33</b>	<b>0,00</b>	<b>28.751,33</b>
<b>NEDA</b>	02.3820.	0028.	0.	REP. BEIRARUAS NO COTO	29.663,10		<b>29.663,10</b>
				<b>TOTAL</b>	<b>29.663,10</b>	<b>0,00</b>	<b>29.663,10</b>
<b>OLEIROS</b>	02.3820.	0029.	0.	ANDEN PEATONAL R/ DO MAR	13.373,47	0,00	<b>13.373,47</b>
				<b>TOTAL</b>	<b>13.373,47</b>	<b>0,00</b>	<b>13.373,47</b>
<b>ORTIGUEIRA</b>	02.3820.	0030.	0.	REF. MERCADO MUNICIPAL	58.161,49	0,00	<b>58.161,49</b>
				<b>TOTAL</b>	<b>58.161,49</b>	<b>0,00</b>	<b>58.161,49</b>
<b>OUTES</b>	02.3820.	0031.	0.	PISTA POLIDEPORTIVA BANZAS	29.297,48	0,00	<b>29.297,48</b>
				<b>TOTAL</b>	<b>29.297,48</b>	<b>0,00</b>	<b>29.297,48</b>
<b>PADERNE</b>	02.3820.	0032.	0.	ACD. NUCL. S. MAMEDE	34.536,29	0,00	<b>34.536,29</b>
	02.3820.	0033.	0.	ACD. NUCL. SAS	18.711,19	0,00	<b>18.711,19</b>
				<b>TOTAL</b>	<b>53.247,48</b>	<b>0,00</b>	<b>53.247,48</b>
<b>AS PONTES</b>	02.3820.	0034.	0.	REST. PAB. DEPORTIVO MPAL.	84.873,54	0,00	<b>84.873,54</b>
	02.3820.	0035.	0.	REST. PAB. DEPORTIVO MAGDALENA	23.817,67	0,00	<b>23.817,67</b>
				<b>TOTAL</b>	<b>108.691,21</b>	<b>0,00</b>	<b>108.691,21</b>
<b>SANTIAGO</b>	02.3820.	0036.	0.	REF. PA VIMIENTO EN PORTO	56.858,45	3.213,87	<b>60.072,32</b>
				<b>TOTAL</b>	<b>56.858,45</b>	<b>3.213,87</b>	<b>60.072,32</b>
<b>SANTISO</b>	02.3820.	0037.	0.	FOSA SEPTICA VISANTO/A	50.216,27	0,00	<b>50.216,27</b>
				<b>TOTAL</b>	<b>50.216,27</b>	<b>0,00</b>	<b>50.216,27</b>
<b>TOURO</b>	02.3820.	0038.	0.	PAV. CM. ANDEADE-CORNADO Y O.	41.937,19	0,00	<b>41.937,19</b>
				<b>TOTAL</b>	<b>41.937,19</b>	<b>0,00</b>	<b>41.937,19</b>
<b>VALDOVIÑO</b>	02.3820.	0039.	0.	URBZ. ACC. VIVIENDAS SOCIALES 1-F	70.782,69	0,00	<b>70.782,69</b>
				<b>TOTAL</b>	<b>70.782,69</b>	<b>0,00</b>	<b>70.782,69</b>
<b>VILARMAIOR</b>	02.3820.	0040.	0.	PAV. ACC. DEPOSITO AUGA	22.797,99	0,00	<b>22.797,99</b>
				<b>TOTAL</b>	<b>22.797,99</b>	<b>0,00</b>	<b>22.797,99</b>
<b>VIMIANZO</b>	02.3820.	0041.	0.	LIMPEZA PAV. PASARELA-SEÑORANS	12.981,30	0,00	<b>12.981,30</b>
	02.3820.	0042.	0.	LIMPEZA PAV. LAVANDEIRA Y O.	49.002,31	0,00	<b>49.002,31</b>
				<b>TOTAL</b>	<b>61.983,61</b>	<b>0,00</b>	<b>61.983,61</b>
<b>ZAS</b>	02.3820.	0043.	0.	MCR CM. LAMAS-MEANOS Y O.	29.897,71	0,00	<b>29.897,71</b>
				<b>TOTAL</b>	<b>29.897,71</b>	<b>0,00</b>	<b>29.897,71</b>
				<b>TOTAL ACUMULADO</b>	<b>*****</b>	<b>262.361,39</b>	<b>*****</b>
				<b>Nº DE AYUNTAMIENTOS</b>	<b>34</b>		
				<b>Nº DE ACTUACIONES</b>	<b>43</b>		

**7.- CAMBIO DA OBRA “CARPA MUNICIPAL” POLA DENOMINADA “AMPLIACIÓN SINALIZACIÓN TURÍSTICA” CONCELLO DE BOQUEIXÓN-PLAN XXI FOMENTO DO TURISMO DE NATUREZA 2001.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1º) Aprobar a substitución da obra do concello de Boqueixón consonte coa sesión plenaria do 28.12.01, segundo o seguinte detalle:

Cód. 01.4300.0157.0 Ampliación sinalización turística 13.929,54 €

2º) Anular a obra aprobada na sesión plenaria do 28.12.01, correspondente ó código:

Cód. 01.4300.0045.0 “Carpa municipal” 13.929,54 €

3º) O importe proposto que ascende á cantidade de 13.929,54 euros deberá ser imputada á partida orzamentaria 0305/751A/76299.

4º) Facultar ó presidente para canto proceda na orde á xestión e execución do presente acordo.”

**8.- 5ª RELACIÓN DE OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS DO PLAN XXI DE FOMENTO DO TURISMO DE NATUREZA 2001.**

INTERVENCIONES

Sra. Vázquez Veras

Para anunciar a abstención do grupo provincial do BNG neste punto, como tódalas relacións que foron derivadas da aprobación do Plan XXI de fomento do turismo de natureza, posto que nosoutros non estabamos de acordo coas bases.

Moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 25 deputados (14 do PP e 11 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

## ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.- Aprobar a quinta relación de obras e subministracións do Plan XXI para o fomento do turismo de natureza na provincia da Coruña. As obras, e subministracións desta relación, que se ha contratar en cada concello, quedan establecidos nos termos incorporados no presente acordo.

Código	Concello/Obra	Ozto. total	
01.4300.0159.0	CEE SUBMINISTRACIÓN DE SILLAS	Concello: Dep. fondos propios: Dep. préstamo: Total...	 3.237,06 euro 4.585,71 euro 7.822,77 euro
01.4300.0160.0	CEE SUBMINISTRACIÓN CARPA	Concello: Dep. fondos propios: Dep. préstamo: Total....	 15.578,49 euro 22.068,91 euro 37.647,40 euro
01.4300.0161.0	CEE SUBMINISTRACIÓN ILUMINACIÓN ACTOS	Concello: Dep. fondos propios: Dep. préstamo: Total....	 11.928,32 euro 4.995,10 euro 7.076,18 euro 23.999,60 euro
01.4300.0162.0	FISTERRA PAVIMENTACIÓN E SANEAMENTO DAS RÚAS NOVA E DA ESCOLA COMPRENDIDAS NO CAMIÑO XACOBEO	Concello: Dep. fondos propios: Dep. préstamo: Total...	 0,25 euro 19.163,71 euro 27.147,81 euro 46.311,77 euro
01.4300.0163.0	FISTERRA DESBROCE LIMPEZA ACONDICIONAMENTO DO TRAMO DO CAMIÑO DE SANTIAGO Ó SEU PASO POLO SARDIÑEIRO DE ABAIXO	Concello: Dep. fondos propios: Dep. préstamo: Total...	 3,17 euro 5.213,07 euro 7.384,97 euro 12.601,21 euro
01.4300.0164.0	FISTERRA ADQUISICIÓN DE GRUPO ELECTRÓXENO AY-6000 DIESEL	Concello: Dep. fondos propios: Dep. préstamo: Total...	 758,98 euro 1.075,19 euro 1.834,17 euro
01.4300.0165.0	NOIA ACONDICIONAMENTO ÁREA RECREATIVA NO MONTE DE	Concello: Dep. fondos propios: Dep. préstamo:	 10.017,83 euro 14.191,53 euro

SAN LOIS	Total....	24.209,36 euro
01.4300.0166.0 NOIA MELLORA DOS ACCESOS Ó MONTE DE SAN LOIS	Concello: Dep. fondos propios: Dep. préstamo: Total...	10.076,39 euro 14.274,48 euro 24.350,87 euro
01.4300.1067.0 PADRÓN PROXECTO SINALIZACIÓN URBANA	Concello: Dep. Fondos propios: Dep. préstamo: Total.....	7.132,80 euro 10.104,52 euro 17.237,32 euro
01.4300.0168.0 PADRÓN SINALIZACIÓN RÚSTICA	Concello: Dep. fondos propios: Dep. préstamo: Total.....	12.887,45 euro 18.256,71 euro 31.144,16 euro
01.4300.0169.0 PADRÓN SITIO WEB	Concello: Dep. fondos propios: Dep. préstamo: Total....	1.587,78 euro 2.249,28 euro 3.837,06 euro
01.4300.0170.0 AS SOMOZAS MURO DE CONTENCIÓN EN ÁREA RECREATIVA PARDIÑAS	Concello: Dep. fondos propios: Dep. préstamo: Total....	2.100,01 euro 11.437,12 euro 16.202,13 euro 29.739,26 euro
TOTAIS	Concello: Dep. fondos propios: Dep. préstamo: Total....	14.031,75 euro 102.085,78 euro 144.617,42 euro 260.734,95 euro

2.-O financiamento das obras e subministracións incorporadas nesta quinta relación de investimentos do plan quedará establecida nos termos que figuran na presente proposta: Presuposto total 260.734,95 euros, dos cales a Deputación financiará 246.703,20 euros con cargo á partida orzamentaria 0305/751.A/762.99 e 14.031,75 euros que serán financiados polos concellos integrados nesta cuarta relación de investimentos do plan

Programa	Ptos	Achega Deputación	Achega Concello
Obras /subministracións	260.734,95	246.703,20	14.031,75

3.- A contratación das obras e subministracións, de acordo co establecido nas bases da convocatoria do plan, delégase nos concellos respectivos conforme ós seguintes criterios:

"1.- As obras contrataranse os respectivos concellos utilizando os pregos tipo das cláusulas administrativas particulares aprobados expresamente pola Deputación. O Concello deberá cubrir en cada un dos expedientes o correspondente cadro de características do contrato.

2.- As obras adxudicaránse mediante subhasta, ou concurso con procedemento aberto. Poderán adxudicarse mediante procedemento negociado naqueles supostos e cos requisitos establecidos na Lei de contratos das Administracións públicas. Excepcionalmente, as obras poderán ser executadas pola propia Administración de acordo co establecido nos arts. 153 - 154 da Lei de contratos das Administracións públicas.

No caso do concurso, o prego tipo de cláusulas administrativas particulares de adxudicación de obras contén os criterios xerais para a súa adxudicación, o desenvolvemento e aplicación práctica poderá ser realizado no concello, adxuntándoo ao prego e prestando aprobación e publicación o concello. De non facelo, aplicarase o baremo establecido para as obras da deputación.

3.- A dirección e execución das obras realizaraas o concello correspondente sen prexuízo da posibilidade de que a deputación realice as inspeccións que considere convenientes.

4.- As modificacións dos contratos serán realizadas polo concello con arreglo ó establecido na Lei de contratos das Administracións públicas. En todo caso requirirá a redacción dun proxecto reformado que será aprobado polo concello e posteriormente pola deputación.

No caso de modificacións que non varíen o obxecto nin a finalidade do proxecto e non supoñan variación no presuposto, poderán ser aprobados pola Presidencia da deputación. .

5.- Calquera incremento que se derive da modificación do contrato, de liquidacións ou de calquera outro, deberá ser financiado integramente polo concello correspondente. En todo caso os concellos deberán remitirle á Deputación:

1º.- Documentación relativa á contratación:

- Documento administrativo no que se formalicen os correspondentes contratos.
- Listado de obras cos datos de adxudicación debidamente cubertos no modelo que se utiliza, para idéntico fin, no Plan de obras e servicios.
- Se a adxudicación se realizamediante o sistema de poxa deberá remitirse a "Acta de apertura de plicas".



- No caso de concurso ademais da "Acta de apertura de plicas", deberá remitirse a xustificación da elección desta forma de adxudicación, así como a aplicación dos criterios establecidos nos pregos.
- No caso de procedemento negociado, deberá remitirse certificación das ofertas presentadas e xustificación da publicidade de licitación, ben mediante a publicación do anuncio na prensa, ben pola solicitude de ofertas dirixidas ás empresas.

2º.- Documentación relativa á execución:

- Certificación de obra aprobada polo órgano competente (3 exemplares); no caso de subministracións e servicios acompañarase un exemplar da factura.
- Fotografía do cartel da obra.
- Acta de recepción das obras ou subministracións.

Comunicación de recepcións:

Os concellos deberán comunicarlle á Deputación cunha antelación de ó menos 20 días naturais, a data e hora na que se formalizárase o acto de recepción e entrega para os efectos de asistencia dun técnico da Deputación á ela, se así considerase oportuno

Os concellos asumirán as consecuencias derivadas da resolución do contrato ou na execución das obras, motivado pola acción e omisión a eles imputable"

4.- Dispoñer a exposición pública da quinta relación de obras e subministracións do plan, aprobada no presente acordo mediante a publicación dun anuncio no BOP, para efectos de que poidan presentarse alegacións, entendéndose definitivamente aprobada no caso de non presentarse ningunha.

5.- Remitir o expediente a informe da Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local, para os efectos establecidos nos artigos 187 e seguintes da Lei 5/97, do 22 de xullo de 1997, de Administración local de Galicia.

6.-Facultar ó presidente para canto proceda en orde a xestión e execución do presente acordo".

Sr. Presidente

Se están dacordo os grupos políticos, eu pediríalles cambia-lo punto número 9 para último punto da orde do día.

Estando tódolos grupos dacordo, procédese a debate-lo punto número 10, quedando o punto número 9 para o final.

## **10.- DESAGREGACIÓN DAS OBRAS APROBADAS Ó CONCELLO DE SADA-PLAN XXI FOMENTO DO TURISMO DE NATUREZA 2001.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1º.-Aprobar a desagregación das obras ó concello de Sada en substitución das aprobadas en sesión plenaria con data do 28.12.01, segundo o seguinte detalle:

Cód. 01.4300.0151.0	Adquisición de sinais e substitución das deterioradas	9.717,21 €
Cód. 01.4300.0152.0	Adquisición de marquesiñas	20.636,35
Cód. 01.4300.0153.0	Adquisición de máquina rozadora	894,31 €
Cód. 01.4300.0154.0	Adquisición mesas e papeleiras	6.797,44 €
Cód. 01.4300.0155.0	Adquisición boias	1.738,69 €
Cód. 01.4300.0156.0	Adquisición plataformas	6.058,44 €

2º.-Anular as obras aprobadas na sesión plenaria do 28.12.01, correspondente ós códigos:

Cód. 01.4300.0053.0	“Sinalización de accesos camiños de praias”	30.353,56 €
Cód. 01.4300.0054.0	“Acondicionamento ruta sendeirismo”	7.691,75 €
Cód. 01.4300.0055.0	“Boias e plataformas praias”	7.797,13 €

3º.-Os importes propostos que ascenden á cantidade de 45.842,44 euros deberán ser imputados á partida orzamentaria 0305/751A/76299.

4º.-Facultar ó presidente para canto proceda en orde á xestión e execución do presente acordo.”

## **11.- MAIORACIÓN DOS GASTOS DE CONSTRUCCIÓN DA SUBSEDE DO PARQUE DE BOMBEIROS DE RIBEIRA.**

### INTERVENCIÓNS

Sra. Vázquez Veras

Para especificar a abstención do grupo provincial do BNG.

## VOTACIÓN

Votan a favor: 25 deputados (14 do PP e 11 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

## ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Modificar o gasto autorizado mediante acordo plenario da Corporación do 27.07.2001, no que se procedeu a aprobar a primeira fase da anualidade 2001 do Plan 2000 de parques de bombeiros e instalacións de protección civil, consonte co seguinte detalle

### Honorarios de codirección

01.4000.0073.3

Gasto autorizado por erro  
460.000 ptas. 2.764,66 €

Gasto que se propón autorizar  
580.000 ptas. 3.485,87 €

### Tarifa sétima

01.4000.0073.3

Gasto autorizado por erro  
300.000 ptas. 1.803,04 €

Gasto que se propón autorizar  
300.000 ptas. 1.803,04 €

Total 760.000 ptas. 4.567,69 €

880.000 ptas. 5.288,91 €

O gasto será imputado á partida 0305/223A/62210 do vixente orzamento da corporación.”

## **12.- APROBACIÓN DO ANEXO DE CASAS DE ACOLLIDA - CONCELLOS DA CORUÑA, FERROL E SANTIAGO.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1º)Aprobar o anexo ós convenios de colaboración subscritos entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos da Coruña, Ferrol e Santiago de Compostela, a través

dos que se instrumenta a cooperación da deputación no sostemento do servizo especializado de casas de acollida.

2º)O texto dos tres anexos queda incorporado ó presente dictame.

**ANEXO Ó CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DA CORUÑA SOBRE SERVICIOS DA CASA DE ACOLLIDA DE MULLERES EN SITUACIÓN DE EMERXENCIA.**

A Deputación da Coruña mantén un convenio de colaboración asinado o 1 de xullo de 1992 co concello da Coruña mediante o cal, establécese o apoio económico da deputación, para o sostemento do servizo especializado de Casa de Acollida para Mulleres en situación de emerxencia, e ademais, concértase un número de prazas reservadas para usuarias de concellos da provincia, que carecen de recursos.

O dito convenio permite cumprir os fins propios da provincia, expresados no art. 101.2 da Lei 5/97 de Admón. local de Galicia, que son garantir a solidariedade e o equilibrio intermunicipais, así como executar as competencias establecidos no art. 22 da Lei 4/93, de servizos sociais de Galicia.

Na cláusula quinta do convenio, establécese.

“calquera modificación, pactada entre ámbalas institucións, poderá incluírse como anexo”.

Publicadas as disposicións da Consellería de Familia relativas a requisitos dos centros de acollida, e en concreto a Orde do 1 de abril de 1997, ámbalas partes consideran oportuno a sinatura dunha adenda ó convenio, coa finalidade de ampliar a dita colaboración, incrementando o número de prazas establecidas no convenio, referíndoas a un total de prazas/día, e desenvolver algúns aspectos, como o procedemento de ingreso na casa, os compromisos asumidos polas partes implicadas, a determinación do período de estancia e o seguimento do convenio.

Para isto, o Ilmo. Sr. Presidente da Excma. Deputación da Coruña D. José Luis Torres Colomer e D. Francisco Vázquez Vázquez, alcalde-presidente do Concello da Coruña.

**ACORDAN**

**PRIMEIRO.-**

Manterse o apartado 1º e 2º do convenio, que se modifican nos termos seguintes:  
“Primeiro”.-

## **OBXECTO DO CONVENIO**

O concello da Coruña pon a disposición da deputación para o seu uso polos concellos da provincia que o demanden, o servizo de casa de acollida para mulleres en situación de emerxencia e os seus fillos.

“Segundo”

### **ACHEGA PARA A CASA DE ACOLLIDA MUNICIPAL E PRAZAS RESERVADAS PARA CONCELLOS DA PROVINCIA.**

A colaboración económica da deputación concrétese nas contías e fins seguintes:

Para axuda ó sostemento de gastos da casa de acollida municipal, a deputación achegará a cantidade de 8.471,75 €por persoa e ano.

Será compatible con outras axudas públicas e privadas sempre que o importe delas non supere o custo anual da actividade.

Polo servizo de casa de acollida a disposición dos concellos da provincia, en número 7 prazas reservadas, aboarase a contía de 23,21 euros/praza/365 días que ascende ó total de 59.301,55 €ano.

Para o exercicio 2002, a contía correspondente á praza que se incrementa en relación ó contido do convenio anterior, percibirase realizando o cálculo proporcional do custo, a partir da sinatura do anexo ó convenio, en que se efectuará a dita reserva.

As cantidades correspondentes tanto polo concepto de subvención para gastos de mantemento, coma o custo/praza das reservadas, experimentarán a partir do 1 de xaneiro de 2003, e nas anualidades sucesivas, o incremento determinado no índice de prezos ó consumo.”

### **SEGUNDO.-**

Modifícanse os apartados terceiro e cuarto do convenio, coa redacción seguinte:

“Terceiro”.-

### **PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN**

O pagamento destas cantidades, polos conceptos expresados farase efectiva con cargo á partida orzamentaria 0701/313L/226.99, do vixente orzamento, despois da petición presentada polo concello en dous prazos.

No primeiro trimestre do ano, efectuarase a achega correspondente á axuda para gastos de mantemento da casa de acollida municipal, e o primeiro prazo correspondente a seis meses dos prazos reservados pola deputación.

A petición da Administración municipal, remitirase coa memoria do servizo de casa de acollida, referida ó funcionamento e financiamento da casa de acollida, no exercicio anterior, e no caso de non estar incluído na dita memoria, acompañarase informe sobre a evolución do servizo de reserva de prazas, a disposición de concellos da provincia concretado coa deputación, e do orzamento previsto para o exercicio en curso, da casa de acollida.

O segundo pagamento do custo das prazas reservadas, poderase solicitar, despois de transcorrido o primeiro semestre do ano.

Os pagamentos requirirán, informe da Sección de Servizos Sociais, do Servizo de Patrimonio e Contratación e da Intervención da Deputación.

A efectividade dos pagamentos establecidos neste convenio poderá materializarse pola vía de compensación, establecida no art. 109 da Lei de bases de réxime local.

“Cuarto”

## PROCEDEMENTO PARA O INGRESO, COMPROMISOS, ESTANCIAS, PRÓRROGAS E BAIXAS.

### A) Procedemento para o ingreso:

A canle de acceso ó servizo de acollida que oferta a deputación son os Servizos sociais Municipais, e efectuarase mediante solicitude do alcalde, que supón asumir os compromisos que no convenio se refiren ós servizos sociais municipais do lugar de procedencia da usuaria, solicitude que irá acompañada de informe social, e remitida á Presidencia da deputación.

Os citados servizos municipais, consultarán previamente coa Dirección da Casa de Acollida, sobre a existencia de prazas libres, e darán conta disto na súa solicitude, á deputación.

Despois de recibida a petición sobre o ingreso da usuaria resolveraa a Presidencia, dando conta disto ó concello solicitante, para que proceda á ocupación necesaria.

En situacións de emerxencia, poderá procederse ó ingreso a petición razoada, verbal ou escrita dos Servicios Sociais Municipais, dirixida á Dirección da Casa de Acollida, ou a propia interesada poderá ser recibida na casa, xa sexa directamente ou por emisión dos servicios administrativos, sanitarios ou xudiciais que se encontren actuando, dando conta, a Dirección, no seguinte día hábil á deputación, dese ingreso, para que poida remitir o caso ós Servicios Sociais municipais do concello de procedencia e solicitar a documentación correspondente.

Será flexible a admisión de madres con nenos, non contando como ocupación de prazas reservadas o ingreso de nenos que non ocupen coma de adultos, estimándose que concorre esa circunstancia en todo caso, nos que non superen a idade de dous anos.

#### B)Compromisos das partes.

Os compromisos para o funcionamento do servico, serán os seguintes:

##### 1.Da usuaria:

A usuaria debe comprometerse a aceptar as condicións que sinala o regulamento de réxime interno da casa, para a súa estancia, así como o caso de que exista unha ordenanza reguladora de aplicación, deberá cooperar economicamente conforme a ditas previsións, minorándose no importe dos pagamentos efectuados, a achega para o pagamento dos prazos comprometidos pola deputación.

##### 2.Dos Servicios Sociais do concello solicitante:

O concello de procedencia da usuaria realizará a xestión da praza nas casas de acollida con servico de reserva. Cursarán a petición de ingreso á deputación, e emitirán os informes que se precisen. Así mesmo se comprometen a realizar o seguimento e coordinación co servico de casa de acollida, e coa usuaria, ata que esta cause baixa nel, colaborando desde o seu ámbito ó desenvolvemento do proxecto de traballo que elaboren con casa de acollida e a propia usuaria.

Así mesmo poderán ser convocados os servicos sociais municipais pola deputación, para avaliar resultados do servico de prazas de acollida, ofertado pola deputación.

##### 3.Do Servico de Casa de Acollida:

A Dirección da Casa de acollida comprométese a comunicarlle a esta deputación, as altas e baixas que se produzan nas prazas reservadas. Cando se trate dun ingreso urxente, que non fora solicitado por escrito, deberá realizarse a dita comunicación no día seguinte hábil. Así mesmo se compromete á coordinación cos Servizos Sociais do municipio de procedencia, durante a estancia, elaborado coa usuaria e o concello citado, o proxecto de traballo, as propostas de prórroga de estancia, ou a de baixa da usuaria, que lle remitirá á deputación, indicando en ámbolos casos, a causa que a motiva.

Igualmente, cando proceda segundo o convenio, haberá de lle remitir a memoria ou informes sobre o funcionamento do servizo.

c) Requisitos para a estancia, prórroga e baixa na casa.

Establécese un período de oito días, desde o ingreso no centro, durante o cal, a usuaria e o Servizo de Casa de Acollida valorarán a conveniencia da súa permanencia en réxime de acollida, realizando pasado ese prazo unha proposta de baixa, á deputación, se procede ou acordando as condicións da estancia, mediante a elaboración dunha proposta de plan de traballo, definindo nel, os obxectivos iniciais que se perseguen, para remesalo ós servizos sociais municipais.

A permanencia no centro dispórase inicialmente mediante Resolución da Presidencia da deputación polo período de tres meses. Transcorridos estes, poderase solicitar unha prórroga razoada, ata o límite de tres meses máis.

A prórroga deberá ser solicitada pola usuaria do servizo, remitíndoa a casa de acollida, esa petición, co seu informe ó concello de procedencia, o cal deberá emitir informe sobre a dita solicitude, para a concesión da prórroga pola deputación.

A baixa efectiva no servizo sexa pola causa que fora, debe ser comunicada a esta deputación pola casa de acollida, sinalando a causa pola que se produciu. Poderá producirse por pedimento da usuaria ou por proposta da casa de acollida ou do concello de procedencia da usuaria”.

### **TERCEIRO.-**

Modifícase o apartado quinto do convenio quedando redactado nos termos seguintes:

“Quinto”

SEGUIMENTO E VIXENCIA DO CONVENIO.



A deputación realizará anualmente un informe sobre o seguimento e evolución do servizo de prazas reservadas en casas de acollida, para dar conta del ós concellos da provincia e ó concello asinante deste convenio.

A casa de acollida remitirá os datos que lle sexan solicitados para realizar o dito informe, de non figurar na memoria explicativa remitida coas solicitudes de pagamento do convenio.

O presente convenio terá unha vixencia anual e entenderase prorrogado por anos naturais, quedando condicionada a dita prórroga á existencia do crédito orzamentario correspondente.

A súa denuncia farase con anterioridade ó derradeiro trimestre do ano anterior a aquel no que se considere incluído.

O incumprimento das súas cláusulas dará lugar á rescisión del.

Calquera modificación pactada entre ámbalas institucións poderá incluírse como anexo.

Faise constar que este convenio foi aprobado polo acordo plenario con data do

E en proba de conformidade asinan o presente anexo en exemplar cuadriplicado, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL

O ALCALDE-PRESIDENTE DO  
CONCELLO DA CORUÑA

Asdo. José Luis Torres Colomer

Asdo. Francisco Vázquez Vázquez

O SECRETARIO DA DEPUTACIÓN

Asdo. José Luis Almau Supervía

**ANEXO Ó CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA SOBRE SERVICIOS DA CASA DE ACOLLIDA DE MULLERES EN SITUACIÓN DE EMERXENCIA.**

A Deputación da Coruña mantén un convenio de colaboración asinado o 9 de maio de 1995 co concello de SANTIAGO DE COMPOSTELA mediante o cal, establécese o apoio económico da deputación, para o sostemento do servizo especializado de Casa de Acollida para Mulleres en situación de emerxencia, e ademais, concértase un número de prazas reservadas para usuarias de concellos da provincia, que carecen de recursos.

O dito convenio permite cumprir os fins propios da provincia, expresados no art. 101.2 da Lei 5/97 de Admón. local de Galicia, que son garantir a solidariedade e o equilibrio intermunicipais, así como executar as competencias establecidos no art. 22 da Lei 4/93, de servizos sociais de Galicia.

Na cláusula quinta do convenio, establécese.

“calquera modificación, pactada entre ámbalas institucións, poderá incluírse como anexo”.

Publicadas as disposicións da Consellería de Familia relativas a requisitos dos centros de acollida, e en concreto a Orde do 1 de abril de 1997, ámbalas partes consideran oportuno a sinatura dunha adenda ó convenio, coa finalidade de ampliar a dita colaboración, incrementando o número de prazas establecidas no convenio, referíndoas a un total de prazas/día, e desenvolver algúns aspectos, como o procedemento de ingreso na casa, os compromisos asumidos polas partes implicadas, a determinación do período de estancia e o seguimento do convenio.

Para isto, o Ilmo. Sr. Presidente da Excma. Deputación da Coruña D. José Luis Torres Colomer e D. Francisco Xosé Sánchez Bugallo, alcalde-presidente do Concello de Santiago de Compostela

**ACORDAN**

**PRIMEIRO.-**

Manterse o apartado 1º e 2º do convenio, que se modifican nos termos seguintes:

“Primeiro”.-

## **OBXECTO DO CONVENIO**

O concello de Santiago de Compostela pon a disposición da deputación para o seu uso polos concellos da provincia que o demanden, o servizo de casa de acollida para mulleres en situación de emerxencia e os seus fillos.

“Segundo”

### **ACHEGA PARA A CASA DE ACOLLIDA MUNICIPAL E PRAZAS RESERVADAS PARA CONCELLOS DA PROVINCIA.**

A colaboración económica da deputación concrétese nas contías e fins seguintes:

Para axuda ó sostemento de gastos da casa de acollida municipal, a deputación achegará a cantidade de 8.460,70 €anuais (por persoa e ano).

Será compatible con outras axudas públicas e privadas sempre que o importe delas non supere o custo anual da actividade.

Polo servizo de casa de acollida a disposición dos concellos da provincia, en número 7 prazas reservadas, aboarase a contía de 23,18 euros/praza/365 días que ascende ó total de 59.224,90 €ano.

Para o exercicio 2002, a contía correspondente á praza que se incrementa en relación ó contido do convenio anterior, percibirase realizando o cálculo proporcional do custo, a partir da sinatura do anexo ó convenio, en que se efectuará a dita reserva.

As cantidades correspondentes tanto polo concepto de subvención para gastos de mantemento, coma o custo/praza das reservadas, experimentarán a partir do 1 de xaneiro de 2003, e nas anualidades sucesivas, o incremento determinado no índice de prezos ó consumo.”

### **SEGUNDO.-**

Modifícanse os apartados terceiro e cuarto do convenio, coa redacción seguinte:

“Terceiro”.-

## PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN

O pagamento destas cantidades, polos conceptos expresados farase efectiva con cargo á partida orzamentaria 0701/313L/226.99, do vixente orzamento, despois da petición presentada polo concello en dous prazos.

No primeiro trimestre do ano, efectuarase a achega correspondente á axuda para gastos de mantemento da casa de acollida municipal, e o primeiro prazo correspondente a seis meses dos prazos reservados pola deputación.

A petición da Administración municipal, remitirase coa memoria do servizo de casa de acollida, referida ó funcionamento e financiamento da casa de acollida, no exercicio anterior, e no caso de non estar incluído na dita memoria, acompañarase informe sobre a evolución do servizo de reserva de prazas, a disposición de concellos da provincia concretado coa deputación, e do orzamento previsto para o exercicio en curso, da casa de acollida.

O segundo pagamento do custo das prazas reservadas, poderase solicitar, despois de transcorrido o primeiro semestre do ano.

Os pagamentos requirirán, informe da Sección de Servizos Sociais, do Servizo de Patrimonio e Contratación e da Intervención da Deputación.

A efectividade dos pagamentos establecidos neste convenio poderá materializarse pola vía de compensación, establecida no art. 109 da Lei de bases de réxime local.

“Cuarto”

### PROCEDIMENTO PARA O INGRESO, COMPROMISOS, ESTANCIAS, PRÓRROGAS E BAIXAS.

A) Procedemento para o ingreso:

A canle de acceso ó servizo de acollida que oferta a deputación son os Servizos sociais Municipais, e efectuarase mediante solicitude do alcalde, que supón asumir os compromisos que no convenio se refiren ós servizos sociais municipais do lugar de procedencia da usuaria, solicitude que irá acompañada de informe social, e remitida á Presidencia da deputación.

Os citados servizos municipais, consultarán previamente coa Dirección da Casa de Acollida, sobre a existencia de prazas libres, e darán conta disto na súa solicitude, á deputación.

Despois de recibida a petición sobre o ingreso da usuaria resolveraa a Presidencia, dando conta disto ó concello solicitante, para que proceda á ocupación necesaria.

En situacións de emerxencia, poderá procederse ó ingreso a petición razoada, verbal ou escrita dos Servizos Sociais Municipais, dirixida á Dirección da Casa de Acollida, ou a propia interesada poderá ser recibida na casa, xa sexa directamente ou por emisión dos servizos administrativos, sanitarios ou xudiciais que se encontren actuando, dando conta, a Dirección, no seguinte día hábil á deputación, dese ingreso, para que poida remitir o caso ós Servizos Sociais municipais do concello de procedencia e solicitar a documentación correspondente.

Será flexible a admisión de mulleres con nenos, non contando como ocupación de prazas reservadas o ingreso de nenos que non ocupen coma de adultos, estimándose que concorre esa circunstancia en todo caso, nos que non superen a idade de dous anos.

#### B)Compromisos das partes.

Os compromisos para o funcionamento do servizo, serán os seguintes:

##### 1.Da usuaria:

A usuaria debe comprometerse a aceptar as condicións que sinala o regulamento de réxime interno da casa, para a súa estancia, así como o caso de que exista unha ordenanza reguladora de aplicación, deberá cooperar economicamente conforme a ditas previsións, minorándose no importe dos pagamentos efectuados, a achega para o pagamento dos prazos comprometidos pola deputación.

##### 2.Dos Servizos Sociais do concello solicitante:

O concello de procedencia da usuaria realizará a xestión da praza nas casas de acollida con servizo de reserva. Cursarán a petición de ingreso á deputación, e emitirán os informes que se precisen. Así mesmo se comprometen a realizar o seguimento e coordinación co servizo de casa de acollida, e coa usuaria, ata que esta cause baixa nel, colaborando desde o seu ámbito ó desenvolvemento do proxecto de traballo que elaboren con casa de acollida e a propia usuaria.

Así mesmo poderán ser convocados os servizos sociais municipais pola deputación, para avaliar resultados do servizo de prazas de acollida, ofertado pola deputación.

### 3.Do Servizo de Casa de Acollida:

A Dirección da Casa de acollida comprométese a comunicarlle a esta deputación, as altas e baixas que se produzan nas prazas reservadas. Cando se trate dun ingreso urxente, que non fora solicitado por escrito, deberá realizarse a dita comunicación no día seguinte hábil. Así mesmo se compromete á coordinación cos Servizos Sociais do municipio de procedencia, durante a estancia, elaborado coa usuaria e o concello citado, o proxecto de traballo, as propostas de prórroga de estancia, ou a de baixa da usuaria, que lle remitirá á deputación, indicando en ámbolos casos, a causa que a motiva.

Igualmente, cando proceda segundo o convenio, haberá de lle remitir a memoria ou informes sobre o funcionamento do servizo.

#### c)Requisitos para a estancia, prórroga e baixa na casa.

Establécese un período de oito días, desde o ingreso no centro, durante o cal, a usuaria e o Servizo de Casa de Acollida valorarán a conveniencia da súa permanencia en réxime de acollida, realizando pasado ese prazo unha proposta de baixa, á deputación, se procede ou acordando as condicións da estancia, mediante a elaboración dunha proposta de plan de traballo, definindo nel, os obxectivos iniciais que se perseguen, para remesalo ós servizos sociais municipais.

A permanencia no centro dispórase inicialmente mediante Resolución da Presidencia da deputación polo período de tres meses. Transcorridos estes, poderase solicitar unha prórroga razoada, ata o límite de tres meses máis.

A prórroga deberá ser solicitada pola usuaria do servizo, remitíndoa a casa de acollida, esa petición, co seu informe ó concello de procedencia, o cal deberá emitir informe sobre a dita solicitude, para a concesión da prórroga pola deputación.

A baixa efectiva no servizo sexa pola causa que fora, debe ser comunicada a esta deputación pola casa de acollida, sinalando a causa pola que se produciu. Poderá producirse por pedimento da usuaria ou por proposta da casa de acollida ou do concello de procedencia da usuaria”.

### **TERCEIRO.-**

Modifícase o apartado quinto do convenio quedando redactado nos termos seguintes:

“Quinto”

#### SEGUIMIENTO E VIXENCIA DO CONVENIO.

A deputación realizará anualmente un informe sobre o seguimento e evolución do servizo de prazas reservadas en casas de acollida, para dar conta del ós concellos da provincia e ó concello asinante deste convenio.

A casa de acollida remitirá os datos que lle sexan solicitados para realizar o dito informe, de non figurar na memoria explicativa remitida coas solicitudes de pagamento do convenio.

O presente convenio terá unha vixencia anual e entenderase prorrogado por anos naturais, quedando condicionada a dita prórroga á existencia do crédito orzamentario correspondente.

A súa denuncia farase con anterioridade ó derradeiro trimestre do ano anterior a aquel no que se considere incluído.

O incumprimento das súas cláusulas dará lugar á rescisión del.

Calquera modificación pactada entre ámbalas institucións poderá incluírse como anexo.

Faise constar que este convenio foi aprobado polo acordo plenario con data do

E en proba de conformidade asinan o presente anexo en exemplar cuadriplicado, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL

O ALCALDE-PRESIDENTE DO  
CONCELLO DE SANTIAGO

Asdo. José Luis Torres Colomer

Asdo. Francisco Xosé Sánchez Bugallo

O SECRETARIO DA DEPUTACIÓN

Asdo. José Luis Almau Supervía

## ANEXO Ó CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE FERROL SOBRE SERVICIOS DA CASA DE ACOLLIDA DE MULLERES EN SITUACIÓN DE EMERXENCIA.

A Deputación da Coruña mantén un convenio de colaboración asinado o 4 de novembro de 1992 co concello de Ferrol mediante o cal, establécese o apoio económico da deputación, para o sostemento do servizo especializado de Casa de Acollida para Mulleres en situación de emerxencia, e ademais, concértase un número de prazas reservadas para usuarias de concellos da provincia, que carecen de recursos.

O dito convenio permite cumprir os fins propios da provincia, expresados no art. 101.2 da Lei 5/97 de Admón. local de Galicia, que son garantir a solidariedade e o equilibrio intermunicipais, así como executar as competencias establecidos no art. 22 da Lei 4/93, de servizos sociais de Galicia.

Na cláusula quinta do convenio, establécese.

“calquera modificación, pactada entre ámbalas institucións, poderá incluírse como anexo”.

Publicadas as disposicións da Consellería de Familia relativas a requisitos dos centros de acollida, e en concreto a Orde do 1 de abril de 1997, ámbalas partes consideran oportuno a sinatura dunha adenda ó convenio, coa finalidade de ampliar a dita colaboración, incrementando o número de prazas establecidas no convenio, referíndoas a un total de prazas/día, e desenvolver algúns aspectos, como o procedemento de ingreso na casa, os compromisos asumidos polas partes implicadas, a determinación do período de estancia e o seguimento do convenio.

Para isto, o Ilmo. Sr. Presidente da Excma. Deputación da Coruña D. José Luis Torres Colomer e D. Xaime Bello Costa, alcalde-presidente do Concello de Ferrol

### **ACORDAN**

#### **PRIMEIRO.-**

Manterse o apartado 1º e 2º do convenio, que se modifican nos termos seguintes:  
“Primeiro”.-

#### **OBXECTO DO CONVENIO**

O concello de Ferrol pon a disposición da deputación para o seu uso polos concellos da provincia que o demanden, o servizo de casa de acollida para mulleres en situación de emerxencia e os seus fillos.



“Segundo”

#### ACHEGA PARA A CASA DE ACOLLIDA MUNICIPAL E PRAZAS RESERVADAS PARA CONCELLOS DA PROVINCIA.

A colaboración económica da deputación concrétese nas contías e fins seguintes:

Para axuda ó sostemento de gastos da casa de acollida municipal, a deputación achegará a cantidade de 8.471,75 €por persoa e ano.

Será compatible con outras axudas públicas e privadas sempre que o importe delas non supere o custo anual da actividade.

Polo servizo de casa de acollida a disposición dos concellos da provincia, en número 2 prazas reservadas, aboarase a contía de 23,21 euros/praza/365 días que ascende ó total de 16.943,50 €ano.

Para o exercicio 2002, a contía correspondente á praza que se incrementa en relación ó contido do convenio anterior, percibirase realizando o cálculo proporcional do custo, a partir da sinatura do anexo ó convenio, en que se efectuará a dita reserva.

As cantidades correspondentes tanto polo concepto de subvención para gastos de mantemento, coma o custo/praza das reservadas, experimentarán a partir do 1 de xaneiro de 2003, e nas anualidades sucesivas, o incremento determinado no índice de prezos ó consumo.”

#### **SEGUNDO.-**

Modifícanse os apartados terceiro e cuarto do convenio, coa redacción seguinte:

“Terceiro”.-

#### PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN

O pagamento destas cantidades, polos conceptos expresados farase efectiva con cargo á partida orzamentaria 0701/313L/226.99, do vixente orzamento, despois da petición presentada polo concello en dous prazos.

No primeiro trimestre do ano, efectuarase a achega correspondente á axuda para gastos de mantemento da casa de acollida municipal, e o primeiro prazo correspondente a seis meses dos prazos reservados pola deputación.

A petición da Administración municipal, remitirase coa memoria do servizo de casa de acollida, referida ó funcionamento e financiamento da casa de acollida, no exercicio anterior, e no caso de non estar incluído na dita memoria, acompañarase informe sobre a evolución do servizo de reserva de prazas, a disposición de concellos da provincia concretado coa deputación, e do orzamento previsto para o exercicio en curso, da casa de acollida.

O segundo pagamento do custo das prazas reservadas, poderase solicitar, despois de transcorrido o primeiro semestre do ano.

Os pagamentos requirirán, informe da Sección de Servizos Sociais, do Servizo de Patrimonio e Contratación e da Intervención da Deputación.

A efectividade dos pagamentos establecidos neste convenio poderá materializarse pola vía de compensación, establecida no art. 109 da Lei de bases de réxime local.

“Cuarto”

#### PROCEDEMENTO PARA O INGRESO, COMPROMISOS, ESTANCIAS, PRÓRROGAS E BAIXAS.

A) Procedemento para o ingreso:

A canle de acceso ó servizo de acollida que oferta a deputación son os Servizos sociais Municipais, e efectuarase mediante solicitude do alcalde, que supón asumir os compromisos que no convenio se refiren ós servizos sociais municipais do lugar de procedencia da usuaria, solicitude que irá acompañada de informe social, e remitida á Presidencia da deputación.

Os citados servizos municipais, consultarán previamente coa Dirección da Casa de Acollida, sobre a existencia de prazas libres, e darán conta disto na súa solicitude, á deputación.

Despois de recibida a petición sobre o ingreso da usuaria resolveraa a Presidencia, dando conta disto ó concello solicitante, para que proceda á ocupación necesaria.

En situacións de emerxencia, poderá procederse ó ingreso a petición razoada, verbal ou escrita dos Servicios Sociais Municipais, dirixida á Dirección da Casa de Acollida, ou a propia interesada poderá ser recibida na casa, xa sexa directamente ou por emisión dos servicios administrativos, sanitarios ou xudiciais que se encontren actuando, dando conta, a Dirección, no seguinte día hábil á deputación, dese ingreso, para que poida remitir o caso ós Servicios Sociais municipais do concello de procedencia e solicitar a documentación correspondente.

Será flexible a admisión de madres con nenos, non contando como ocupación de prazas reservadas o ingreso de nenos que non ocupen coma de adultos, estimándose que concorre esa circunstancia en todo caso, nos que non superen a idade de dous anos.

#### B)Compromisos das partes.

Os compromisos para o funcionamento do servicio, serán os seguintes:

##### 1.Da usuaria:

A usuaria debe comprometerse a aceptar as condicións que sinala o regulamento de réxime interno da casa, para a súa estancia, así como o caso de que exista unha ordenanza reguladora de aplicación, deberá cooperar economicamente conforme a ditas previsións, minorándose no importe dos pagamentos efectuados, a achega para o pagamento dos prazos comprometidos pola deputación.

##### 2.Dos Servicios Sociais do concello solicitante:

O concello de procedencia da usuaria realizará a xestión da praza nas casas de acollida con servicio de reserva. Cursarán a petición de ingreso á deputación, e emitirán os informes que se precisen. Así mesmo se comprometen a realizar o seguimento e coordinación co servicio de casa de acollida, e coa usuaria, ata que esta cause baixa nel, colaborando desde o seu ámbito ó desenvolvemento do proxecto de traballo que elaboren con casa de acollida e a propia usuaria.

Así mesmo poderán ser convocados os servicios sociais municipais pola deputación, para avaliar resultados do servicio de prazas de acollida, ofertado pola deputación.

##### 3.Do Servicio de Casa de Acollida:

A Dirección da Casa de acollida comprométese a comunicarlle a esta deputación, as altas e baixas que se produzan nas prazas reservadas. Cando se trate dun ingreso urxente, que non fora solicitado por escrito, deberá realizarse a dita comunicación no día seguinte

hábil. Así mesmo se compromete á coordinación cos Servicios Sociais do municipio de procedencia, durante a estancia, elaborado coa usuaria e o concello citado, o proxecto de traballo, as propostas de prórroga de estancia, ou a de baixa da usuaria, que lle remitirá á deputación, indicando en ámbolos casos, a causa que a motiva.

Igualmente, cando proceda segundo o convenio, haberá de lle remitir a memoria ou informes sobre o funcionamento do servicio.

c)Requisitos para a estancia, prórroga e baixa na casa.

Establécese un período de oito días, desde o ingreso no centro, durante o cal, a usuaria e o Servicio de Casa de Acollida valorarán a conveniencia da súa permanencia en réxime de acollida, realizando pasado ese prazo unha proposta de baixa, á deputación, se procede ou acordando as condicións da estancia, mediante a elaboración dunha proposta de plan de traballo, definindo nel, os obxectivos iniciais que se perseguen, para remesalo ós servicios sociais municipais.

A permanencia no centro dispórase inicialmente mediante Resolución da Presidencia da deputación polo período de tres meses. Transcorridos estes, poderase solicitar unha prórroga razoada, ata o límite de tres meses máis.

A prórroga deberá ser solicitada pola usuaria do servicio, remitíndoa a casa de acollida, esa petición, co seu informe ó concello de procedencia, o cal deberá emitir informe sobre a dita solicitude, para a concesión da prórroga pola deputación.

A baixa efectiva no servicio sexa pola causa que fora, debe ser comunicada a esta deputación pola casa de acollida, sinalando a causa pola que se produciu. Poderá producirse por pedimento da usuaria ou por proposta da casa de acollida ou do concello de procedencia da usuaria”.

### **TERCEIRO.-**

Modifícase o apartado quinto do convenio quedando redactado nos termos seguintes:

“Quinto”

**SEGUIMIENTO E VIXENCIA DO CONVENIO.**

A deputación realizará anualmente un informe sobre o seguimento e evolución do servicio de prazas reservadas en casas de acollida, para dar conta del ós concellos da provincia e ó concello asinante deste convenio.

A casa de acollida remitirá os datos que lle sexan solicitados para realizar o dito informe, de non figurar na memoria explicativa remitida coas solicitudes de pagamento do convenio.

O presente convenio terá unha vixencia anual e entenderase prorrogado por anos naturais, quedando condicionada a dita prórroga á existencia do crédito orzamentario correspondente.

A súa denuncia farase con anterioridade ó derradeiro trimestre do ano anterior a aquel no que se considere incluído.

O incumprimento das súas cláusulas dará lugar á rescisión del.

Calquera modificación pactada entre ámbalas institucións poderá incluírse como anexo.

Faise constar que este convenio foi aprobado polo acordo plenario con data do

E en proba de conformidade asinan o presente anexo en exemplar cuadriplicado, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL

O ALCALDE-PRESIDENTE DO  
CONCELLO DE FERROL

Asdo. José Luis Torres Colomer

Asdo. Xaime Bello Costa

O SECRETARIO DA DEPUTACIÓN

Asdo. José Luis Almau Supervía”

### 13.- CONVENIO DA CAMPAÑA DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS 2002.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1º.-Aprobar o modelo de convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos da provincia que asinen convenio coa Xunta de Galicia para a campaña de actuación contra os incendios forestais do ano 2002.

2º.-Incluír na citada campaña ós concellos que se relacionan, en concordancia coa información achegada pola Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia.

3.-Aprobar a achega da deputación por un importe que ascende a 3.010 euros por cuadrilla e mes supoñendo un total de 81 cuadrillas, segundo se relacionan de seguido e cunha duración 2 e 2,5 meses de actuación, por un importe total de 600.495 euros.

CONCELLO	CUADRILLAS	MESES	TOTAL
AMES	1	2,5	7.525
ARANGA	1	2,5	7.525
ARTEIXO	1	2,5	7.525
ARES	1	2,5	7.525
ARZÚA	1	2,5	7.525
A BAÑA	1	2,5	7.525
BERGONDO	1	2,5	7.525
BOIMORTO	1	2,5	7.525
BOIRO	1	2,5	7.525
BOQUEIXÓN	1	2,5	7.525
BRIÓN	1	2,5	7.525
CABANA DE BERGANTIÑOS	1	2,5	7.525
CAMARIÑAS	1	2,5	7.525
CAMBRE	1	2,5	7.525
CARBALLO	1	2,5	7.525
CARNOTA	1	2,5	7.525
CEDEIRA	1	2,5	7.525
CEE	1	2,5	7.525
CERCEDA	1	2,5	7.525
CERDIDO	1	2,5	7.525
CESURAS	1	2,5	7.525
COIRÓS	1	2,5	7.525
CORISTANCO	1	2,5	7.525
CULLEREDO	1	2,5	7.525
CURTIS	1	2,5	7.525
DUMBRÍA	1	2,5	7.525
FENE	1	2,5	7.525
FRADES	1	2,5	7.525
IRIXOA	1	2,5	7.525

A LARACHA	1	2,5	7.525
LOUSAME	1	2,5	7.525
MALPICA DE BERGANTIÑOS	1	2,5	7.525
MAÑÓN	1	2,5	7.525
MAZARICOS	1	2,5	7.525
MELIDE	1	2,5	7.525
MESÍA	1	2,5	7.525
MIÑO	1	2,5	7.525
MUGARDOS	1	2,5	7.525
MUXÍA	1	2,5	7.525
MUROS	1	2,5	7.525
NARÓN	1	2,5	7.525
NEGREIRA	1	2,5	7.525
NOIA	1	2,5	7.525
ORDES	1	2,5	7.525
ORTGUEIRA	1	2,5	7.525
OUTES	1	2,5	7.525
OZA DOS RIOS	1	2,5	7.525
PADERNE	1	2,5	7.525
PADRÓN	1	2,5	7.525
O PINO	1	2,5	7.525
A POBRA DO CARAMIÑAL	1	2,5	7.525
PONTECESO	1	2,5	7.525
AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ	1	2,5	7.525
PORTO DO SON	1	2,5	7.525
RIANXO	1	2,5	7.525
RIBEIRA	1	2,5	7.525
ROIS	1	2,5	7.525
SADA	1	2,5	7.525
SAN SADURNIÑO	1	2,5	7.525
SANTA COMBA	1	2,5	7.525
SOBRADO	1	2,5	7.525
TEO	1	2,5	7.525
TOQUES	1	2,5	7.525
TORDOIA	1	2,5	7.525
TOURO	1	2,5	7.525
TRAZO	1	2,5	7.525
VALDOVIÑO	1	2,5	7.525
VAL DO DUBRA	1	2,5	7.525
VEDRA	1	2,5	7.525
VILASANTAR	1	2,5	7.525
VILARMAIOR	1	2,5	7.525
ZAS	1	2,5	7.525
CARIÑO	1	2,5	7.525
CARRAL	1	2,5	7.525
ABEGONDO	1	2,5	7.525
NARÓN	1	2	6.020

TEO	1	2	6.020
VAL DO DUBRA	1	2	6.020
OUTES	1	2	6.020
ROIS	1	2	6.020
MAZARICOS	1	2	6.020
TOTALES		81	600.495

4º.-Facultar á Presidencia para introducir na relación anterior as modificacións que se deriven dos acordos entre a Xunta de Galicia e os distintos concellos da provincia.”

**14.- TOMA DE COÑECEMENTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E O COLEXIO OFICIAL DE FUNCIONARIOS DA ADMINISTRACIÓN LOCAL PARA A COLABORACIÓN NO DESENVOLVEMENTO E IMPLANTACIÓN DUN SISTEMA LOCAL DE XESTIÓN.**

Dáse conta do convenio de colaboración entre a Deputación e o Colexio Oficial de Funcionarios da Administración Local para colaborar do desenvolvemento e implantación dun sistema local de xestión.

**15.--APROBACIÓN DO PROXECTO DE TERMINACIÓN POR RESOLUCIÓN DE CONTRATO E CAMBIO DE MÓDULOS DA OBRA "CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL O PINGUEL-BOUZA" DO CONCELLO DE PONTECESO, INCLUÍDA NA 6ª FASE DA ANUALIDADE 1998 DO PLAN 2000 DEPORTES 1998-2001. CÓDIGO 98.3420.0065.0**

INTERVENCIONS

Sr. Rodríguez Doval

Indicar que tanto neste punto 15, como no 16, que pertencen á mesma comisión, a nosa posición vai ser a que foi xa na propia reunión, de abstención, dado que nos dous proxectos que se traen hoxe aquí hai un incremento de orzamento que estaba inicialmente previsto, entón, ímonos abster, como dixer, no 15 e no 16, tamén.

VOTACIÓN

Votan a favor: 25 deputados (14 do PP e 11 do PSOE)  
Votan en contra: ningún deputado  
Abstéñense: 4 deputados (BNG)



## ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da Comisión:

“Vista a Resolución da Presidencia nº 625 do 29 de xaneiro de 2002, pola que se procedeu á resolución de contrato da obra denominada “Campo de fútbol municipal o Pinguel-Bouza, módulos 2, 3, 4a, 5 e 6a” do concello de Ponteceso, co código 98.3420.0065.0, incluída na 6ª fase da anualidade 1998 do Plan 2000 deportes.

Vista a solicitude presentada polo concello de Ponteceso relativa ó cambio de módulos que se han executar na obra, que pasan a ser os módulos 5-6b.

Visto o proxecto de terminación presentado polo Servicio Provincial de Arquitectura no que se recollen obras necesarias para a terminación das obras de acordo cos novos módulos solicitados.

1º.-Aprobar por un importe total de 448.027,9 sobre o orzamento de contrata, o proxecto de finalización da obra “Campo de fútbol municipal O Pinguel-Bouza, módulos 5 e 6b” do concello de Ponteceso, co código 98.3420.0065.5.

Aprobar, así mesmo, a modificación do financiamento por razón do incremento experimentado no orzamento do proxecto de finalización da obra que ascende a 18.529,1 sobre contrata.

Con isto, os datos de financiamento da obra, ofrecen o seguinte resumo:

<b>Proxecto de terminación (Código 98.3420.0065.5)</b>	
<b>Achegas</b>	<b>Orzamento de contrata</b>
Deputación	390.075,82
Concello	57.952,08
<b>Total</b>	448.027,9

2º.-Someter este expediente a exposición pública polo prazo de 10 días mediante a publicación dun anuncio no BOP co obxecto de que se formulen as alegacións que se estimen oportunas, así como remitilo polo mesmo prazo para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local.

No caso de non presentárense alegacións ou reclamacións a el, entenderase definitivamente aprobado.”

**16.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA "CAMPO DE FÚTBOL DE ABELLA" MÓDULO 2" DO CONCELLO DE FRADES, INCLUÍDA NA 1ª FASE DA ANUALIDADE 2000 DO PLAN 2000 DEPORTES. CÓDIGO 00.3420.0130.0**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 25 deputados (14 do PP e 11 do PSOE)  
Votan en contra: ningún deputado  
Abstéñense: 4 deputados (BNG)

**ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da Comisión:

“1º.-Aprobar por un importe total de 147.591,96 euros sobre o orzamento de contrata, o proxecto reformado da obra: “Campo de fútbol de Abella-módulo 2” (código 00.3420.0130.0), que foi incluída na 1ª fase da anualidade 2000 do Plan 2000 deportes, aprobada polo Pleno da Deputación na sesión celebrada o 29.09.00.

Aprobar, así mesmo, a modificación do financiamento por razón do incremento experimentado no orzamento do proxecto reformado que ascende a 9.228,83 € sobre contrata e 8.582,81 € sobre adxudicación, séndolle asignado ó proxecto reformado o código nº 00.3420.0130.5.

Este incremento financiarao integramente a deputación.

Con isto, os datos de financiamento da obra, calculados sobre o orzamento de contrata, ofrecen o seguinte resumo:

Código reformado:	FINANCIAMENTO DEFINITIVO	TOTAL
	Anualidade 2000	Anualidades
<b>00.3420.0130.5</b>		
Deputación	142.002,55	142.002,55
Conc. F. Propios	5.589,41	5.589,41
<b>Total.....</b>	147.591,96	147.591,96

2º.-Someter este expediente a exposición pública polo prazo de 10 días mediante a publicación dun anuncio no BOP co obxecto de que se formulen as alegacións que se estimen oportunas, así como remitilo polo mesmo prazo para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local.

No caso de non presentárense alegacións ou reclamacións a este, entenderase definitivamente aprobado.”

## **17.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA A CONSTRUCCIÓN E REFORMA DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS 2002-2006**

### INTERVENCIONES

Sr. Presidente

Hai unha emenda presentada polo grupo socialista que ten dereito a defendela.

Sr. Fernández Moreda

Efectivamente, o grupo socialista presentou unhas emendas a este convenio de cooperación entre a Xunta de Galicia e a deputación, pero antes de pasar á defensa das emendas, gustaríame presentar unha emenda *in voce* para defendela e que se votase, e unha vez que se votase, en caso de que non fose aprobada, pasaría, se vostede mo permite, a defender as emendas que presentamos.

A emenda *in voce* é unha emenda para deixar sobre a mesa e retirar este proxecto de convenio para mellor estudio, e dicimos de retirar porque non é a primeira vez que se asina un convenio, este é o cuarto convenio que se asina entre a Deputación e a Xunta de Galicia, e é un convenio mediante o cal a deputación achega unha serie de fondos para financiar instalacións deportivas en colaboración coa Xunta de Galicia e sobre o cal non temos coñecemento, non sabemos qué pasa con ese convenio nin as incidencias que ó longo da vida dese convenio se producen. Houbo deficiencias na actuación, en materia deportiva, e de feito sabemos que hai empresas que se retiraron das obras, empresas que crebaron, empresas que suspenderon prazos, e non coñecemos nada do que pasa.

Por outra parte, tamén está indeterminado quen contrata, porque parece ser que iso a comisión é a que vai definir se contrata a Xunta, se contrata a deputación, se contratan os concellos, e ante o que vimos do funcionamento destes convenios, gustaríanos que se aclarase este tema e se lle dese maior competencia ós concellos á hora de contratar esas obras e que non se deixase dunha forma indeterminada.

E tamén se vemos a cláusula transitoria única que se nos propón neste convenio, nela dise que no prazo de tres meses seguintes á sinatura do presente convenio, a Comisión de Seguimento desta procederá a confeccionar a liquidación do estado de execución do convenio 2 e do convenio 3, sobre instalacións deportivas, e entendemos que antes de que a deputación asine o convenio novo coa Xunta, necesitaríamos saber o grao de execución dos convenios que están aínda en vigor, e unha vez que coñezamos o grao de execución valorar se paga a pena seguir con este tipo de actuacións, ou buscar outras actuacións novas.

(Entra o Sr. Pose Miñones).

Polo tanto, é criterio do grupo socialista, mentres que non coñezamos esta avaliación, non coñezamos o que pasou efectivamente co convenio 2 e o convenio 3, non paga a pena dar pasos, deixando ademais cousas indeterminadas, como veremos despois se non se acepta a retirada da mesa, como queda neste texto que se nos propón.

Polo tanto, Sr. presidente, o grupo socialista *in voce* presenta unha emenda que consiste en que se retire ou se deixe sobre a mesa este punto, para mellor estudio, unha vez que coñezamos como foi a avaliación dos convenios anteriormente asinados e que aínda se encontran en vigor.

Sr. Varela Rey

En principio para amosar o noso voto contrario a que quede sobre a mesa a solicitude da emenda *in voce* do representante do PSOE. Entendemos que é un convenio que vén de hai tempo, que é un convenio que leva moito tempo logrando importantes resultados, fundamentalmente de participación, un convenio que como ben coñece o voceiro do PSOE, involucra ás tres institucións, á Xunta, á deputación e ó concello beneficiario da instalación; un convenio que ten un carácter obxectivo e que ten unha serie de parámetros, eu creo que facilmente son recoñecidos por todos, e que afecta, con carácter global a todos e cada un dos concellos da provincia; que iso permite ir fixando e mellorando as instalacións deportivas en boa medida. Polo tanto, nosoutros entendemos que o convenio no só debe seguir tendo vixencia, senón que é desexable e que é procedente, e que é razoable, porque é unha demanda permanente de todos os concellos para que desde a institución da deputación, neste caso, que é a que promove, xuntamente coa Xunta de Galicia, para que siga levando a cabo este tipo de actuacións.

Moitas gracias.

(Entra no salón o Sr. Rodríguez Rodríguez).

A continuación sométese a votación a emenda sobre a retirada do punto da orde do día.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 15 deputados (11 do PSOE e 4 do BNG)

Votan en contra: 16 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado.

#### **Sr. presidente**

Decae a proposta, polo tanto, pode defender a súa emenda presentada por escrito.

#### **Sr. Fernández Moreda**

Eu quixera dicir en primeiro lugar que este convenio non nos gusta, certo que é o cuarto que se vai asinar e que quen lles fala foi o impulsor do primeiro convenio que se celebrou entre a Xunta e a Deputación para financiar instalacións deportivas na provincia, pero despois de dez anos de vixencia destes convenios, creo que paga a pena facer un alto no camiño, reflexionar, facer unha avaliación de cómo funcionou e cambiar o que haxa que cambiar, se é que hai algo que cambiar, que nosoutros vemos que si é necesario.

Ese é un convenio opaco, como moitos que asina a deputación, opaco e arbitrario, porque deixa amplas marxes de discrecionalidade na aplicación do convenio, e é un convenio opaco porque unha vez que se aprobe isto aquí desaparece da deputación, e os grupos da deputación, que temos unha misión fundamental, que é a de controlar e fiscalizar a acción de goberno, estamos impedidos de exercer esa función, porque non temos acceso a nada do desenvolvemento dese convenio, e gustaríanos coñecer as incidencias que ó longo da vida do convenio vanse producindo, e gustaríanos coñecer tamén as decisións que esa comisión, que vai xestionar o convenio, vai adoptar. Neste senso, nosoutros propoñemos tres emendas que creo que, se se vai facer o convenio, melloran sustancialmente o contido dese convenio, e son emendas que van destinadas a eliminar arbitrariedades, a eliminar marxes de discrecionalidade, e a taxar as actuacións que se van tomar con diñeiros públicos.

A primeira emenda refírese á cláusula terceira do convenio, onde di “Determinación das obras”, que suporía incluír un parágrafo novo entre o segundo e terceiro parágrafo; ¿qué diría esta emenda?, pois diría que “As decisións da comisión serán motivadas e deberá reflectirse esta motivación nas actas das reunións, tales actas serán postas a disposición da Comisión Informativa de Planes Especiais, Contratación e Equipamento da Deputación

provincial”. ¿Qué queremos, ou qué pretendemos con esta emenda?, fiscalizar, ter a documentación suficiente para poder exercer unha das funcións básicas que ten unha deputación en calquera Administración, en calquera goberno, perdón, que ten a oposición en calquera goberno, en calquera Administración, poder fiscalizar e controlar. E queremos que as decisións se materialicen en actas, que estas decisións sexan motivadas e que nosoutros coñezamos esas decisións e a motivación que as sustenta. Eu creo que o que estamos pedindo é o mero exercicio dunha función democrática que nos corresponde como deputados que somos.

A segunda emenda fai tamén referencia á terceira cláusula deste convenio na que se deixa unha gran marxe de discrecionalidade para a arbitrariedade, e unha gran indeterminación, cando di que “A achega dos concellos ó financiamento das obras, susceptible de aprobación no ámbito do convenio, terá que ser o 33%”, pero segue dicindo o convenio que, non obstante, esta achega poderase ver reducida ata un máximo de 15 puntos porcentuais cando se trate de actuacións básicas en concellos de menos de 15.000 habitantes. A este punto témolle dúas emendas, unha que creo que mellora o texto, que é que en vez de dicirse, poderase ver reducida, que se diga, verase reducida, e todos aqueles que cumpran con este requisito, terán reducida a achega 15 puntos, e non vai quedar suxeito á interpretación de ninguén, é un dereito que teñen e recólleo o convenio, e tamén nos gustaría que todo o mundo, que os concellos que van participar ou que van enviar obras para seren financiadas ó abeiro deste convenio, saiban o que é actuacións básicas, porque isto é un concepto indeterminado, ¿qué é unha actuación básica?, ¿a que decida a comisión no momento de ver os proxectos?, non, cada concello, cando faga as súas solicitudes, terá que saber que é unha actuación básica e que se o cumpre terá dereito a unha redución de quince puntos porcentuais. Eu creo que con esta emenda estamos mellorando o espírito do convenio e estamos mellorando o asentamento democrático deste convenio.

No caso de que esta segunda emenda non fose admitida, someteríamos tamén a votación outra emenda, que suprimiríamos o parágrafo, é dicir, non hai para ninguén, todo o mundo ten que apostar o 33%.

E a terceira emenda hace referencia ó apartado c) de la cláusula décima, que dice: “Excepcionalmente a comisión poderá eximir ós concellos de efectuar as achegas económicas naqueles casos en que os investimentos levados a cabo en fases anteriores polo concello, puidesen xustificar tal proceder”. Eu creo que deberíamos tamén eliminar a palabra “poderá” pola de “eximirase”, aínda que en boa xustiza o que deberíamos de facer era suprimir este parágrafo porque non ten moito senso este parágrafo, porque imaxinemos que un concello fixera un investimento de 100 millóns de pesetas nun pavillon polideportivo, segundo esta cláusula ese concello podería verse eximido de pagar o 33% da súa achega, e hai asemade outro concello que tamén pide unha instalación deportiva, pero que non gastou 100 millóns nun pavillón polideportivo, pero si que os gastou nun abastecemento de auga, e

¿por qué imos a primar ó concello que no exercicio das súas competencias decidiu facer unha instalación deportiva sobre outro que, no exercicio tamén das súas competencias, decidiu facer un abastecemento de auga?, non ten ningún senso. Polo tanto, pediríamos tamen que se correxise e que se eliminasen estas cláusulas, que son imprecisas, que son xurídicamente indeterminadas, e que deixan un amplo campo para a discrecionalidade.

E estas son as emendas que o grupo socialista presenta a este convenio coa Xunta de Galicia, advertindo que este convenio non nos gusta, advertindo que haberá que valorar a efectividade e o funcionamento dos convenios anteriores, antes de asinar un novo convenio, e advertindo que, se por calquera circunstancia, este grupo socialista, despois das eleccións, ten que estar chamado a responsabilidades de goberno, nosoutros imos denunciar este convenio, e ponemos tódalas trabas que se poidan pór para facelo doutra forma se é necesario, e buscar solucións que impidan a arbitrariedade e impidan a indeterminación como está contido nestas cláusulas que agora estamos discutindo.

#### Sr. Rodríguez Doval

A verdade é que o noso grupo cando na reunión do pasado día 17 procedeu o presidente da comisión a facer a proposta de retirar o tema da orde do día da comisión, á parte de escusarnos unha intervención porque iamos pedilo alí, pareceunos que o valoraba o responsable, o presidente, que o contido dos diferentes informes que figuraban no expediente tiñan un calado suficiente como para rebobinar, como se adoita dicir, neste tema, e reconsiderar a toma, digamos, a modificación de aspectos importantísimos que se contiñan dentro deses informes. Xa sabemos que os informes técnicos son informes técnicos, pero para ben ou para mal son a base tamén á hora de orientar as decisións que se toman aquí. E nun tema desas características, cando se trata de facer unha planificación nunha cuestión tan importante, e a un prazo tan longo de tempo, e tendo en conta que se está condicionando tamén a unha futura corporación, hai que andar cos pés de chumbo, como se adoita dicir.

A verdade é que cando vimos que na reunión do luns, na do 22, traíase outra vez de novo o tema a Pleno, pero non se recollían practicamente máis nada ca cuestións de carácter moi pouco substancial, pero os temas de fondo quedaban sen tocar, quedamos, en certa maneira, defraudados porque vimos que todo o traballo que se fixo nesos informes, que son para considerar, non é obrigatorio telos en conta, pero téñense que considerar, pois vemos que realmente o proxecto de convenio que se traía non distaba moito do inicialmente presentado.

Eu quería lembrar aquí que nosoutros, non soamente non estamos en contra, senón que creo que nos puxemos sempre en primeira liña para favorecer no que se poida desde esta institución, a política de cooperación interinstitucional. Quero lembrar ademais aquí que nosoutros propuxemos ó principio desta lexislatura unha política que partira primeiro dunha

racionalización dos instrumentos de cooperación local que ten a propia deputación para ir nun segundo escalón a unha política de colaboración coa Xunta de Galicia, incluso cos propios concellos.

Pensamos que iso hai que facelo porque desgraciadamente os recursos públicos son uns recursos limitados, non se pode atender a todo o que hai que atender e, polo tanto, a racionalización deses recursos é unha cuestión de carácter primario, pero quería empezar por algo que xa comentou tamén antes o voceiro do grupo socialista.

Ó contrario do que nos pasaba nalgúns ocasións, e levamos certo tempo falando aquí, eu creo que desde o primeiro convenio que se asinou, ó principio podería ser unha presunción de se o funcionamento dos convenios ía ser bo ou non, estabamos falando un pouco sen unha base documental e sen unha base práctica concreta. Un período como o que levamos agora que é practicamente de once anos, xa nos permite facer unha lectura total e absolutamente completa de por onde estamos pinchando, por dicilo tamén dunha maneira coloquial. Entón, temos os resultados dunha práctica nun período suficientemente ilustrativo para saber onde hai que rebobinar.

E quería empezar precisamente polo tema en cuestión, o tema do balance deste período de funcionamento do convenio, ese decenio largo de tempo onde aínda no día de hoxe, non logramos saber, e non sería polas veces que, en concreto e especificamente por parte do noso grupo, solicitouse así, non logramos saber cuál é a situación real, cuál é o balance real da posta en marcha deses sucesivos convenios, porque non se pode entender por balance un listado que se presenta, que está efectivamente moi ben elaborado como xa nos pasou nalgúns ocasións, pero onde máis nada que se recollen incidencias técnicas, de se unha obra se fixo, non se fixo, pero nosoutros queremos saber máis ca iso, queremos saber con qué criterios se están aplicando, nunha palabra, os convenios, e cáles están sendo os resultados, porque se entenderá que aquí o que se persegue é modificar un status, é dicir, o que se persegue é que a deputación colabore coa Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia para ter máis achegas económicas e, polo tanto, modificar a situación infraestructural dos concellos en materia deportiva. Polo tanto, nunca logramos, nunca logramos saber aquí cuál era ese balance, é mais, a propia lectura dos informes que se presentan aquí, ós que xa me refería, indican, dunha maneira eu creo que clarísima, e sen ningunha intencionalidade, senón máis ca unha lectura, digamos racional, dos temas, que efectivamente iso non está funcionando ben.

Pero eu creo que hai tres temas que son fundamentais, á parte dalgún dos que xa apuntou o voceiro do grupo socialista, pero nosoutros queremos ir un pouco máis ó fondo, porque realmente nos preocupa este tema, xa máis de raíz.



En primeiro lugar, eu creo que o punto de partida para calquera actuación, sobre todo cando se fai unha actuación conveniada cunha institución, que por certo é a que ten a competencia, e hai que dicilo aquí, que é a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, cando se fai iso o primeiro que hai que pór sobre a mesa é a radiografía do corpo no que se vai actuar, nese caso a radiografía do estado das infraestructuras deportivas no conxunto da provincia. ¿Temos xa a radiografía desa situación?, pois é evidente que non, remítome, e voume remitir en toda a miña intervención a parágrafos específicos dos informes que aquí se presentan. Páxina 2 do informe de Patrimonio e Contratación, punto 2: “No expediente non consta a situación actual da provincia da Coruña no que se refire a instalacións deportivas. Co fin de elaborar os criterios obxectivos precisaríase...” -é dicir, non existen, precisaríase-, “dispoñer, polo menos, da seguinte información: número de instalacións deportivas...”, en fin, aí hai un decálogo inmenso de actuacións ou de criterios que se poderían seguir para saber realmente cál é o punto de partida onde estamos, cál é a nosa realidade e cál é o medio sobre o que temos que actuar. Claro, se iso non existe, despois todo iso é consecuencia do anterior, se non se actúa, se non hai un camiño que nos marque a institución onde imos actuar, non soamente imos mal porque imos a rastro porque o que estamos facendo é indo con outra Administración, que é a que move os fíos aquí, que é a Secretaría Xeral para o Deporte, a isto referireime despois, senón que ademais non sabemos sobre qué realidade estamos actuando.

En segundo lugar, ¿temos criterios, ou existen os criterios explícitos, definidos polos que se van incluír ou non os concellos e as obras específicas deses concellos? Ben, na páxina 4 do informe que fai o Servicio de Xestión de Plans, dise que: “... Non se conteñen no borrador que se está analizando, criterios relativos á prioridade de actuación naqueles concellos en situación económica máis desfavorecida, que presentan unha maior necesidade ou carencia en materia de infraestructuras.” E despois di: “... Tamén se deberían de ter en conta factores tales coma o número de habitantes de cada concello, número de instalacións deportivas existentes en cada concello, modalidades deportivas que se practica...” etc., etc., etc., é dicir, non hai criterio de ningún tipo, non sabemos cal vai ser o mecanismo sobre o que se vai actuar.

A maiores, noutro dos informes que se nos presentan aquí, en concreto no de Patrimonio e Contratación, volvo outra vez, unha cousa que para nosoutros é importantísima, é dicir, ¿vaise garantir, vai existir algún mecanismo que garanta o principio de publicidade, de igualdade e de coñecemento por parte de todos os concellos?, porque estamos falando aquí dunha cuestión básica, é dicir, se iso non existe, nosoutros a pregunta que facemos é cómo se vai ordenar todo isto, ¿quen vai decidir os concellos?, ¿en base a que?, se non hai análises da situación da provincia e se non hai criterios racionais para aplicar, criterios que ademais se poidan cotexar, ¿de que maneira se van definir?, pois leo o parágrafo desta páxina 1, do informe de Patrimonio e Contratación, que di literalmente que “...Non se establece un período de información pública conforme ó principio de publicidade e igualdade, co fin de

que todos os concellos dentro do prazo establecido” -cuestión eu creo que de sentido común para calquera Administración-, “formulen as súas solicitudes en modelos formalizados nos que se detalle claramente a documentación que se vai achegar”, e estamos falando aquí de algo moi serio que habería que ter dalgunha maneira regulado.

En terceiro lugar, hai un calendario para o desenvolvemento do convenio, unha vez que se marquen esas prioridades, e abro comiñas no de prioridades, porque xa sabemos cómo van ser, porque non hai mapa de situación da provincia, e non hai criterios que se van aplicar, polo tanto, as prioridades serán algo parecido a prioridades, marcadas dunha maneira moi unidireccional.

Na páxina 3 do propio informe de plans dise, no tocante ó tema dos prazos que “ Non se establece no texto que se está analizando un calendario de desenvolvemento do convenio, unha programación cronolóxica detallada de execución das obras ou instalacións onde se debería de fixar un prazo mínimo para a convocatoria de solicitudes”, volvo ó anterior, “de inclusión de instalacións deportivas, redacción de proxectos técnicos, aprobación de obras, planificando a execución das obras no relativo ós prazos, á contratación e á execución”.

E finalmente temos, e dado que somos Administración acompañante, e permítaseme a expresión, porque si que o somos, e neste caso ademais acompañante sen saber o rumbo concreto, que é a peor forma de acompañar unha persoa, non saber exactamente onde vai, ¿sabemos como Administración acompañante da Secretaría Xeral para o Deporte, cál vai ser o mecanismo que nosoutros -na medida en que contribuimos tamén economicamente, e que non soamente pola contribución económica, senón porque tamén nos interesa vertebrar en infraestructuras deportivas o conxunto da provincia, e facer unha lectura cada certo tempo de cal está sendo o resultado- cál vai ser o mecanismo de seguimento que vai haber para a xestión deste convenio? ben, pois de novo noutro dos parágrafos, en concreto na páxina 3 do informe de Patrimonio e Contratación dise, apartado 4: “No tocante á xestión do convenio, e especialmente a contratación das obras, caberían principalmente dúas opcións, unha sería a delegación por parte da Xunta de Galicia...”, etc., etc., é dicir, que non se aclara cál vai ser realmente, incluso no que respecta ó tema da contratación, cál vai ser o seguimento que se vai facer de todo este tipo de “planificación” e entrecomiño verdadeiramente o de planificación, porque a min paréceme que é xusto o contrario do que debe de ser unha planificación.

Poderíamos continuar con máis consideracións, pero simplemente quíxeme parar nesas tres ou catro, porque eu creo que afectan ó principal: de onde se parte, cales son os criterios e cales son os mecanismos de seguimento. Entón, pasado ese período de dez anos longos, nosoutros pensamos que efectivamente, aquí xa se apostou claramente por continuar nunha vía única e exclusivamente de financiamento da comunidade autónoma, sen

importarnos en absoluto, sen manter os criterios mínimos no tocante ó seguimento, e remítome a documentos que non lin aquí, porque xa dixen que non quería entrar neles, pero que explicitan claramente que está habendo problemas moi serios por parte desta Administración, unha das financiadoras deste convenio, que está habendo moitos problemas para facer o seguimento das obras, incluso a posteriori, é dicir, xa non falamos do que se decide, do que se fai, senón de saber o que se está facendo.

Polo tanto, nosoutros cremos que a proposta de convenio que se trae hoxe aquí, por iso tamén lle demos o voto positivo a que quedara o tema sobre a mesa, porque hai razóns poderosísimas de fondo que afectan a temas que son fundamentais, e que eu creo que deixan claro que a proposta de convenio que trae o grupo popular sitúa a actuación que se vai facer de cara ó futuro, na indeterminación, na falta de transparencia, na ausencia de racionalidade e ademais, por unha sumisión desta deputación á comunidade autónoma, e digo o de extraña sumisión porque hai escasos meses saía un artigo nun medio de comunicación que falaba de cal era a política de colaboración da comunidade autónoma coas deputacións, e é curiosísimo o caso da Deputación da Coruña, a relación de convenios que se asinan entre as deputacións e a comunidade autónoma, no caso da Coruña é inversamente proporcional, o resto o que fai a Xunta de Galicia é financiar as deputacións, e no caso da Deputación da Coruña, o que fai a Deputación da Coruña é financiar á Comunidade autónoma, e sobre iso poderíamos discutir, e se iso se fixera por criterios políticos e con visión de futuro, ata ó mellor nos parecía ben na liña de racionalizar o funcionamento das Administracións públicas, o que pasa é que non se está facendo por iso, porque despois a lectura que facemos deste tránsito de once anos é que non se fai, simplemente, e que ademais non mantemos o rigor mínimo no seguimento do que se está a facer.

Polo tanto, xa digo, o noso criterio era que o tema quedara sobre a mesa e no caso concreto da proposta que se trae, que ademais houbo tempo e pensamos que se deben de ter mellorado, o noso voto, se é que efectivamente non se produce a retirada, como así xa é, e non hai modificacións substanciais, o noso criterio vai ser de voto negativo, pero porque ademais pensamos que sería este o momento de reconducir esta actuación despois dun período tan longo de tempo e de marcar outros criterios que nosoutros o que non estamos cuestionando neste momento é seguir colaborando coa comunidade autónoma, enténdase ben, todo o contrario, senón que o que estamos é dándolle o noso voto a un proxecto de convenio concreto que sei como é, e desde logo que deixa moi tirado por terra calquera mínimo de participación, de transparencia e, desde logo, dun mínimo rigor de seguimento por parte dunha das Administracións que asinan o convenio que, neste caso, é a deputación da Coruña. Polo tanto, reitero o noso voto negativo.

Sr. Varela Rey

Se se me permite, empezar por dúas afirmacións que por parte do representante do BNG facíanse, como é o que teño máis fresco, xa empezo por aí. O BNG, apuntando a liña permanente en determinados aspectos que se veñen debatendo aquí, manifesta que colaboración, coordinación, corresponsabilidade, pero isto non lle gusta, si pero non, non pero si, depende pero xa veremos, pero todo está mal. A maiores, cando fala doutras deputacións, imaxino que coñecerá á perfección cal é a achega doutras deputacións á Xunta de Galicia, ¿non será que coñece demasiado a outras deputacións e, ó mellor, non coñece a da propia Deputación provincial?, eu creo que é un aspecto de demagogia, e que hai determinadas afirmacións que hai que ser cautelosos á hora de facelo. “é que a Xunta coas outras deputacións...” pero seguramente que se poñemos os datos encima da mesa, o que fai a Deputación da Coruña, igual cas outras deputacións, é manter un equilibrio co que é o goberno autonómico, en ningún caso a Deputación da Coruña ten unhas relacións diferentes de participación, de colaboración, no goberno autónomo. E tamén, en todo caso, esa relación que se establece de colaboración sempre vai ir en beneficio dos concellos e directamente dos habitantes de cada concello.

E cando se fala de que non sabemos, descoñecemos, non temos información suficiente, entón cínguense ó que aparece nun parágrafo escrito e, ó mellor, esquécense da realidade, ó mellor o que fan é cingirse a unha liña que aparece nun escrito e esquécense da realidade, ¿cal é a realidade da provincia da Coruña?, ¿que nos últimos tempos non se melloran as infraestructuras deportivas?, pois eu creo que substancialmente, todo é mellorable, pero cada concello hoxe tivo participación de actuacións a través de plans de deportes. Este aspecto que sinala este convenio de colaboración permite, indo ó 33%, involucrar á Xunta, á Deputación provincial e, moi importante, que cada concello ten que arriscar, ten que empezar por pór e por ir por diante para dicir, non, eu teño moito interese nesta obra e eu tamén estou disposto a pór. Iso significa a participación dos concellos, a autonomía municipal. ¿Cales son os criterios de selección de obras?, ¿quen é o que primeiro selecciona a obra deportiva que quere facer? é o concello. ¿Por que nosoutros lles imos indicar cáles son as obras de infraestrutura deportiva?, non, é que eu teño que marcar que a primeira obra de infraestrutura deportiva son as pistas de atletismo, se ó mellor o concello non é ese o interese que teñen os seus cidadáns, ¿quen marca as preferencias de participación, de demanda do que necesita?, é o concello o que presenta o proxecto, presenta os terreos e di, ademais estou disposto a participar, a pór o gran de corresponsabilidade dentro das Administracións.

Dea unha volta por aí, ¿cantos campos de fútbol se fixeron novos a través deste convenio?, ¿cantas piscinas cubertas e climatizadas que se non é por un plan deste tipo, de amplo consenso e de ampla participación se poden levar a cabo?, ¿cantos polideportivos cubertos nas mellores condicións se realizaron?, ¿cantas pistas polideportivas descubertas en cada unha das parroquias dos nosos concellos se levaron a efecto?, e agora poden mirar o pepeliño onde pon o reparo, non sei que, non sei canto, pero a realidade ¿cal é?, que

mellorou a infraestrutura deportiva brutalmente, pode mellorar máis, ben é certo, e loxicamente tamén niso está o goberno para dar maior calidade, por isto tamén está para continuar con este convenio de colaboración.

Non hai criterios, home, eu creo que ó mellor en lugar de encargarse de ver o das outras deputacións, ó mellor incluso non era mal que leran o apartado 3 da proposta de convenio, o punto 3, no apartado a, dise: “Atenderanse con carácter prioritario aquelas actuacións que se pretendan en concellos nos que non se executaron obras en convenios anteriores, 92-94, 94-97, 97-2001, para que con carácter universal se incorpore todo o mundo”, ¿iso non é un criterio?, non sei se é un criterio que lle agrade ó BNG ou ó grupo socialista, pero en todo caso parece que é un criterio de xustiza, razoable e moi importante. E o apartado b: “Terán preferencia aquelas actuacións que estando previstas en convenios anteriores, non fora posible a súa contratación”.

Eu creo que aparece perfectamente sinalado cál é o desenvolvemente, cales deben ser os procesos a través de formulación de convenios e obxectivos.

Cando se fala tamén no apartado c), que é un dos aspectos que emendaba o portavoz do grupo socialista, onde di: “Como regra xeral, a achega municipal ademais da repercusión económica que poida ter o cumprimento dos compromisos que a adhesión xerará, ascenderá ó 33% do investimento total do establecido. Non obstante, esta achega poderá verse reducida ata un máximo de 15 puntos porcentuais, cando se trata de actuacións básicas en concellos de menos de 15.000 habitantes”. Teño que subraiar que desde o goberno popular, a Deputación provincial nunca se utilizou esta excepción, aparece aí por se nun momento determinado fora necesario, por se surxiran algúns aspectos puntuais que aconsellaran esa situación, pero en todo caso, ese sería, tal como se sinala aí, o carácter excepcional.

Reitero, hai unha autonomía municipal desexable, que é quen presenta os proxectos, hai unha historia, unha realidade, que é innegable, hai unha aplicación práctica permanente nas instalacións, hai un grao de satisfacción de todos os concellos e dos usuarios e, polo tanto, creo que a maiores hai un balance altamente positivo en todos os concellos, ese sentido de colaboración e de coordinación e de participación e carácter global, eu creo que sempre son aspectos que hai que atender. E respecto á intervencións do voceiro socialista, vou facer unicamente tres comentarios.

Un primeiro cando fala, os obxectivos xa se colocan así en liña, opaco, arbitrario e discrecional. O convenio data de cando o grupo socialista estaba na Presidencia no goberno municipal. Home, eu quero crer que se algo é opaco no 2002, unha pizca de opacidade debería de ter antes, unha pizca de arbitrario cando menos, e unha pizca de discrecional tamén, xa non entrando en que fora a mesma situación ca hoxe, se iso se previra naquel

momento, tamén ó mellor habería que empezar a corrixir. Entón, eu pregúntome ¿como se chega desde o grupo socialista a esta conclusión, de que é opaco, arbitrario e discrecional?, repito, cando menos, paréceme sorprendente. O que intúo é unha especie de desconfianza cara ós criterios de aplicación que se está realizando, e eu creo que non parece bo que cando se promova este convenio se promova desde a confianza institucional, e cada un non é o que ten que aplicar, o que antes se solicitaba como confianza agora vólvese desconfianza, non parece que sexa a mellor relación.

Cando agora se di que hai un amplo campo de discrecionalidade, pois entendería se se dixera, “home, hai un pequeno campo e habería que correxilo”, é dicir, se agora hai un amplo campo, quere dicir que xa había campo, e se agora hai, tamén que non nos gusta, así con carácter categórico, eu entendería dicir, é mellorable, pois seguramente, agora algo que se fai ou que se prevé nunha determinada situación, parece que os cambios non deberan de ser tan substanciais, creo que en todo caso, dáme a impresión que é un pequeno vaivén que se produce nesta pretensión, ou nunha visión, cando menos, que non realista da situación.

Creo que este convenio é bo, este convenio é bo para todos os concellos, para os cidadáns da provincia, ten todos aqueles aspectos que deben de ser inherentes á actual Administración pública e, polo tanto, nosoutros solicitamos que en ben dos cidadáns desta provincia, que merecería o apoio unánime de todos os grupos políticos.

Moitas gracias.

Sr. Rodríguez Doval

Moi brevemente, porque a verdade é que o Sr. Varela non deixa de sorprendeme como el le entre liñas, e mesmo ás veces le fóra das liñas, neste caso leu fora das liñas porque sempre está falando de cousas que eu non dixen. Soamente espero que este período vacacional sirva para curarlle a vostede esa especie de permanente preocupación que ten porque somos os do non, xa lle dixen que aínda vostede segue andando co manual, e o manual xa non se leva, o que se leva é a práctica política, e a práctica política di todo o contrario, en fin que esa liña permanente da que vostede fala de si pero non, eu creo que no fondo é que vostede non presta atención ás nosas intervencións, non se interesa moito polo que nosoutros dicimos, e aplica o manual, e iso é tremendo porque claro, é como aplicar un código de circulación para xogar ás cartas, non serve, entón é unha equivocación.

Eu non lle dixen a vostede que todo está mal. Aquí hai unha proposta de convenio, e sobre esa proposta de convenio hai uns informes, e a min moléstame especificamente, que vostede diga que eu miro o parágrafo escrito e esqúezome da realidade, porque vostede o que me está dicindo é que o parágrafo escrito non ten nada que ver coa realidade, iso é un pouco duro. Entendo eu que os servicios que fixeron os informes faríanos en base a unha

realidade, eu non son persoa que saliente precisamente por facer loanzas a ninguén, que ademais non llas quero facer, que cada un ten as súas, pero moléstame que vostede utilice un argumento que eu creo que é tamén rebuscado, é dicir, os informes están feitos sobre a realidade, por certo, unha realidade de dez anos e algo quererá dicir. E aínda que non estivera nos informes, tamén algúns dos que levamos certo tempo aquí, algo sabemos tamén do tema. Polo tanto, nosoutros non miramos o parágrafo escrito, temos o parágrafo escrito aí porque o parágrafo analiza a realidade. E entón, ¿cal é a realidade?, ¿a que vostede pinta? Cando vostede me estaba falando, eu pechaba os ollos e vía ós cidadáns de toda a provincia saíndo ás rúas aplaudindo, contentos que estamos cos convenios da Xunta, esa non é a realidade. E o noso grupo non está cuestionando que se estean facendo investimentos, pero vostede falábame dunha institución que reparte diñeiro, e esa é a gran diferenza, e eu fállolle dunha institución que programa ou planifica, ou programa planificando, ou planifica programando, seguimos nese debate. Estamos falando de cousas distintas, eu non lle estou falando de como se reparten xes miles de millóns de euros, estoulle falando de cousas diferentes, cómo se crea con criterios, e imos ó dos criterios.

A vostede parécelle serio lerne o parágrafo onde di que: “Terán preferencia aquelas actuacións que estando previstas en convenios anteriores, non fora posible a súa contratación...”, ou que “terán preferencia aqueles que non entraron noutros convenios”, ¿vostede cre que iso é un criterio?, pois eu podoo pensar que non. Pois ó mellor, un concello non ten interese en catro anos, ou en cinco convenios, de entrar en ningún convenio, porque non lle interesa, porque non está na súa prioridade, non sei por qué se ten que facer explícito no convenio que o que non entrou ten que entrar. Eu, sen embargo, creo que os criterios ¿que son?, saber a realidade da que se parte, aplicar, por exemplo, saber, número de clubs deportivos, de escolas deportivas que ten o concello, infraestructuras deportivas que existen, que non existen, demandas, etc., etc., iso son criterios. ¿Onde están no convenio?, ¿pódeme dicir onde están?, como se non souberamos aquí, despois de dez anos, como se meteron algúns concellos, como se non o souberamos, ou cómo se van meter outros, que xa sabemos cómo se van meter outros, porque hai alcaldes que xa están vendendo que xa están metidos no convenio, ¿ou aquí non lemos os medios de comunicación?, porque hai promesas de tipo político, por parte dalgún organismo, e non precisamente por parte desta deputación.

Entón, ben, que vostede se queira tapar os ollos paréceme moi ben, pero non mos tape a min, a realidade cadaquén ve a súa, pero hai cousas que son como son, e non hai criterios, e os criterios explicitados nalgún dos informes desta casa, que podemos facerlle caso ou non, pódenos gustar ou non, pero entenderase que a persoa que os fixo é porque sabe de algo. E, por certo, voulle dicir que algúns deses criterios si que os aplican vostedes, por exemplo na definición ou na aplicación para a baremación que se fai cando se reparte o Plan de obras e servicios, ¿por que se chegou aí?, pode ser discutible, pero hai criterios. A min pódeme gustar que pese máis o esforzo fiscal, o número de habitantes ou o número de parroquias, pero si que hai algún tipo de criterio, o que non me pode gustar é que me digan

que terán preferencia os que non entraron, ben, moi ben, pois ó mellor non teñen que ter preferencia, fíxese vostede, non sei por qué teñen que ter preferencia, se ademais despois non vai ser así. Xa verá vostede como algúns dos que entraron, repiten, e senón, xa llo direi, xa faremos aquí un balance dentro de dous ou tres anos.

Polo tanto, eu creo que o gran debate que hai aquí, e a min aí si que me gusta ser serio, podemos discrepar, non temos un proxecto de país igual, non temos un proxecto incluso de como se debe de traballar desde a deputación igual, pero eu creo que o que é evidente é que non se pode tirar pola borda a opinión dun grupo político dicindo que a liña permanente, e non sei que, e todo está mal, non está todo mal, este convenio está moi mal, este convenio está soberanamente mal, porque ademais vén acompañado de toda unha serie de informes que non hai por onde collelo, soamente por unha decisión política, moi apresurada, de chegar pronto, ben, pois en fin, vostedes teñen a maioría, pero vostede non me diga que non hai unha carpeta chea de informes baseándose en toda unha práctica de dez anos que di que isto fai auga por todos os sitios, e eu ánimoo a vostede, á parte de contar o número de pavillóns e de instalacións, e de campos de fútbol, que conte outra cousa, porque creo que unha persoa coma vostede, que leva certo tempo no cargo no seu concello, debéra de saber que supoño que a xestión pública non son quilómetros de camiño, e metros de cable e número de farolas, será algo máis ca todo iso. Entón vostede, como ademais sabe que todos os veciños lle pedirán moitas cousas e vostede non as pode dar todas, aquí temos que facer o mesmo, entón ¿cales podemos dar?, as que teñen unha prioridade, ¿como se marca a prioridade?, con criterios, ¿hai criterios?, non, polo tanto, este convenio non é bo.

E non é que digamos a todo que non, nin que nada, todo está mal, non, este convenio é do que estamos falando, non lle estou falando a vostede, que ademais non son eu persoa precisamente que veña aquí dicindo que todo está mal e vostedes teñen... eu sempre falo de cousas concretas, pódome equivocar pero eu si que estou falando do que hai.

E eu ánimoo a vostede, xa digo, despois deste período vacacional, a romper esa certa dinámica que ten cada vez que fala o Bloque Nacionalista Galego e sobre todo a prestarnos un pouco máis de atención, que eu tamén lla presto a vostede e sei do que fala vostede, e interpreto do que fala vostede, pero vostede ás veces cando fala do que nosoutros falamos é que non se decata do que estamos dicindo.

Sr. Fernández Moreda

Eu das intervencións que escoitei dos grupos da oposición non vin ningunha negativa a asinar convenios e colaborar e coordinarse coa Xunta, ó contrario. O que puxemos de manifesto é que, antes de asinar un novo convenio, parécenos necesario ter unha avaliación de cómo funcionaron os anteriores, e ver a que deu lugar, cómo se funcionou, cál foi o



resultado, facemos unha análise e facemos unha proposta nova de actuación, non nos negamos a coordinarnos e asinar convenios, negámonos a repetir as cousas mecanicamente, e o que era bo hai once anos, pode non ser bo agora. Hai once anos eu asinei como presidente da deputación un convenio, o primeiro convenio de colaboración coa Xunta de Galicia, porque entendía que debíamos de buscar a colaboración e a cooperación entre as dúas Administracións, porque estabamos repetindo plans que se solapaban, e era absurdo competir, cando estabamos financiando as mesmas obras, o normal é poñerse de acordo, e naquel momento asinamos un convenio que foi ese, e tivo que asinarse ese porque non podía ser doutra forma, pero once anos despois podemos analizar, ver os resultados e tomar decisións novas, e eu creo que a isto ninguén se pode negar, é unha cuestión de sentido común.

Polo tanto non me vale que diga “é que o que vostede está propoñendo agora, hai once anos era doutra forma”, pois si era doutra forma, porque eran outras circunstancias, e déase conta que era un goberno do grupo socialista, ou do Partido Socialista, e foi o Partido Socialista o que buscou ese encontro, porque cría que era bo, e como iso propuxemos outras moitas cousas máis, como o Plan único para as obras e servicios, e outras moitas cousas máis que, ende mal, non se fixeron, e entendemos que ese é o camiño. Pero chega un momento en que hai que reflexionar, é dicir, a colaboración si, a cooperación si, pero ¿e a descentralización? porque si é certo que esta deputación é contribuínte neto da Xunta de Galicia, esta deputación achega máis diñeiro ós orzamentos da Xunta que o diñeiro que achega a Xunta á Deputación provincial, isto é inconcebible, non é razoable, iso non é descentralización. Eu creo que a descentralización baseada en que a Administración máis próxima ó cidadán xestione os recursos, eu creo que o principio de subsidiariedade era o que deberíamos de ter en conta para abordar as colaboracións, hai once anos non era posible, hoxe eu creo que si é posible, porque o mundo avanzou, e camiñou, e hai conceptos máis asentados, mesmo entre a propia cidadanía.

E unha vez que dixemos que este convenio non nos gustaba, e que antes de asinalo deberíamos de revisar a aplicación dos demais, propuxemos unhas emendas que melloran substancialmente o contido do texto do convenio. É dicir, vostede di que hai unha cláusula de excepción que nunca se utilizou, pois se nunca se utilizou, e como é perversa, suprímaa, e que xoguen todos en igualdade de condicións, porque iso dá lugar a arbitrariedades, e a arbitrariedade está prohibida expresamente no texto constitucional.

Eu creo que as emendas que propón o grupo socialista son sensatas, razoables e lóxicas, buscando dúas cousas: primeiro, ter capacidade para controlar a aplicación dos fondos públicos que nosoutros temos que controlar, e segundo, buscar a transparencia no gasto que se fai cos fondos desta deputación que temos que controlar. Eu creo que isto é razoable o solicitalo, porque é que se está poñendo de moda en moitas Administracións a creación de organismos autónomos, que o que fan é sacar do orzamento desa

Administración, unha cantidade inxente de diñeiro para furtar o control democrático dese diñeiro por parte das persoas que teñen a responsabilidade, o deber e dereito de controlar como se gasta ese diñeiro, organismos autónomos que se crean e elúdese o debate do orzamento, elúdese a política salarial, non falo da deputación, Sr. Erias, estou falando en xeral das Administracións, a política salarial, a política de contratación, a política de control orzamentario, e ó final en vez de asentar a democracia, estamos poñendo atascos ó exercicio da democracia e ó exercicio do control, porque en democracia é gobernar, pero democracia é exercer a oposición tamén, e o mesmo dereito que uns teñen a gobernar, é o mesmo que outros teñen a controlar, e o mesmo deber que uns teñen de gobernar, é o mesmo deber que outros teñen para exercer o labor que o pobo lles deu, que neste caso é de oposición, de control de oposición.

Non paga a pena seguir expoñendo as razóns que expuxemos para defender os nosos votos. Eu creo que o Sr. voceiro do grupo popular non entendeu nada, ou entendeu todo, e como entendeu todo foise nas súas respostas fóra de camiño, o que si lle podo dicir é que ten a maioría absoluta, ten a maioría para gañar esta votación, e vencerán porque teñen os votos, pero non convencen porque non teñen a razón.

#### Sr. Varela Rey

A razón, ¿onde está? ¿E a razón tense se se acepta a emenda un e a dúas? Hai unha diferenza ó final de concepto.

Emenda un: “As decisións da comisión serán motivadas”, eu diría que son motivadas, son motivadas nestes momentos, pero tamén teño a completa seguridade de que eran motivadas cando gobernaba o grupo socialista, é dicir, non teño por qué desconfiar da actuación nese senso. Suponse que cando hai unha comisión, que motiva as cousas, ou ¿que ocorre?, ¿que hai unha perversión permanente cando se teñen que tomar decisións sobre aspectos que inciden nos concellos?, eu teño unha crenza positiva de que iso non é así e négome a crer nunha permanente desconfianza e nunha permanente crenza de que é negativo cando temos que decidir sobre aspectos de motivación e de interese.

A emenda dúas sinala que os concellos de menos de 15.000 habitantes, que non deben de participar no 33%, iso si que é unha modificación substancial. A emenda dúas, non obstante, ata 15.000 habitantes, poderá verse reducida, non, verase reducida, verase reducida, entendo que se suprimiría a participación do 33%, non é así, pois polo tanto, habería que sinalar en qué termos se faría esa redución. Entón, nosoutros entendemos que ese primeiro convenio nace coa achega para todo o mundo do 33% e que o carácter excepcional, unicamente é carácter excepcional, non é arbitrario. Non se pode entender cando se pon con carácter excepcional, como que aquí pode haber arbitrariedade.

O que hai once anos era bo, hoxe pode non ser tan bo, ou pode non ser tan aplicable, ou porque a situación vai cambiando, o que me nego a crer era que o que hai once anos era bo, que hoxe sexa arbitrario, opaco e discrecional, négome rotundamente. E cando se fala de descentralizar, creo que a mellor descentralización é a que lle comento eu do proceso deste tipo de convenio. A ver se non entendemos cómo se leva a cabo, e os membros desta deputación coñecen á perfección como se leva a cabo o proceso, ¿onde nace a petición de instalación?, nace no concello; ¿habrá maior carácter de descentralización que cando o proxecto nace por iniciativa dos concellos?, eu creo que non, creo que xusto aí é onde hai a gran diferenza da visión que nosoutros temos deste convenio coa que ten o Bloque. Eu creo que esa é a gran diferenza.

(Abandona o salón o Sr. Rey Moreno).

Eu escoito sempre con toda a atención, o que pasa é que, por máis que me esforzo en ver nalgún apartado o carácter positivo, non o collo, non o percibo, cústame, porque si é a permanente, si pero non, eu sígoo mantendo.

Mire, cando falaba, a ver se o entendín ben, e se non o entendín, solicito desculpas, de que había que ter, ou que qué instalacións ten este concello, se ten tres pistas polideportivas, unha piscina descuberta, un pavillón, ou un campo de fútbol, ¿tiñamos que sabelo nosoutros?, pois eu creo que non, esa é a diferenza; ¿sabe quen o ten que saber?, o alcalde e os veciños, para que á hora de facer a programación eles deseñen e debuxen o que entenden que é máis importante, a iso falo eu da diferenza de ter autonomía municipal ou ter un carácter intervencionista de que alguén di “non, é que todo o mundo ten que facer unha pista de chave, e ten que ter en cada parroquia unha pista de chave”, pero se hai concellos que non lles importa para nada esa instalación, ¿por que imos ter nós que sinalar o que debe ir facendo cadaquén?, eu creo que é xustamente o contrario, eu creo que aí é onde realmente hai a gran discrepancia cos grupos políticos.

Eu repito que todo é mellorable, e con ese ánimo e con ese criterio sempre está o grupo de goberno, mesmo atendendo ás propostas do grupo da oposición onde, efectivamente, cando nosoutros vemos que hai razóns de peso, non temos ningún reparo en modificar, en atender, en incorporar, só faltaría, facémolo ademais con agrado e con cariño, pero eu creo que neste caso concreto non se fai así, e creo que o que se debe é ir aplicando este proceso de cooperación e de coordinación, e de dar a participación para que os concellos vaian sinalando cáles son as instalacións deportivas que máis interesan ós seus cidadáns.

Imaxino que quedou claro que votariamos en contra das emendas presentadas polo grupo socialista. Moitas gracias.

De seguido procédese a votar as emendas presentadas polo PSOE.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 10 deputados (PSOE)

Votan en contra: 16 deputados (PP)

Abstéñense: 5 deputados (4 do BNG; 1 do PSOE, por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presente no intre da votación - art. 74.1 do Regulamento orgánico).

Decaen as emendas e procédese a votar o punto número 17.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 16 deputados (PP)

Votan en contra: 14 deputados (10 do PSOE e 4 do BNG)

Abstéñense: 1 deputado (PSOE, por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presente no intre da votación - art. 74.1 do Regulamento orgánico).

### **ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Aprobar o convenio Xunta-Deputación Provincial da Coruña para construír e reformar instalacións deportivas municipais durante os anos 2002, 2003, 2004, 2005 e 2006, que foi remitido pola Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, co texto que figura no anexo que se xunta.

2.-Comprometerse a deputación a incluír nos orzamentos provincial de 2003, 2004 e 2005, crédito suficiente para financiar a achega provincial ás respectivas anualidades, co importe que se contén na cláusula II do convenio e que se indica a seguir:

ANUALIDADE DE 2.003 .....	2.253.795 Euros
ANUALIDADE DE 2.004 .....	2.253.795 Euros
ANUALIDADE DE 2.005 .....	2.253.795 Euros

Para a anualidade 2002 suplementouse crédito na partida orzamentaria do convenio 0501/452D/60173 no vixente orzamento provincial, polo importe da achega establecido para esta anualidade na cantidade de 2.253.795 euros.

3.-Aprobar conforme co establecido no artigo 155.5 da Lei 39/88, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, a modificación das porcentaxes dos gastos de carácter plurianual destinados ó financiamento das obras nas anualidades 2002, 2003, 2004 e 2005, que quedan establecidos tal e como se indican no apartado precedente.

4.-Facultar á Presidencia par subscribir o convenio de colaboración.

### **CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

Santiago de Compostela,        de        de dous mil dous.

#### **REUNIDOS**

O EXCMO. SR. D. MANUEL FRAGA IRIBARNE PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA.

O ILMO. SR. D. JOSÉ LUIS TORRES COLOMER, PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN DA CORUÑA

Actuando, respectivamente, en virtude das habilitacións, establecidas na Lei 1/993, do 23 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e do seu presidente, e na Lei 5/1997 do 22 de xullo de Administración local de Galicia, e dos acordos adoptados para o efecto polo Consello da Xunta de Galicia e o pleno da Deputación Provincial da Coruña, e para tal efecto.,

#### **EXPOÑEN**

O éxito acadado no Iº, IIº e IIIº Convenio de cooperación asinado entre a Xunta de Galicia e as Deputacións Provinciais, sobre instalacións deportivas, subscrito para o período 1992/94, 1994/1997 e 1997/01, aconsella reiterar de novo o concerto de vontades e actuacións das Administracións sinatarias, conscentes de que a mellora da práctica deportiva demanda un investimento constante encamiñado a satisfacer-la demanda social existente.

A experiencia obtida na xestión dos Convenios que constitúen antecedentes directos do presente, xustifica a introducción de mecanismos correctores de disfuncionalidades detectadas no proceso de materialización das achegas económicas dos concellos adheridos ó tempo que se consideran, igualmente, as modificacións que ó respecto ten introducido a entrada en vigor do Real decreto legislativo 2/2000 do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das Administracións públicas.

Con idéntico fundamento na experiencia acadada ó longo dos últimos dez anos de coordinación administrativa na xestión dos procesos administrativos precisos para a contratación das obras, obxecto final dos convenios asinados, tense posto de manifesto que os obxectivos perseguidos, a coordinación do investimento que permita un salto cualitativo no nivel de equipamento deportivo existente, poden alcanzarse seguindo a forma establecida no IIIº convenio, é dicir, sen necesidade de facer recaer-la totalidade da responsabilidade da xestión administrativa sobre unha soa das administracións asinantes.

Con base nesta orientación o IVº Convenio de cooperación, representa a continuidade no plano dos obxectivos -a mellora da infraestrutura deportiva da provincia- e nos mecanismos que o sustenta, a coordinación libre e voluntariamente concertada. Froito da experiencia na súa implementación continúaase a xestión compartida que permite que as Administracións asinantes se responsabilicen en igual medida, da xestión administrativa do pactado, o que comporta que fixados os investimentos do modo previsto no Convenio a súa materialización se encomende a cada unha das partes sinatarias.

O obxectivo que se ha alcanzar, o volume do investimento que se precisa para facelo realidade e a propia ordenación e asignación competencial en materia deportiva, xustifica a actuación conxunta de diversas Administracións, coordinando a súa actuación cara a consecución de metas que lles son comúns.

Así, a Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía de Galicia no seu artigo 27.22 establece a competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de promoción do deporte, que se concretou na Lei 11/1997, do 22 de agosto, xeral do deporte de Galicia.

Ademais no marco da lexislación básica de réxime local (Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local), a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia establece, dunha parte, a competencia xenérica dos concellos, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades autónomas, en varias materias, entre as que se inclúen as actividades e instalacións deportivas (art. 80.2), doutra, establece que os concellos de máis de 20.000 habitantes teñen obriga de presta-lo servicio de instalacións deportivas de uso público (art. 81.c); e finalmente encoméndalles ás deputacións provinciais a coordinación dos servicios municipais entre si para garanti-la prestación integral e axeitada de servicios públicos en todo o territorio da provincia (art. 109.1.a)

Sustenta o presente convenio o ánimo de exercer-las competencias atribuídas ás Administracións sinatarias e a dotación das instalacións deportivas precisas ó deporte federado e a cidadanía en xeral.

Para tal efecto, a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña, subscriben o presente convenio que se suxeitará ás seguintes

## CLÁUSULAS

### I. OBXECTO DO CONVENIO

É o obxecto do presente convenio establece-las bases de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña é fixa-las achegas económicas de ámbalas dúas Administracións que fagan posible a construción e reforma das instalacións deportivas que, no seu día se determine, no período de 2002-2006.

A sinatura deste convenio deixa subsistente e non extingue as obrigas contraídas polas partes, no marco do Iº, IIº e IIIº convenio de cooperación, que no día da data non se atoparan satisfeitas. Na acreditación do seu cumprimento observaranse as prescricións de aplicación en razón do convenio de orixe.

### II.FINANCIAMENTO

Os investimentos necesarios para a construción das instalacións deportivas que, conforme o presente convenio se determinen, serán financiados pola Xunta de Galicia e Deputación Provincial sinataria, conforme ó procedemento arbitrado no presente convenio:

A) A Xunta de Galicia achegará con cargo ós presupostos da Secretaría Xeral para o Deporte, as cantidades que se indican conforme á distribución nas seguintes anualidades:

\*XUNTA DE GALICIA, Secretaría Xeral para o Deporte, aplicación presupostaria:  
04.03.355A.622.1

*ANUALIDADE DE 2002	90.000.- euros
*ANUALIDADE DE 2003	1.051.500.- euros
*ANUALIDADE DE 2004	2.252.500.- euros
*ANUALIDADE DE 2005	2.553.000.- euros
*ANUALIDADE DE 2006	3.143.000.- euros

B) A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

*ANUALIDADE DE 2002	2.253.795.- euros
*ANUALIDADE DE 2003	2.253.795.-euros
*ANUALIDADE DE 2004	2.253.795.- euros
*ANUALIDADE DE 2005	2.253.795.- euros

Os referidos importes imputaranse nas sucesivas fases do gasto, á aplicación presupostaria do respectivo presuposto provincial, tal e como se sinala no acordo adoptado, en sesión plenaria, o día            de            de 2002.

Únese como anexo da presente certificación de tal punto.

- C) As achegas económicas anteriormente mencionadas poderán verse incrementadas polos importes que, para idénticas finalidades, acheguen os concellos ou outras entidades públicas que, conforme ós mecanismos previstos no presente, acorden a súa adhesión a este convenio ou, con base nos compromisos de investimento que no presente se contraen, conveñan o coofinanciamento de investimentos programados, baixo calquera forma de colaboración interadministrativa.
- D) En cumprimento do disposto no artigo 58.2 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia ou orzamento provincial, aprobado por Real decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, a realización ou autorización de gastos de carácter plurianual, con base nos compromisos contraídos no apartado A precedente, subordinaranse ós créditos que para cada exercicio se consignent nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

### **III.-DETERMINACIÓN DAS OBRAS**

A proposta para a determinación concreta das obras que se han executar na provincia da Coruña e o importe estimado do presuposto delas será efectuada pola comisión á que se refire a base oitava (VIII) integrada para este efecto pola representación da Secretaría Xeral para o Deporte e a Deputación Provincial sinataria do presente convenio.

Para tal efecto, a Comisión reunirse alomenos unha vez ó ano, e sempre que así o solicite calquera das partes asinantes do convenio. A Administración que solicite a reunión da Comisión propondrá a correspondente orde do día.

Unha vez formulada a proposta a que se refire o parágrafo primeiro desta cláusula, as obras que se propoñan para contratar a Deputación Provincial, serán aprobadas polo pleno desta corporación.

En todo caso, na selección das actuacións, que serán executadas no marco do presente aplicaránse os seguintes criterios:



- a) Atenderanse con carácter prioritario aquelas actuacións que se pretendan en concellos nos que non se tiveran executados obras en convenios anteriores (1992-1994/1994-1997/1997-2001)
- b) Terán preferencia aquelas actuacións que estando previstas en convenios anteriores non fora posible a súa contratación.
- c) Simultaneamente a determinación dos concellos nos que se pretenda a realización dunha obra incluída no marco da presente fixarase a achega económica que corresponde efectuar ó concello beneficiario. Como regra xeral a achega municipal, ademais da repercusión económica que poida te-lo cumprimento dos compromisos que a adhesión xera, ascenderá ó trinta e tres por cento (33%) do investimento total do previsto. Non obstante esta achega poderá verse reducida ata un máximo de quince (15) puntos porcentuais cando se trate de actuacións básicas en concellos de menos de quince (15000) mil habitantes.

#### **IV.-ADMINISTRACIÓNS CONTRATANTES**

Determinadas as actuacións que se han executar conforme ó disposto na cláusula precedente cada unha das Administracións sinatarias será responsable da contratación das obras que, ata o límite dos créditos comprometidos para tal fin, lle encomende a comisión.

As economías ou baixas que se poidan obter na adxudicación dos contratos de obra que han executar no marco do presente as Administracións contratantes, serán destinadas ó financiamento dos posibles excesos que se produzan na execución das obras (proxectos reformados, complementarios, ou no seu caso, excesos de medicións, liquidacións, se as houbera).

En ningún caso serán autorizados proxectos complementarios ou reformados para a inclusión de obras que deberan estar executadas polo Concello solicitante da adhesión nunha fase previa á obra que se executa.

Igual criterio será aplicado respecto daquelas unidades de obra que garden relación coa dotación de servicios ó terreo onde se atope situada a instalación respecto das que o concello respectivo adquira os compromisos recollidos no punto 3 da cláusula Xª do presente convenio.

#### **V.-CONTRATACIÓN DE CONSULTORIAS E ASISTENCIAS.**

A contratación das consultorías e/ou asistencias para a redacción de proxectos técnicos ou de facultativos ós que se lles encomende as direccións de obras, será responsabilidade da Administración á que corresponda a contratación da respectiva obra.

Confeccionados os proxectos serán postos en coñecemento do Concello interesado.

O custo dos proxectos técnicos será sufragado con cargo ás achegas das partes asinantes do presente só no caso no que o correspondente encargo do proxecto fora efectuado por unha das Administracións sinatarias do presente.

Inexcusablemente, os proxectos técnicos encargados polos respectivos Concellos que interesen a súa adhesión ó presente, serán aboados ó seu cargo á marxe da achega económica que en virtude da súa adhesión ó presente puidera corresponderlles.

#### **V.-XESTIÓN E MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS.**

A xestión, mantemento e conservación das futuras instalacións deportivas, será responsabilidade exclusiva do respectivo Concello, sendo por conta deste a totalidade dos gastos que as devanditas xeren, sen que as partes asinantes do presente posúan responsabilidade algunha respecto delas.

Da circunstancia anterior deixarase constancia na acta de recepción das obras. Para tal efecto, asistirá ó acto o Sr. alcalde-presidente interesado, despois de facultado para o efecto, ou persoa en quen delegue.

O referido acto comportará a incorporación da obra ó patrimonio municipal.

A circunstancia anterior non obviará a responsabilidade que á sociedade adxudicataria das obras corresponde na policía e conservación delas ata a conclusión do período de garantía.

O concello asumirá as obrigas ás que se refire o parágrafo primeiro da presente tamén naqueles supostos nos que a instalación deportiva se atope situada en terreos con titularidade doutra Administración pública (IES) e por tanto non se efectúe a incorporación dela ó patrimonio municipal.

#### **VII. VISITA DAS OBRAS**

As partes, resérvanse o dereito a inspecciona-las obras consecuencia do presente convenio, durante a execución delas.

No exercicio da facultade anterior deberá tomarse en consideración, que corresponde, en exclusiva, á Administración contratante a emisión de ordes que poidan incidir no curso das obras.

### **VIII.-COMISIÓN DE SEGUIMIENTO E INTERPRETACIÓN**

Para o seguimento do grao de execución do presente convenio, a solución de controversias que a súa interpretación poida motivar, así como para levar a cabo as tarefas ás que fai referencia a base terceira, créase unha comisión integradas polos seguintes representantes das partes:

\*Dous representantes da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

\*Dous representantes da Deputación provincial asinante.

### **IX.- VIXENCIA DO CONVENIO**

A vixencia do presente convenio estenderase, para efectos económicos, ata o 31 de decembro do ano 2006, salvo denuncia previa de calquera das partes, afectando os compromisos económicos contraídos ós exercicios de 2002 ata o 2006, ámbolos dous inclusive.

A denuncia, requirirá o acordo previo do órgano competente da Administración que a pretenda, surtirá efectos ós noventa días da súa presentación diante da comisión á que se refire a base anterior.

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio será causa bastante para a súa denuncia.

Caso de incumprimento das obrigas contraídas no marco do presente, sexa por parte das Administracións sinatarias ou das adheridas, o seu cumprimento fiel e puntual poderá ser demandado diante da xurisdicción contencioso-administrativa.

### **X.-ADHESIÓN DOS CONCELLOS. REQUISITOS. EFECTOS.**

As partes autorizan a adhesión ó presente convenio a todos aqueles concellos nos que, en cumprimento do presente, se proxecte a construción de instalacións deportivas.

A adhesión ó Convenio, que non comportará modificación de ningunha das súas cláusulas, ten por obxecto posibilita-la colaboración económica dos Concellos adheridos ó financiamento das obras chamadas a integrarse no patrimonio municipal.

A adhesión requirirá:

- A) Acordo plenario do concello interesado, facendo consta-lo desexo de adhesión ó presente convenio con aceptación plena e sen reserva algunha de todas e cada unha das cláusulas que o integran.
- B) Do acordo municipal de adhesión darase traslado, por medio de certificación, á representación administrativa contratante.
- C) A adhesión ó convenio, comportará para o Concello a obriga de colaborar no financiamento das instalacións deportivas que se proxectan construír no seu termo municipal.

Excepcionalmente, a comisión poderá eximir ó concello de efectuar achega económica algunha, naqueles casos nos que os investimentos levados a cabo en fases anteriores polo Concello puideran xustificar tal proceder, ou ben cando se acredite razoablemente a imposibilidade económica de tal achega.

A achega económica, que ascenderá á cantidade que sinala a comisión a que se refire a base terceira, será destinada a cofinancia-lo presuposto de execución por contrata da obra ou obras, o importe destinado á dotación artística e dotación do Camiño de Santiago, nos casos que proceda, control de calidade, honorarios de redacción proxectos, e de dirección de obras e o importe do I.V.E.

A adhesión comportará os seguintes compromisos:

### **1.-LICENCIAS MUNICIPAIS**

O Concello será responsable de obter as perceptivas licencias municipais de obras e sufragar, no seu caso, e sen diminución da achega referida no parágrafo anterior, as taxas e o imposto municipal de construcións, instalacións e obras, que a expedición daquelas puidera devengar.

Igualmente corresponderalle ó concello, baixo idéntico criterio, a obtención das autorizacións ou licencias sectoriais necesarias para a realización das obras, (estradas, costas, dominio hidráulico, etc...)

### **2.-ACHEGAS ECONÓMICAS**

O acordo de adhesión para que surta efectos, será preciso que sexa adoptado simultaneamente co compromiso de achega do importe que ó Concello lle corresponda

naquelas obras que se executen no seu termo municipal, nas anualidades que para o efecto se establezan.

As corporacións locais remitiranlle á Secretaría Xeral para o Deporte ou á Deputación Provincial, segundo proceda, certificación do acordo municipal de adhesión e certificación de existencia de crédito bastante para facer fronte á anualidade do exercicio corrente, así como da existencia de autorización para a realización de gastos plurianuais restantes, contraídos e contabilizados adecuadamente, conforme ó disposto no artigo 155 da Lei 39/1988, do 28 de decembro.

A respectiva Administración contratante esixirá, cando o estime pertinente, garantía bastante sobre a efectividade da achega comprometida, nos termos autorizados polo número 2 do artigo 69 do Real decreto lexislativo 2/2000 do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das Administracións públicas.

### **3.-POSTA A DISPOSICIÓN DE TERREOS OU INSTALACIÓNS**

O Concello que solicite a súa adhesión, deberá poñer a disposición da Secretaría Xeral para o Deporte ou da Deputación Provincial os terreos precisos para levar a cabo a actuación prevista.

Os terreos, que deberán ser de titularidade municipal, atoparanse libres de cargas, ser aptos urbanisticamente para a execución da obra pretendida e atoparse urbanizados.

Entenderanse urbanizados, aqueles que se atopen dotados, ó pe de parcela, de subministración de enerxía eléctrica, abastecemento de auga, rede de saneamento e acceso rodado.

Os extremos anteriores serán acreditados polo Concello respectivo mediante as oportunas certificacións, expedidas polos servicios administrativos correspondentes.

Cando os terreos que se poñan a disposición da Administración contratante non se atopen urbanizados, o concello deberá comprometerse á súa urbanización simultánea coa execución das obras obxecto do presente e ó seu exclusivo cargo.

Co obxecto de garanti-la idoneidade dos terreos onde se pretenda a implantación dunha obra nova, o concello titular deles deberá achegar, simultaneamente co acordo de posta a disposición, un estudio xeotécnico e de viabilidade da parcela ofertada coa extensión que demande as características da obra programada. Nel farase necesariamente referencia á posible existencia de tendidos eléctricos, telefónicos ou doutra índole que puidesen sobrevoa-los terreos e ás conduccións subterráneas que puidesen existir.

O estudio xeotécnico de viabilidade deberá ser confeccionado por unha empresa homologada para a realización de tales traballos, e abonarse polo concello ó seu cargo.

#### **4.-RÉXIME DE INGRESO DAS ACHEGAS ECONÓMICAS.**

O réxime de ingreso das achegas municipais será o seguinte:

- A) O importe correspondente á primeira anualidade e na súa totalidade será librada e ingresada na conta corrente que para o efecto se designe, nos cinco días inmediatos seguintes ó de confección da acta de comprobación de replanteo.
- B) Cando proceda, o importe correspondente a cada unha das seguintes anualidades será ingresado cada ano con anterioridade ó día 28 de febreiro.

No réxime de pagamento das certificacións de obra a Administración contratante determinará nos correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares a orde de aboamento das respectivas achegas económicas das entidades cofinanciadoras (artigo 69 do Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño polo que se aproba o texto refundido da lei de contrato das Administracións públicas).

#### **5.-USO DAS INSTALACIÓNS E COMPROMISOS COMPLEMENTARIOS**

O Concello en pleno deberá comprometerse a garantir que no uso das instalacións deportivas que resulten construídas, remodeladas, reformadas ou acondicionadas no marco do presente convenio serán observadas as seguintes prescricións:

- a) Cando a instalación deportiva se atope anexa ou nas proximidades dun centro de ensino público gozará de preferencia absoluta o seu uso pola comunidade escolar para a práctica do deporte e das disciplinas reguladas relacionadas con el, todo isto durante o horario escolar lectivo.

O uso comprenderá, en todo caso, o das instalacións hixiénico-sanitarias existentes.

- b) Favorecer e facilita-la celebración de competicións deportivas de carácter oficial promovidas polas distintas federacións deportivas de Galicia.

A Administración contratante da instalación, a solicitude dalgunha das partes, actuará de árbitro naquelas ocasións que pola súa relevancia ou interese o demande.

No suposto que a xestión sexa encomendada a terceiros as obrigas anteriores deberán constar como carga no correspondente prego de bases.

- c) Garanti-lo uso gratuito das instalacións deportivas referidas cando se precisen para posibilita-la celebración de competicións deportivas oficiais organizadas ou promovidas pola Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia ou pola Deputación Provincial da Coruña.

## **6.-COMPENSACIÓN DE DÉBEDAS**

O acordo de adhesión deberá conter unha autorización expresa a favor da Administración contratante, para que esta inicie, de chegar a proceder, expediente de extinción por compensación das débedas que nazan das obrigas de carácter económico ás que se refire o apartado 2 precedente, o cal será tramitado con arreglo ás seguintes prescricións:

Primeira.- Transcorridos os prazos que establece o apartado segundo anterior, a débeda do concello respectivo terá o carácter de vencida, líquida, esixible e firme e poderá procederse á súa extinción mediante compensación.

Segunda.- A compensación efectuarase con calquera crédito que o debedor teña recoñecido ó seu favor pola Administración contratante, dando cumprimento ó requisito de reciprocidade entre o acredor e o debedor.

Terceira.- Para materializa-la compensación, tramitarase un expediente administrativo no que quedará acreditado:

- A) Que ten mediado requirimento de pagamento ó concello debedor advertíndoo do inicio do expediente de compensación e ofrecéndolle a posibilidade de efectua-lo ingreso da débeda evitando a compensación, para tal efecto outorgarase un prazo de quince días, no que o requirido poderá efectua-las alegacións que estime oportuno.
- B) Á vista das alegacións ou materializado o ingreso, a Administración competente, procederá a acorda-lo arquivo do expediente ou á súa continuación, segundo proceda.
- C) De continua-lo procedemento, o órgano competente expedirá certificación acreditativa de débeda existente, concepto e importe, e consignará expresamente o seu carácter de débeda vencida, líquida, esixible e firme, así como da existencia do acordo de autorización para proceder á súa extinción mediante compensación.

D) Á certificación mencionada unirase proposta de compensación dirixida ó Ilmo. Sr. director xeral de Tributos da Consellería de Economía e Facenda ou á Tesourería da Deputación Provincial, segundo proceda, para a súa instrumentalización.

Cuarta.- O concello no acordo de adhesión autoriza á Xunta de Galicia, cando esta sexa a Administración contratante, a deducir dos importes procedentes do Fondo Nacional de Cooperación Municipal, que a el lle corresponda percibir trimestralmente, as cantidades que aquel tivera pendentas de aboamento.

## **7.-INDEMNIZACIÓNS**

No suposto que adxudicadas as obras que se pretenden executar no marco do presente convenio, estas non poidan ser iniciadas ou continuadas por inadecuación dos terreos postos a disposición da Administración contratante, os prexuízos que tal circunstancia puidera xerar á sociedade adxudicataria serán indemnizados polo concello responsable.

No caso de que a Administración contratante se vexa obrigada a facer fronte ó pago de indemnizacións por tal motivo e concepto procederá a repercutir ó concello ofertante dos terreos os importes aboados.

Igual proceder se observa nos casos que a reclamación de indemnizacións ou aboamento de xuros veñan motivados por retrasos producidos no libramento material e efectivo das achegas económicas comprometidas polo concello.

Dos extremos anteriormente mencionados quedará constancia expresa no acordo plenario municipal no que se solicite a adhesión ó presente convenio.

## **XI.-CARTEL INFORMATIVO**

En tódalas obras que se executen no marco do presente convenio fixarase un cartel informativo da natureza delas con indicación expresa das Administracións públicas que colaboran no financiamento do plan no que se inclúen.

O tratamento tipográfico identificativo das respectivas entidades e dos seus logotipos ou anagramas será idéntico.

Ós actos de inauguración ou posta en marcha das instalacións que se financien no marco do presente convenio, asistirán os representantes oficiais designados polas Administracións sinatarias, para o que se facilitará, con suficiente antelación, o día e hora de celebración.

## **CLÁUSULA TRANSITORIA ÚNICA.**



No prazo de tres (3) meses seguintes ó da sinatura do presente convenio a comisión de seguimento desta, procederá a confecciona-la liquidación do estado de execución do II e III convenio de cooperación sobre instalacións deportivas, proponendo no seu caso, as actuacións ou investimentos que deban ser abordados para a súa total conclusión.

En proba de conformidade, asínase o presente convenio, por triplicado exemplar, no lugar e data ó comezo indicados.

**O PRESIDENTE DA XUNTA  
DE GALICIA**

**O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
DA CORUÑA**

Manuel Fraga Iribarne

José Luis Torres Colomer

## **18.-APROBACIÓN DA SEGUNDA FASE DA ANUALIDADE 2001 DO PLAN 2000 DEPORTES 1998-2001**

### INTERVENCIONES

Sr. Rodríguez Doval

Simplemente para anunciar a nosa abstención, tal e como foi nas anteriores fases, direi que estamos chamando fases a obras que, ás veces, máis nada que inclúen un ou dous proxectos, e en calquera caso si queriamos aproveitar tamén para deixar constancia do noso desacordo coa forma de xestión do plan porque, efectivamente, tal e como consta no propio escrito elaborado polo Servicio de Xestión de Plans foron once fases no 98, seis fases no 99 e todas as que foron no plan na anualidade 2000, que foron sucesivamente tres, precisamente isto tampouco di moito á hora da xestión, ou a capacidade de xestión por parte desta deputación, e aproveitamos esta intervención tamén para dicir que seguimos pensando que hai que racionalizar aínda máis a política de cooperación cos concellos, porque estamos falando aquí dun plan que é moi difícil de entender que aprobemos no punto anterior unha cousa en convenio coa Xunta, é dicir, ou se establece convenio ou non, aclarémonos. Un plan de deportes noso, cuns criterios, un plan coa Xunta que non os ten, é unha especie de pequeno galimatías todo isto, e eu xa vexo que aquí todo o mundo coincide no do Plan único, volvo outra vez a sacar o tema, pero eu non o vexo por ningures, como di o refrán. Entón, aquí non hai Plan único, aquí o que hai é moitísimos únicos plans, que non se sabe onde van todos, pero hai tres anos tivemos un debate, ó pouco de constituírse esta deputación, e a min paréceme que me cantan os oídos de que todos os grupos estabamos de acordo, pero desde logo a práctica vai por camiños ben diferentes, total e absolutamente.

E fago esta referencia aquí polo debate que acabamos de ter no punto anterior e porque teoricamente este plan vai dirixido ós mesmos fins, entón a min o que si me estraña é que, efectivamente, que non nos deamos conta de que unha forma de racionalizar tamén e unificar, se se ten vontade de racionalizar, unifíquese e que o faga quen ten capacidade. Imos absternos en concreto nestas dúas obras que se inclúen nesta anualidade.

Gracias.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 26 deputados (16 do PP e 10 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

### **ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Vistos os proxectos técnicos adaptados ás parcelas das instalacións que se indican no anexo a este acordo, incluídas na programación plurianual do Plan 2000 deportes anualidades 1998-2001, que foi aprobada polo Pleno da deputación na sesión celebrada o 29 de maio de 1998 e do que as bases reguladoras foron aprobadas polo Pleno da deputación na sesión celebrada o 27.02.1998 e publicadas no BOP nº 48 do 28.02.1998.

Vista a documentación xustificativa remitida polos respectivos concellos, así como os informes técnicos favorables emitidos polo Servicio Provincial de Arquitectura.

1ª.-Aprobar a 2ª fase da anualidade 2001 do Plan 2000 deportes na que se inclúen a realización das instalacións deportivas que se relacionan no anexo a este acordo incluídas na programación plurianual deste Plan provincial do que a execución é anual para a anualidade 2001, e do que o detalle de distribución do financiamento entre deputación e concellos é o que se detalla.

2ª.-Aprobar os equipamentos, proxectos técnicos e contratos conexos das obras incluídas nesta fase.

3ª.-As cifras globais de financiamento desta fase son as seguintes:

Achegas	Anualidade 2001
Deputación	529.691,43
Achega concellos	81.737,65

Conc. Plan 2000 infr.	4.597,74
Total euros	616.026,82

O financiamento deste plan realízase con cargo ó dispoñible existente na partida 0501/452D/60189 do vixente orzamento provincial.

4ª.-Someter o presente plan a exposición pública polo prazo de 10 días mediante a publicación dun anuncio no BOP co obxecto de que se formulen as alegacións que se estimen oportunas, así como remitilo polo mesmo prazo para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local.

No caso de non se presentaren alegacións a este, entenderase definitivamente aprobado.”

ANEXO Ó EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DA 2ª FASE DA ANUALIDADE 2001 DO PLAN 2000 DEPORTES							Páx. 1/1
							Ref.: ACM
Código	Concello/Denominación/Módulos	Presuposto total	1998	1999	2000	2001	
01-3420-0144.0	<b>CEE</b>	Deputación 391.867,41	0,00	0,00	0,00	391.867,41	
		Achega Concello 81.737,65	0,00	0,00	0,00	81.737,65	
	POLIDEPORTIVO MUNICIPAL BRENS	Conc. P 2000 Infraest. 0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	
	OBRA	<b>Total 473.605,06</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>473.605,06</b>	
01-3420-0144.1	<b>CONTROL DE CALIDADE</b>	Deputación 7.104,08	0,00	0,00	0,00	7.104,08	
01-3420-0144.2	<b>HONORARIOS COOR. SEGURIDADE E SAUDE</b>	Deputación 3.315,24	0,00	0,00	0,00	3.315,24	
01-3420-0144.3	<b>HONORARIOS CODIRECCIÓN</b>	Deputación 5.273,93	0,00	0,00	0,00	5.273,93	
01-3420-0144.4	<b>TARIFA VII</b>	Deputación 2.616,88	0,00	0,00	0,00	2.616,88	
01-3420-0145.0	<b>CEE</b>	Deputación 8.414,17	0,00	0,00	0,00	8.414,17	
		Achega Concello 0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	
	POLIDEPORTIVO MUNICIPAL BRENS	Conc. P 2000 Infraest. 0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	
	EQUIPAMENTO	<b>Total 8.414,17</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>8.414,17</b>	
		<b>Total Concello 500.329,36</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>500.329,36</b>	
01-3420-0156.0	<b>VILASANTAR</b>	Deputación 109.017,60	0,00	0,00	0,00	109.017,60	
		Achega Concello 0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	
	CAMPO DE FUTBOL DE PRÉSARAS	Conc. P 2000 Infraest. 4.597,74	0,00	0,00	0,00	4.597,74	
	6c	<b>Total 113.615,34</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>113.615,34</b>	
01-3420-0156.1	<b>CONTROL DE CALIDADE</b>	Deputación 1.379,32	0,00	0,00	0,00	1.379,32	
01-3420-0156.2	<b>HONORARIOS COOR. SEGURIDADE E SAUDE</b>	Deputación 702,80	0,00	0,00	0,00	702,80	
		<b>Total Concello 115.697,46</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>115.697,46</b>	
		Deputación 529.691,43	0,00	0,00	0,00	529.691,43	
		Achega Concello 81.737,65	0,00	0,00	0,00	81.737,65	
		Conc. P 2000 Infraest. 4.597,74	0,00	0,00	0,00	4.597,74	
	<b>RESUMEN DA 2ª FASE ANUALIDADE 2001</b>	<b>TOTAL 616.026,82</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>616.026,82</b>	

**19.- CONVENIO DE COOPERACIÓN COA XUNTA DE GALICIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS OU SUBVENCIONS ÓS CLUBS DE DEPORTES NAÚTICOS E ÁS FEDERACIONES DEPORTIVAS GALEGAS CON DESTINO ÓS CLUBS E ENTIDADES DEPORTIVAS CON DOMICILIO SOCIAL NA PROVINCIA DA CORUÑA.**

INTERVENCIONS

Sra. Santiago López

Parece curioso que hai uns minutos o Sr. Varela dicía que non existía esa suposta submisión á Xunta de Galicia e que dous puntos máis adiante apareza de novo un convenio que é unha mostra clara de submisión desta Deputación á Xunta de Galicia.

En concreto este convenio que se nos presenta, que en anos anteriores o noso grupo cuestionaba a súa elaboración, segue adocendo dos mesmos erros ca nos anos anteriores. Preséntanos, despois de que a Xunta de Galicia presente as súas ordes de subvencións, ás que obviamente non ten esta deputación capacidade para poder intervir nese establecemento de criterios para a concesión desas axudas, fúrtanos, *a posteriori*, esa posibilidade de fiscalización dos fondos cos que participa esta deputación, e o único que aparece dentro do expediente é un listado das achegas que fai esta deputación ás federacións de deportes da provincia ou ós clubs de deportes náuticos.

Non nos parece en absoluto que esta sexa unha forma de traballar, aínda entendendo cómo se comentou, eu creo que suficientemente, neste pleno esta mañá, que a colaboración ha de existir e sobre todo en temas deportivos parece interesante.

Fixemos fincapé o ano anterior nalgún dos puntos que aparecen nos informes técnicos, e ende mal, hai que volver a incidir de novo neles. O máis salientable de todos eles é precisamente o tema da xustificación, non aparece en ningures prazos para xustificar eses investimentos, e parecíanos máis oportuno que se retomase de novo este convenio porque o funcionamento que está tendo, a todas luces, non é nin con moito, saudable. Dá lugar, efectivamente, creo que a argumentación anterior vale perfectamente e encaixa á perfección neste punto tamén, porque se segue adocendo deses mesmos males. E por iso o noso posicionamento neste punto vai ser negativo.

Sr. Fernández Moreda

En realidade, os argumentos que se poden ter para expor neste punto son similares ós do punto 17 que acabamos de debater. Se me permite, atendendo á súa xenerosidade e á

súa tolerancia, incido no punto 12 porque lle pedía a palabra cando se sometía a votación, sen ánimo de abrir ningún debate.

Discutimos e debatemos sobre a crenza de que o primeiro convenio do ano 91 tiña as mesmas cláusulas e o mesmo contido, eu sinceramente non o sei, díxose que si, e eu aceptei que si, en calquera caso non o sei; de ser que si non invalida para nada a defensa que fixemos das nosas emendas, e hai unha diferenza substancial, o primeiro convenio tiña un ámbito de vixencia que terminaba co mandato do equipo que dirixía a deputación; non é este o caso, que termina tres anos despois.

E con respecto ó punto número 18, direi o mesmo, é dicir, estamos subvencionando á Xunta, pero xa non só subvencionamos á Xunta para facer investimentos, senón que subvencionamos á Xunta para dar subvencións, isto xa é o máximo.

Nosoutros poderíamos variar o noso voto se tiveramos constancia de como se utilizaron os diñeiros dos anteriores convenios. Hai unha cláusula que di aquí, que supoño que tamén estaría nos anteriores, supoño, que dice que “... A Secretaría Xeral para o Deporte remitiralle á Deputación provincial a relación certificada das realizadas con indicación do destinatario, finalidade, importe e data; constituirá a xustificación definitiva do emprego das achegas da Deputación provincial...”, ben, non tivemos coñecemento disto, queremos saber, pero non queremos saber porque desconfiamos, nin porque pensamos que se vai facer un uso arbitrario ou malo destes fondos, queremos sabelo porque é o noso dereito, máis nada, o dereito a coñecelo para poder opinar.

Entón, como se reiteran os defectos que puxemos de manifesto en anteriores convenios, o noso voto vai ser negativo, un voto de oposición porque, primeiro, non nos parece lóxico subvencionar á Xunta para dar subvencións, parécenos lóxico poñernos de acordo para facer investimentos conxuntos, e segundo, queremos saber cómo se destinan estes diñeiros, a quen vai destinado, qué cantidades, e por qué a eses si, e a outros non, que ó mellor resulta que se lles dá a todos, que tampouco non o sabemos, porque o descoñecemos. Polo tanto, o que solicitamos de novo, reiteramos, é que toda esta aplicación de fondos, que se fai á marxe do control democrático deste Pleno, que se dea conta á Comisión Informativa correspondente para que teña coñecemento do que se está a facer, por qué se fai e por qué se deixa de facer outras cousas que se deixan de facer, se é que algunha se deixa de facer, e qué cantidades se destinan a cada unha.

Eu creo que se facemos isto a opacidade é menor, porque isto é opaco, Sr. representante do Partido Popular, isto é opaco, isto permite un funcionamento opaco, e o que estamos é buscando a transparencia, e cando defendemos estas teses, estamos comprometéndonos, e estamos pedindo o que estamos dispostos a facer. Polo tanto, se nosoutros vísemos que isto funcionase doutra forma, se tivesemos información de cómo

funcionou isto no pasado, o noso voto podería ser diferente, pero como non sabemos absolutamente nada, o noso voto é que non.

Sr. Varela Rey

Empezar por manifestar que eu creo que tamén hai algún aspecto conceptual no tocante a algunhas afirmacións.

A Secretaría Xeral para o Deporte chega a un acordo coa Deputación provincial. Formalízase un convenio co obxecto de financiar 1.200.000 euros cada entidade; ¿destino dos 2.400.000?, as federacións e os clubs; ¿a deputación está financiando á Xunta?, eu creo que non, creo que isto é ser un pouco perverso nas afirmacións que se pretenden, eu creo que a quen financiamos é ó club de fútbol, ó club de baloncesto, ó club de piragüismo, ó club náutico, ó hóckey, a non sei quen máis, ó de atletismo, de concellos pequeniños, que teñen moitas dificultades, que é unha directiva que ten que pelexar por sobrevivir, que lle fan falta as 150.000 pesetas que a federación lle aporta a través deste convenio; pero ¿como que financiamos á Xunta?, eu creo que é unha visión pouco axustada á realidade. O que estamos é financiando a gran cantidade de entidades deportivas, de clubs deportivos, que a través da federación están facendo un esforzo permanente pola nosa xuventude para que lle permita facer a práctica deportiva, primeiro a través de instalacións, e segundo, a través da práctica diaria e dos gastos que ten calquera entidade deportiva por escasa práctica deportiva que faga. Eu creo que iso en ningún caso se pode assimilar a que a Deputación provincial estea financiando outra institución, financiamos en último término ós deportistas.

E son as federacións, que cun criterio, tamén obxectivo, de necesidade, e coñecendo perfectamente a realidade de cada unha das federacións, e de cada un dos clubs, vai achegando, consonte a eles, estas cantidades, e os clubs deportivos saben e coñecen perfectamente o compromiso da Deputación Provincial para cos seus veciños no ámbito deportivo, e axudas permanentes neste campo de financiar a estas entidades. Eu creo que iso é bo, que é positivo, que é favorable e, sobre todo, que temos, ó mellor diría que escaso orzamento, ó mellor a pena é que non puideramos financiar con máis diñeiro a estas actuacións, porque estamos incidindo nos ámbitos deportivos.

E os que coñecemos, os alcaldes loxicamente temos que coñecer perfectamente todas as dificultades que pasa calquera entidade deportiva que queira sobrevivir, agora mesmo incluso hai unhas dificultades de directivos por necesidades económicas, eu creo que é moi importante que se inxecte diñeiro desde as Administracións. A deputación colabora e participa, a Xunta colabora e participa, destinatarios, os clubs deportivos, os deportistas, os practicantes. Seguro que alguén que traballe na Xunta tamén será deportista, e tamén se verá favorecido, pero nunca financiamos en ningún caso, desde logo é a visión deste voceiro, non estamos financiando a ningunha institución autonómica. Moitas grazas.

## VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (PP)

Votan en contra: 14 deputados (10 do PSOE e 4 do BNG)

Abstéñense: ningún deputado

## ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aproba-la subscrición dun convenio de cooperación coa Xunta de Galicia para a concesión de axudas ou subvencións ós clubs de deportes náuticos e ás Federacións Deportivas Galegas con destino ós clubs e entidades deportivas con domicilio social na provincia da Coruña, segundo o seguinte texto:

### CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE

### A XUNTA DE GALICIA E A EXCMA. DEPUTACIÓN

### PROVINCIAL DA CORUÑA

Santiago de Compostela,

## **REUNIDOS**

**O Excmo. Sr. D. Manuel Fraga Iribarne**, Presidente da Xunta de Galicia, en virtude das atribucións que lle confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente.

**E o Ilmo. Sr. D. José Luis Torres Colomer**, Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, en virtude das competencias que lle outorga o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e en aplicación do acordo plenario de .

Actuando ambos coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren, e para tal efecto;

## **EXPOÑEN**

A Constitución asigna ós poderes públicos o fomento da educación física e o deporte, así como a adecuada utilización do ocio.



A Constitución española, no seu artigo 148, apartado 1, número 19, establece que “As comunidades autónomas poderán asumir as competencias en materia de promoción do deporte e a adecuada utilización do ocio”.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.22, sinala que a competencia exclusiva na promoción do deporte e a adecuada utilización do ocio recaerá na Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 36.1.d) da Lei 7/85, do 2 de abril asigna como competencia propia, entre outras das Deputacións Provinciais, o fomento e a Administración dos intereses peculiares da provincia, entre os que se atopan o fomento das actividades deportivas e a colaboración coas entidades que as fan posibles.

As federacións deportivas e os clubs deportivos, son os axentes sociais que tradicionalmente dinamizaron a práctica das actividades deportivas, actuando como colaboradores das Administracións e realizando unha inestimable función social.

A Xunta de Galicia a través da Secretaría Xeral para o Deporte e a Deputación Provincial da Coruña, veñen colaborando no mantemento destas funcións a través de programas de axudas ós clubs e federacións.

As administracións sinatarias do presente convenio pretenden establecer a necesaria cooperación entre elas na materia á que se refire, mediante a coordinación voluntaria das súas actuacións.

A cooperación económica e administrativa que libre e voluntariamente conveñen as administracións que subscriben o presente, desenvolverase baixo as formas e termos que se arbitran neste convenio de cooperación.

Os convenios administrativos son instrumentos adecuados para establecer os mecanismos mediante os cales se permita instrumentalizar o principio de coordinación interadministrativa voluntaria, ó abeiro do establecido no artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

En base ó anterior, establécense no presente as técnicas orgánicas e funcionais a través das que as administracións sinatarias reputan exercitadas as súas respectivas competencias e garantizado o respecto da súa autonomía.

Presidido polos principios de simplificación administrativa, mutua colaboración e coordinación voluntaria, a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña pactan, conveñen e outorgan o presente convenio de cooperación en base ás seguintes

## CLÁUSULAS

### **PRIMEIRA.- OBXECTO.**

Constitúe o obxecto do convenio establece-las bases de cooperación entre a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña, co fin de establecer un procedemento administrativo unitario que terá como fin o outorgamento de axudas e subvencións ós clubs de deportes náuticos e ás Federacións Deportivas Galegas con destino ós clubs e entidades deportivas, con domicilio social na provincia da Coruña, no marco das Ordes do 12 de marzo de 2002 (D.O.G. núm. 61, correspondente ó día 27 de marzo de 2002) e do 8 de abril de 2002 (D.O.G. núm 73, correspondente ó día 16 de abril de 2002).

### **SEGUNDA.- FINANCIAMENTO.**

A) **A XUNTA DE GALICIA**, achegará para atender tódalas finalidades ás que se refire o presente convenio, **ata un máximo de UN MILLÓN DOUSCENTOS DOUS MIL VINTECATRO EUROS, (1.202.024 €)**, con cargo á aplicación orzamentaria 04.03.355A.480.0. dos orzamentos para o ano 2002.

B) Con idéntico fin, a **DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**, achegará **ata un máximo DUN MILLÓN DOUSCENTOS DOUS MIL VINTECATRO EUROS, (1.202.024 €)**, con cargo á aplicación orzamentaria do orzamento provincial para o ano 2002.

A achega da Deputación da Coruña en ningún caso poderá ser superior ó 50% do importe total das axudas concedidas en virtude do presente convenio.

O importe que integra a achega da Deputación Provincial da Coruña incrementará os créditos destinados para atende-la finalidade descrita na cláusula primeira.

O libramento material da achega comprometida pola Deputación Provincial, farase unha vez sexa notificada a adopción das resolucións de outorgamento das correspondentes subvencións.

### **TERCEIRA.- TÉCNICAS ORGÁNICAS.**

A Xunta de Galicia a través da Secretaría Xeral para o Deporte, efectuada a oportuna xeración de crédito, en virtude dos compromisos de achega contraídos pola Deputación Provincial ós que se refire o apartado B da cláusula segunda precedente, resolverá o outorgamento das axudas e subvencións que teñan por beneficiarias ás entidades deportivas con sede na provincia da Coruña.

Para tal fin, exclusivamente, nas comisións ás que se refiren os artigos 4º e 5º das respectivas ordes integraranse dous representantes da Deputación Provincial da Coruña.

As propostas de resolución, que deberán ser formuladas pola comisión avaliadora, precisarán da aprobación do Presidente da Deputación Provincial da Coruña.

### **CUARTA.- PROCEDIMENTOS E CRITERIOS.**

4.1.- A concesión das axudas ou subvencións axustarase ó procedemento establecido nas anteditas ordes.

4.2.- O outorgamento das devanditas subvencións estará presidido polos criterios que se consignan nos artigos 4º e 5º das referidas ordes.

4.3.- Para a ponderación dos devanditos criterios, todos eles terán igual peso. A base de ponderación será cen.

4.4.-Adoptada a resolución definitiva da respectiva convocatoria de axudas e subvencións realizarase o oportuno traslado entre as partes asinantes do presente convenio.

A notificación das resolucións definitivas adoptadas constituirá o medio de xustificación inicial das achegas da Deputación Provincial, posibilitando que esta efectúe o pagamento ou transferencia delas.

4.5.-Con posterioridade, e unha vez efectuadas as transferencias de aboamento das subvencións outorgadas ós beneficiarios delas, a Secretaría Xeral para o Deporte, remitiralle á Deputación Provincial a relación certificada das realizadas con indicación do destinatario, finalidade, importe e data. Constituirá a xustificación definitiva do emprego das achegas da Deputación Provincial da Coruña a percepción polo beneficiario do cen por cento de axuda.

Non obstante o anterior, a Secretaría Xeral para o Deporte procederá ó reintegro á Deputación Provincial, dos importes non empregados ou que puidesen resultar de incidencias ocorridas nas subvencións xa outorgadas.

#### **QUINTA.- PUBLICIDADE.**

Cando o desenvolvemento das actividades deportivas levadas a cabo polos beneficiarios das subvencións xere a difusión de publicidade nos medios de comunicación social, ésta deberá deixar constancia adecuada do cofinanciamento da actividade polas entidades sinatarias do presente.

Igual tratamento observárase na confección do material informativo de todo tipo ó que a actividade dea lugar (trípticos, carteis, programas de man...).

O tratamento identificativo das respectivas entidades e dos seus logotipos ou anagramas será idéntico.

#### **SEXTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.**

Para o seguimento do grao de execución do presente convenio, a solución de controversias que a súa interpretación poida motivar, créase unha comisión integrada polos seguintes representantes das partes:

- Dous representantes da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.
- Dous representantes da Deputación Provincial da Coruña.

Actuará de secretario un funcionario da Secretaría Xeral para o Deporte, con voz e sen voto.

A Comisión poderá recabar asesoramento técnico cando o xulgue necesario para o mellor cumprimento dos seus fins.

#### **SÉTIMA.- VIXENCIA.**

O convenio extenderá a súa vixencia ata a finalización e total xustificación do programa que constitúe o seu obxecto.

O incumprimento de calquera das cláusulas do presente será causa bastante para a súa denuncia.

#### **OITAVA.- NATUREZA E XURISDICCION COMPETENTE.**

Posúe o presente convenio natureza administrativa e, consecuentemente, as cuestións litixiosas que xurdan na súa aplicación, interpretación e cumprimento serán competencia da xurisdicción Contencioso-Administrativa.

O PRESIDENTE DA XUNTA  
DE GALICIA,

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA CORUÑA,

Manuel Fraga Iribarne.

José Luis Torres Colomer.

#### **20.- CONVENIO CON CAIXA GALICIA TOCANTE Á CESIÓN DUN LOCAL DESTINADO Ó CENTRO XUVENIL EN SANTIAGO.**

##### INTERVENCIONES

Sr. presidente

Este punto ten unha emenda do grupo popular, entendo que máis ben é unha emenda técnica, onde se refería que había que tomar un acordo por parte dunhas institucións, como o acordo está tomado, xa eliminar esa referencia. De todas formas abrimos as intervencións dos grupos, onde podemos debater, se lles parece, a emenda e o punto en si.

Sra. Santiago López

Desde o noso grupo non se cuestionan certas necesidades, nin moitísimo menos, nin certos servizos. Este podería ser o caso dun deles, pero en ningún caso parécenos que esta deba de ser unha competencia que teña que asumir esta deputación.

Xa anteriores ocasións, cando se falaba da creación de oficinas de información xuvenil, de centros, de puntos de información xuvenil por parte desta deputación, creo que houbo unanimidade nos grupos da oposición ó rexeitar a participación, ou a iniciativa desta deputación, para levar adiante estes proxectos. Neste caso, aínda sabendo que é probable que exista unha certa necesidade no Concello de Santiago de Compostela, porque cremos que a oficina que existe, que ten posta en marcha a Xunta, que por certo é quen ten que poñela en marcha, non funciona tal cal debera de funcionar esa casa da xuventude que existe, o que si non nos parece, nin con moito, adecuado, é o método de levar adiante esta oficina.

É certo que nos informes que a Xunta e o expediente os técnicos fan unha valoración positiva dentro do aspecto económico da fórmula, é dicir, sairá moito máis barato que alugar un local ou que comprar un espacio físico similar no Concello de Santiago de Compostela, pero non acabamos de ver claro que esta sexa unha fórmula para levar adiante estas iniciativas, sobre todo na base do que comentaba ó principio da miña intervención e é que non é unha competencia desta deputación.

Polo tanto, o noso voto vai ser de abstención neste punto.

Sr. Fernández Moreda

Desde logo, este é o pleno do non, porque nosoutros imos votar que non tamén a este punto, son moitas cousas e moi concentradas e isto é demasiado. Non entendemos por qué a deputación vai abrir un local destinado a centro xuvenil en Santiago, non o entendemos, é dicir, enténdoo perfectamente, pero non o entendo como deputado nin como función desta deputación.

Porque ¿quen promove a creación deste centro xuvenil? ¿promóveo o servizo destinado a estes temas dentro da deputación, o Servizo de Benestar Social ou o servizo ó que lle corresponda esta cuestión de centro xuvenil?, non, eu a información que teño é que non o promove Cultura, promóveo o Departamento de Planificación e Control, que non é cultura, o Departamento de Planificación e Control promove a creación dun centro xuvenil. ¿E que razón existe?, ¿é necesario en Santiago un centro xuvenil, cando xa hai centros xuvenís da Xunta, da Consellería de Familia, do concello, da universidade?, ¿é necesario? Primeiro, demóstrase que é necesario, despois dígase por qué é necesario e despois, se é necesario e hai razóns para que así sexa, e hai razóns para facelo, fagámolo co Concello de Santiago de Compostela, porque ¿que senso ten que a deputación faga isto? Nosoutros, desde logo, non explicamos ningunha xustificación a investir 221 millóns de pesetas en habilitar uns locais de 1.600 metros cadrados en Santiago para esta finalidade, 221 millóns que hai que investir, pero logo hai que dotalo de persoal, que custa diñeiro, logo ten uns gastos de material inventariable, logo ten uns gastos de funcionamento e mantemento. E todo isto, ¿para que?, para facer algo que non nos consta que sexa unha petición, unha

reivindicación, unha necesidade dunha cidade expresada por alguén desa cidade. Se realmente a deputación ten 221 millóns de pesetas para investir en centros xuvenís, invistamos ese diñeiro naqueles concellos da provincia que carecen deste servizo para os xoves, pero non invistamos este diñeiro nun concello en que esa demanda xa a ten cuberta, ¿ou é que non hai en Santiago bibliotecas suficientes?, ¿ou é que non hai en Santiago salóns de actos dabondos?, ¿ou é que quere dicir que cando a Deputación da Coruña teña que facer unha exposición en Santiago non vai contar co Concello de Santiago de Compostela para facer a exposición nos locais que hai sobrados de institucións públicas e institucións privadas?

Eu non entendo a razón deste convenio con Caixa Galicia, nin entendo a razón deste investimento, non a entendo como deputado, enténdoa como político, como político si a entendo, porque vexo de qué departamento da deputación vén a proposta, do departamento de Planificación e Control, non é lóxico que unha obra deste tipo, ou un convenio deste tipo, ou un investimento deste tipo, xurda dun departamento que, en teoría, non ten nada que ver co que estamos facendo.

Se hai un informe do Departamento de Cultura, do que depende o tema de benestar, onde se xustifica a necesidade da petición, a carencia deste organismo en Santiago, e xustifícase, pois, ¿por que non?, se a deputación ten recursos e é unha necesidade, adiante, pero se non hai esa petición, nin esa xustificación, e desde logo, non vén de quen debe de vir, pois eu entendo que hai outros intereses.

E se me permiten, isto pon de manifesto a pouca confianza que ten o Partido Popular en gañar as eleccións municipais de Santiago, porque a oficina do candidato do Partido Popular en Santiago debe de ser, loxicamente, a oficina do alcalde de Santiago, se aspira a gañar, porque aquí o que se nos dicía en comisión é que se podía ter un despacho, que habería un despacho para atender á xente, e non sei, non sei qué máis.

En resumidas contas, e para non ser pesado, Sr. presidente, eu pídlle tamén que un investimento deste tipo, de 221 millóns de pesetas, que en teoría a deputación dispón dese diñeiro, que a utilice vostede para facer centros xuvenís, se quere, en concellos da provincia que non teñen este servizo, e que polo tanto, que retire, e non entenda isto, se o retirase, como unha batalla onde uns gañan e outros perden, gaña a provincia e gaña a Deputación, e incluso gaña Santiago, que retire este punto da orde do día e que lle encargue ó Departamento de Cultura que detecte en qué concellos hai esta carencia, hai esta petición, e que invista este diñeiro nestes concellos. Santiago non necesita un centro como o que imos a facer, porque esa demanda está suficientemente cuberta. E, desde logo, se fose necesario, eu creo que no ánimo de colaboración que debatemos nos anteriores puntos, deberíamos de coordinarnos tamén co Concello de Santiago de Compostela para que opine, participe, mesmo financie unha parte desta obra, se é unha necesidade que sente.

Polo tanto, xa digo que aquí non entendo esta proposta, non a entendo como deputado, enténdoa si como político, e pídolle que someta a votación a retirada deste punto da orde do día. Se non é así, loxicamente, o noso grupo votaría que non.

Sr. Rodríguez Rodríguez

En relación coa intervención inicial da Sra. voceira do BNG, eu creo que o método foi correcto, e hai que lembrar que este proxecto tivo unha moi dilatada tramitación ó longo de toda esta lexislatura, polo tanto, non se trata dunha decisión precipitada, senón dunha decisión que foi configurándose atendendo especialmente ás observacións que formularan os servizos técnicos da deputación con respecto a redaccións anteriores do convenio, que se foi mellorando, e fóronse garantindo os dereitos da deputación.

Creo que quedou perfectamente claro que a posición dos servizos técnicos é correcta sobre o proxecto, unha vez solucionadas as obxeccións que eles mesmos formularan e que se atenderon con todo respecto porque eles, en definitiva, o que pretendían era que a deputación tivera as garantías máximas.

E en segundo lugar, con respecto á obxección de fondo, na que tamén, como é natural, comparte neste caso o Sr. Fernández Moreda, eu si creo que é competencia na deputación o preocuparse pola xuventude tamén. Ninguén se acorda, nin foi mencionado aquí, que temos unha famosa biblioteca aquí na Coruña, creo que é unha biblioteca que é demandada por todo o mundo, e que todo o mundo a aprecia, e que é un servizo directo á deputación, dirixido fundamentalmente á xuventude, aínda que hai obviamente usuarios de todo tipo. ¿Por que se fixo no seu momento?, porque había unha sensibilidade social, e esa mesma sensibilidade social ten a deputación dereito a tela.

Moitas veces en debates de fondo díxose que non se sabe moi ben para que serven as deputacións, que podían suprimirse porque se podían crear consellos comarcais, ou outras entidades. Eu creo que a deputación ten que demostrar tamén, non con carácter fundamental, pero si con carácter colateral, que ten unha preocupación social e unha sensibilidade social. Temos liñas de axuda a entidades culturais de todo tipo, tradicionais na deputación, que entran dentro dese concepto de sensibilidade social, que a min me parece que si é competencia da deputación, especialmente para a xuventude.

Con respecto ás manifestacións do Sr. voceiro do PSOE, do Sr. Fernández Moreda, eu diríalle a primeira, non diría afirmación, senón desexo, que eu aspiro a ser alcalde de Santiago, e verei con moito gusto que a deputación nese momento siga mantendo este servizo que, por outra parte, non se vai inaugurar supoño nesta lexislatura, porque o volume da obra realizada seguramente impedirá que se inaugure antes de maio do ano que



vén, oxalá sexa eu alcalde de Santiago e asista con moito gusto á inauguración que faga a deputación das instalacións, porque será unha demostración de que tamén desde unha Administración se pode ver con respecto, con cariño, e axudar con outras fórmulas a outra Administración que quere ter presenza nunha cidade como é Santiago de Compostela.

Tamén quixera dicirlle que este centro xuvenil non é o único. Estamos traballando noutro centro xuvenil en Ferrol e outro aquí na Coruña, o que pasa é que estes dous se fan en edificios propios da deputación, e estanse redactando os proxectos correspondentes para que os tres saian despois, e os tres inauguraránse despois das eleccións municipais. Polo tanto, o interese electoralista é moi relativo, se se quere mirar desde esa perspectiva e, desde logo, non é o que motiva á deputación a pór en marcha este servizo.

¿Por que Planificación e Control e non Benestar Social, ou fundamentalmente Cultura?, porque traballamos conxuntamente con Cultura neste proxecto desde o principio, o que pasa é que a orientación deste centro está moi abocado, e así se di no propio contido do convenio, ás novas tecnoloxías, ó desenvolvemento da sociedade da información. A parte proveitosa deste proxecto é a difusión entre a xuventude, sobre todo universitaria, das novas tecnoloxías e, sobre todo, da inserción e a integración con bases de datos de bibliotecas universitarias galegas, españolas e de calquera parte do mundo.

Polo tanto, todo o sector das novas tecnoloxías, hoxe estaba pola mañá e tivemos a honra de recibir, o Sr. presidente recibiu e permitiume acompañalo, ó rector da Universidade de Santiago, que viñemos a falar da colaboración coa universidade, e dentro diso, contemplando especificamente a colaboración da universidade no desenvolvemento de novas tecnoloxías neste proxecto. Planificación é a que está asumindo na deputación toda a área de novas tecnoloxías, e por esa razón, totalmente de acordo con Cultura, é Planificación a que o está desenvolvendo.

Eu diríalle que esta acción da deputación de levar adiante a sociedade da información é unha acción institucional, estámola realizando en tódolos concellos da provincia, en tódolos concellos estamos empezando a inaugurar agora aulas de informática, que terán que estar inauguradas todas o 30 de setembro, entre elas, no Concello de Santiago de Compostela, para o Concello de Santiago de Compostela, con dotación para o concello, como tamén para o da Coruña como tamén para o de Ferrol, e serán os concellos os que o xestionen nos seus centros socioculturais. Polo tanto, non estamos actuando sectariamente neste caso, senón actuando con responsabilidade.

Agora, temos dereito lexítimo, é a nosa opción, o que a nosa sensibilidade social se manifeste directamente como un servizo da deputación, e que a deputación ós cidadáns de Santiago apareza como prestadora dun servizo que interesa especialmente á xuventude.

Poderase discutir ou non, pero somos Administración territorial tamén, e como tal Administración cremos que temos o dereito a elixir.

E á parte, dentro do centro, creo que tamén é interesante, non é o obxecto fundamental, se hai un mínimo espazo para que a deputación poida recibir a unha persoa, o Sr. presidente, no seu momento, teña o seu despacho alí, e poida non ter que ir a un hotel a facer unha rolda de prensa, ben, imos aproveitar iso, non é o obxecto, non o xustifica, pero si faino tamén atractivo porque é adecuado.

E o acordo con Caixa Galicia eu creo que é beneficioso, tanto para Caixa como para nosoutros. Hai unha razón tamén de fondo, está situado en pleno ensanche compostelán, na rúa Rosendo Salvado, que é unha zona onde vive a xuventude compostelá e a xuventude fundamentalmente universitaria. Este asentamento faino especialmente atractivo, e Caixa Galicia colaborará con nosoutros, non só cedéndonos o local de balde durante quince anos, independentemente de que se poida continuar, e todos sabemos que cando unha entidade fai unha cesión por quince anos non é doado que de seguido se rescinda o convenio, senón que colaborará con nosoutros no desenvolvemento de actividades. Caixa Galicia está tendo tamén iniciativas en materia da sociedade da información.

Por todas estas razóns, e non por razóns electoralistas inmediatas, si por razóns electoralistas de fondo, que os cidadáns coñezan que a deputación presta servizos, creo que é unha razón electoralista, pero en favor da deputación, non dunha opción concreta, calquera que sexa o grupo no que se milite. E esa á a razón pola cal nosoutros insistimos nesta iniciativa, que a vemos sólida, seria, razoable e economicamente viable, independentemente, como calquera iniciativa, teña un custo económico.

Sra. Santiago López

Temo que coa intervención do Sr. Rodríguez, imos cambiar a nosa intención de voto e, desde logo, ese voto que nosoutros en principio poñiamos como abstención porque viamos que realmente podería existir, por un deixamento da Xunta de Galicia, todo hai que dicilo tamén, unha certa necesidade en Santiago de funcionamento dunha oficina ou dun espazo para a xuventude, realmente coa súa intervención, o noso voto vai ser contrario neste momento.

Case case, queda demostrado que realmente ten un carácter electoralista esta proposta. Imos, paréceme que dicir case, faltoulle dicir iso ó Sr. Rodríguez.

É obvio despois diso, que isto é un parche a unha mala xestión que está facendo a Xunta de Galicia, a unha actuación que está, efectivamente, existe un edificio que se utilice para calquera cousa menos para o que tiña que ser utilizado, e insisto, a competencia nesta

área é da Xunta de Galicia, non é desta deputación. Que, efectivamente, pode mirar polo benestar de todos os nenos, de toda a xuventude da provincia, pero ben, non soamente dos do ensanche compostelán, senón tamén por exemplo dos de Vite, que teñen tantos dereitos, ou ás veces máis necesidades, que os da zona centro.

Isto non se nos escapa que entra dentro dese hipermegaplan que trazou o Sr. Rodríguez para achegar a sociedade da información a medio mundo e que, por certo, ó final acaba sendo un mecanismo para, precisamente, facer electoralismo sen máis, porque queda demostrado que non fai falta nin fornelo único, nin oficinas de información xuvenil, nin cibercafés, ou depuciber, ou como lle queiran chamar, na maior parte das instalacións nos que van ser instalados. E por certo, nalgunha delas con moitísima contestación social porque estaban cumprindo outra función bastante máis importante da que van cumprir a partir de agora. Pero ben, nese aspecto a deputación é absolutamente xorda ás propostas que se fan.

E outro comentario que si quixera facer é insistir nese mapa das instalacións que é obvio e evidente que fai falta na nosa provincia, e a evidencia de que fai falta é que a propia deputación manda enquisas ós concellos para saber qué instalacións ten, qué uso se lles está dando a estas instalacións, cales son os programas que fan en Cultura, Deportes e noutras áreas e cáles son as súas necesidades, o cal me parece máis que demostrado, a propia deputación, por activa, estao recoñecendo.

Insisto, o noso voto está cambiando e, neste caso, vai ser un voto negativo.

Sr. Fernández Moreda

Moi brevemente, tamén, Sr. presidente. Eu pensaba intervir para rebater a resposta do Sr. Dositeo Rodríguez, pero en vista do éxito que acadou, cambiando o voto o Bloque Nacionalista Galego, non quero insistir para non crear problemas no grupo popular á hora da votación.

Sr. Rodríguez Rodríguez

Agradézolle o espírito deportivo, eu creo que é bo que de cando en vez nos relaxemos un pouco, e os temas, aínda que sexan importantes, teñamos un pouco de senso do humor, e direi, obviamente, dúas cousas. Que a competencia da Xunta de Galicia non é exclusiva, porque nosoutros non temos servicios directos para a xuventude, e en segundo lugar, que non está para unha zona determinada de Santiago, senón que está para toda a xuventude da cidade, e de calquera sitio ou persoa que a queira utilizar alí, porque a deputación está aberta a todos os habitantes da provincia, aínda que estea situado nun sitio determinado. Máis nada.

En primeiro lugar sométese a votación a proposta do grupo socialista de que o punto quede sobre a mesa.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 10 deputados (PSOE)

Votan en contra: 16 deputados (PP)

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

De seguido, procédese a votar a emenda presentada polo grupo popular.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 16 deputados (PP)

Votan en contra: 10 deputados (PSOE)

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

A continuación, sométese a votación o dictame coa emenda.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 16 deputados (PP)

Votan en contra: 14 deputados (10 do PSOE e 4 do BNG)

Abstéñense: ningún deputado

### **ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aproba-la subscrición dun convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e Caixa Galicia polo que Caixa Galicia cede á Deputación da Coruña o uso a título gratuíto de 1.268,50 metros cadrados na planta baixa do local sito na rúa Frei Rosendo Salvado nº 14-16 en Santiago, con destino a Centro Xuvenil en Santiago, segundo o texto axunto.

### **CONVENIO**

A Coruña, de                      de 2002

### **COMPARECEN**

**Don José Luis Torres Colomer**, presidente da Deputación provincial da Coruña, actuando en nome e representación desta entidade, a cal ten o seu domicilio en, Rúa Alférez Provisional s/n, da Coruña.

**Don José Luis Méndez López**, director xeral da Caixa de Aforros de Galicia, actuando en nome e representación desta entidade, a cal ten o seu domicilio na cidade da Coruña, nos números 30 e 32 da rúa Rúa Nova; achándose inscrita no Rexistro Especial de Caixas Populares de Aforro do Banco de España co número 130, no Rexistro de Caixas de Aforros Galegas da Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia no libro que leva a rúbrica “Caixa de Aforros de Galicia” e no censo de Entidades Xurídicas do Ministerio de Economía e Facenda co NIF: G-15028947.

## **EXPOÑEN**

- I. A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA ten entre os seus obxectivos a prestación de servizos de carácter supramunicipal no ámbito das competencias recoñecidas nos artigos 22 e 25 da Lei de bases de réxime local, entre as que se encontra a promoción social dos xoves.
- II. CAIXA DE AFORROS DE GALICIA, consonte co disposto polo ordenamento xurídico, realiza a actividade correspondente ó ámbito da súa obra benéfico-social, que é inherente á súa mesma natureza, por medio da creación e o mantemento de obras benéfico-sociais concretas, propias ou en colaboración, adecuadas ó cumprimento dos destinos de carácter benéfico-social que, enunciados con carácter xeral polo dito ordenamento, figuran actualmente concretados e especificados, a título meramente indicativo e clasificados sistematicamente por áreas xenéricas de actuación, no convenio de colaboración outorgado pola Xunta de Galicia e Caixa de Aforros de Galicia, con data do 4 de xaneiro de 2002. Unha das ditas referidas áreas xenéricas de actuación é a titulada “Asistencia social e fomento de emprego”, dentro da cal están incluídas, entre outras actuacións específicas, “Familia, infancia e xuventude”.
- III. Sobre a base das consideracións que anteceden, e unha vez coñecida a vontade da Deputación Provincial da Coruña, favorable á creación dunha obra benéfico-social en colaboración con Caixa de Aforros de Galicia para a creación dun centro xuvenil, o Consello de Caixa de Aforros de Galicia, na súa sesión do día 26 de marzo de 2001, acordou proporlle á Asemblea a creación dun centro xuvenil de ámbito provincial, situado na planta baixa do local situado na rúa Frei Rosendo Salvado núm. 14-16. A dita obra en colaboración foi aprobada e posteriormente modificada, respectivamente, por acordos da Asemblea Xeral de Caixa de Aforros de Galicia con data do 16 de xuño de 2001 e 22 de xuño de 2002.

IV.Á súa vez, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña, en sesión celebrada o día 26 de xullo de 2002, adoptou o acordo de outorgar o presente convenio con Caixa de Aforros de Galicia para a creación da referida obra benéfico-social en colaboración.

V.Conforme a todo o exposto, ámbolos comparecentes, na condición coa que respectivamente comparecen, outorgan neste acto o presente convenio conforme ás seguintes

### **ESTIPULACIÓNS**

**PRIMEIRA**.- A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E CAIXA DE AFORROS DE GALICIA, actuando esta última no ámbito da súa obra benéfico social, crean unha concreta obra benéfico-social en colaboración para executar un proxecto concreto dirixido á asistencia social e ó fomento do emprego no apartado de xuventude, coa finalidade de conseguir o obxectivo concreto que figura explícito no expositivo III do presente convenio, ó que se fai aquí expresa remisión co obxecto de evitar reiteracións.

**SEGUNDA**.- A colaboración de Caixa de Aforros de Galicia na obra benéfico-social que se crea por medio deste convenio consistirá, na achega a título gratuito do uso da parte da planta baixa do local da rúa Frei Rosendo Salvado núm. 14-16, especificada no anexo I deste convenio, situado en Santiago de Compostela para crear o centro xuvenil mencionado no expositivo III. Esta achega enténdese sen menoscabo da conservación por parte de Caixa de Aforros de Galicia da titularidade dominical do local.

**TERCEIRA**.- A colaboración da Deputación Provincial da Coruña na obra benéfico social que se crea por medio deste convenio consistirá na creación dos seguintes servicios no centro xuvenil, que se indican a título meramente enunciativo, co establecemento e financiamento que será responsabilidade directa da Deputación provincial.

1. Servicio de acceso a emprego e formación. Este servicio e en virtude de convenios subscritos previamente pola Deputación Provincial da Coruña coas Consellerías de Familia e Economía da Xunta de Galicia, estará dirixido a facilitar ós xoves o acceso ó emprego, sexa por conta propia ou allea, a través da conexión co Servicio Galego de Colocación e co Igape. Este servicio canalizará igualmente iniciativas de formación cara ás expresadas Administracións.
2. Integrar á xuventude na sociedade do coñecemento e da información. Para este efecto a Deputación Provincial da Coruña instalará unha aula informática, con acceso a Internet, na que estarán instaladas igualmente os servicios do IPE da Deputación Provincial da Coruña, así como a antena dirixida á xuventude.

3. Consonte co convenio subscrito previamente entre a Deputación Provincial da Coruña e a Consellería de Familia ofreceranse ós novos, como antena da Dirección Xeral da Xuventude, os servizos que se especifican no referido convenio e na forma e condicións que nel se establecen.
4. A Deputación Provincial da Coruña establecerá igualmente un servizo de asesoramento social dirixido ós novos, nas expresadas instalacións, no que se prestará atención especial ó apoio da xuventude na busca de primeira vivenda, certificados de calidade de pisos para estudantes, etc.
5. Como servizo de carácter cultural dotarase ó centro de biblioteca, na que se coidará especialmente a conexión coas redes bibliográficas universitarias e outras institucións. Estableceranse así mesmo outros servizos culturais dirixidos á xuventude.
6. Dentro das instalacións e servizos incluíranse igualmente salas de reunións e un salón de actos con capacidade mínima de oitenta persoas, que estarán a disposición trala petición previa de Caixa de Aforros de Galicia para actividades da súa obra benéfico-social.
7. A Deputación Provincial da Coruña establecerá igualmente un servizo de asesoramento na área deportiva para fomentar a práctica do deporte, a constitución de clubs e asociacións deportivas, o acceso a instalacións deportivas titularidade doutras Administracións, a través dos correspondentes convenios e en xeral o desenvolvemento do deporte como instrumento privilexiado de formación e cohesión social.

**CUARTA.**-O acceso ó centro xuvenil será gratuíto, sen prexuízo de que a súa utilización se realice conforme ás condicións e requisitos que se consignen no oportuno regulamento.

**QUINTA.**- O presente convenio entre Caixa de Aforros de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña para o establecemento do centro xuvenil terá unha duración de quince anos, sen prexuízo de que a súa extinción poida ser renovada. De non haber denuncia expresa o ano anterior á súa extinción entenderase prorrogado por períodos quinquenais, con igual prazo de denuncia.

**SEXTA.**- O funcionamento e financiamento do centro xuvenil correrá exclusivamente a cargo da Deputación provincial, así como a relación contractual co persoal ou as empresas de servizos que no seu caso atendan o dito centro, sen que en ningún caso a dita relación poida entenderse realizada con Caixa de Aforros de Galicia.

**SÉTIMA.**- O control e o seguimento da obra benéfico-social en colaboración que se crea por medio do presente convenio serán encomendados a unha comisión paritaria, integrada por dúas persoas nomeadas pola Deputación Provincial da Coruña, e outras dúas nomeadas

por Caixa de Aforros de Galicia, que se reunirá ó menos unha vez ó ano, coa finalidade de exercer o control e seguimento do presente acordo.

**OITAVA.-** O centro xuvenil concíbese como obra social da Deputación Provincial da Coruña en colaboración con Caixa de Aforros de Galicia. Este carácter quedará resaltado expresamente en rótulos identificativos claramente visibles e en toda a documentación, publicidade ou propaganda do expresado centro, na que figurará o logotipo da Obra Social de Caixa de Aforros de Galicia.

**NOVENA.-** Serán causas para a resolución do presente convenio, a instancia dunha das partes colaboradoras, o incumprimento total ou parcial pola outra parte das obrigas asumidas por ela en virtude del e o falseamento ou ocultación, tamén pola outra parte, de datos relativos á execución do proxecto.

**DÉCIMA.-** O presente convenio queda suxeito á condición suspensiva consistente en que consonte co disposto polo decreto do Consello do Xunta de Galicia 261/1999, do 17 de setembro, polo que se desenvolve a regulación da obra benéfico-social das caixas de aforros galegas, a Consellería de Economía e Facenda autorice o acordo da Asemblea Xeral de Caixa de Aforros de Galicia, con data do 22 de xuño de 2002, que aprobou os termos definitivos da nova obra benéfico-social en colaboración á que se refire o presente convenio.

**UNDÉCIMA.-** En cumprimento do disposto polo artigo 3º-1 do Decreto do Consello da Xunta de Galicia 261/1999, do 17 de setembro, polo que se desenvolve a regulación da obra benéfico social das caixas de aforros galegas, o presente convenio sométese expresamente á normativa de control e fiscalización aplicable á obra benéfico-social.

Os comparecentes, na representación coa que respectivamente comparecen, dan a súa conformidade ó presente convenio, asinando, en proba dela, no lugar e na data expresado no encabezamento.

D. José Luis Torres Colomer  
Presidente  
DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
DA CORUÑA

D. José Luis Méndez López  
Director Xeral  
CAIXA DE AFORROS DE  
GALICIA”

**21.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 2/02 E RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS, DE APROBACIÓN POLO PLENO DA CORPORACIÓN.**



## INTERVENCIONES

Sr. Rodríguez Doval

Serei tan breve como breve é o transfondo do propio expediente de modificación de créditos, digo isto porque, á marxe do reaxuste nalgúns partidas, que supón, efectivamente, un montante global importante dentro do propio expediente de modificación de créditos, pero que non é máis ca iso, que un reaxuste dentro das partidas que existen, podemos cualificar este expediente como bastante pouco profundo e, desde logo, escasamente, non diría eu, inoportuno, non diría que é inoportuno, senón que é escasamente oportuno, porque penso que se pode aproveitar para atender outras cousas que polo menos na mente dalgúns dos que estamos aquí figura.

En calquera caso si quería facer referencia a tres temas específicos que se conteñen dentro do expediente, por unha banda a achega, xa sei que non supón economicamente moito, pero en calquera caso si queriamos dicilo aquí, porque no seu momento, cando se debateu a adhesión á Fundación Democracia e Goberno Local, o conxunto dos informes, incluso o propio debate que houbo aquí, parece que acreditaban que iso non suporía ningún tipo de achega económica, e en calquera caso nosoutros así lle demos o noso voto favorable, na medida en que parece que se trataba dunha participación, máis operativa ca outra cousa, sabemos que despois as cousas teñen unha segunda lectura, e agora xa, como dicía o outro, xa empezan a pedir diñeiro.

En segundo lugar, queriamos si facer unha mención máis profunda sobre o tema, ou a reiteración, a unha partida que figura aquí, que supón, unha vez máis, unha subvención directísima a unha competencia, neste caso supoño que non se discutirá e non se dirá que é unha competencia compartida, porque de momento, que eu saiba, non está definido como unha das funcións das deputacións, e especificamente da Deputación Provincial da Coruña, por moito mar que teñamos, atender ás confrarías de pescadores. E, polo tanto, o noso desacordo total e absoluto con que se inclúa aquí unha partida para funcionamento, ou para a compra de medios que, en todo caso, ten que resolver a Administración correspondente, que é a Consellería de Pesca.

E, finalmente, tamén a nosa discrepancia, pero iso xa se discutiu aquí no seu momento, coa achega que figura aquí para a ampliación do museo editorial da Fundación Fernández Latorre, non tanto porque nos pareza que non teña que existir o museo, todo o contrario, senón porque, efectivamente, xa se discutiu aquí extensamente sobre o tema dos convenios e de cáles eran os propios textos dos convenios.

En calquera caso, nosoutros imos manter unha posición de abstención, xa digo, polo exigüo interese deste expediente de modificación de créditos, pero si dicía que nos estraña que outras cousas que son clamores, non se inclúan neste expediente de modificación de créditos, e queríamos aproveitar para dicir que boa oportunidade tivo o grupo de goberno para reflectir, cunha práctica política concreta, unha das necesidades que se veñen demandando dunha maneira acuciante desde a maioría dos concellos, que é o tema da situación das vías provinciais. Xa se discutiu aquí este tema, pero realmente é penoso e lamentable a situación da rede viaria que, a comezos do mes de xuño, mesmo do mes de xullo nalgúns casos, aínda non se lle fixo limpeza de beirarrúas. É dicir, eu creo que realmente vendemos pouco o produto da deputación, e estamos pouco tamén.

Entón, eu fago esta chamada de atención para que se faga unha primeira limpeza no mes de abril e unha segunda limpeza no mes de setembro antes de que chegue o inverno. Acábase de facer unha, xa sabemos que verán temos e cando nos encontremos co final do verán, imos estar no inverno como cando estabamos hai un mes, ou mes e pico, no que se fixo limpeza. Polo tanto, si que nos estraña que este tipo de cousas que son, isto si que tamén son os intereses da provincia, e non sabemos por qué realmente non figuran aquí. Pero ben, quería dicilo como pincelada, a modo tamén de certa sorpresa, de algo sobre o que se machaca moito aquí, pero que despois non se reflicte en accións políticas específicas.

Reitero a nosa abstención con respecto ó expediente. Moitas grazas.

Sr. Lagares Pérez

Moi brevemente, Sr. presidente, para ratificar o noso voto favorable que xa anunciamos na Comisión Informativa correspondente, trasladando os argumentos que alí dixemos tocante ás determinadas partidas da cuestión social que veñen, que se fai un cambio delas, e que en xeral todos os puntos nos parecen positivos de cara ós cidadáns da provincia. Polo tanto, o noso voto será favorable.

Sr. Erias Rey

En todo caso, agradecer ós grupos a valoración favorable e de abstención que fan a este expediente. Este expediente responde ó que ten que ser un expediente, é dicir, cumprir cos compromisos adquiridos e, por outra parte, como desde este grupo de goberno viñemos anunciando, nunca orzamos por riba do que poidamos realizar, cando o que podemos realizar é necesario suplementalo, así o vimos facendo, e é o que traemos aquí. Polo que respecta ás consideracións feitas polo Sr. Doval, é dicir, que é un expediente breve, que é pouco profundo e pouco oportuno, contéstase por si só, é dicir, o expediente é o que é, é dicir, son 23 expedientes, dos cales 16 son suplementos de crédito e 4 que teñen que ver con baixas simultáneas, que se producen noutras partidas, e 3 créditos extraordinarios, é

dicir, escasamente un 4,5% do total son créditos extraordinarios, polo tanto, iso significa que nosoutros estamos cumprindo coa maneira de orzar e de desenvolver tamén o compromiso político.

¿Que non atende ás necesidades?, home, creo que non é certo. Precisamente estamos atendendo a todas as necesidades que ou ben non tiñan a dotación suficiente, ou aquelas necesidades novas que surxiron e que cremos que son urxentes, por iso traémolos neste expediente.

E xa, por último, direille dúas cousas. Con respecto ó tema de vías provinciais, esta corporación, creo que por primeira vez, propuxo unha actuación, tanto a curto prazo, cunha actuación importantísima nas vías provinciais como a medio e longo prazo, cunha decidida vontade de continuar comprometendo os recursos, unha vez, claro, que se teñan os proxectos, que se teñan as expropiacións e que xa se poidan desenvolver estes. Loxicamente, orzamos 1.500 millóns este ano, que suplementamos ata cerca dos 2000 e que ademais suplementamos tamén xa no primeiro expediente modificativo de créditos das expropiacións, para poder realizar as actuacións que sexan necesarias, naquelas obras de estradas provinciais que xa teñen expedientes e que xa dispoñen dos terreos, e estase actuando inmediatamente.

Con respecto á limpeza e con respecto á reparación, teño que lle dicir que están contratadas, teño que lle dicir que se están executando e, polo tanto, non é moi adecuada a crítica de que esa é unha prioridade que non se está atendendo, xa está atendida, e como está atendida e non ten a necesidade, porque se poñen 800 millóns de pesetas, non neste orzamento, no orzamento do ano pasado, para reparación, mantemento e todo o que supoñen os gastos de limpeza, creo que iso non é moi adecuado.

Respecto ó que nos di das confrarías de pescadores, pois fíxese vostede, esta é unha necesidade que viña detectando a Deputación provincial e que, no seu momento, cando orzamos, puxemos un crédito que non foi suficiente para atender a demanda tan importante que tivo esta acción e a boa valoración que están tendo as confrarías para levar a cabo as tarefas que lle son propias. Neste senso, o único que facemos é completar orzamentariamente aquela necesidade que politicamente criamos que debiamos de atender e que ademais así o fixemos explícito. Isto está no orzamento, non o creamos de boas a primeiras, senón que simplemente estamos poñendo unha cantidade adicional porque cremos que debemos de facelo e desta maneira facémolo.

Que se a Fundación Fernández Latorre, ou outro tipo de plans, estamos poñéndolles recursos que vostedes non comparten, direille, mire, nosoutros o crédito orzado no 2001 non puido incorporarse, igual que sucedeu co Plan XXI de turismo da natureza nalgúns casos, porque non tiñan todo o expediente completo os concellos. Entón, ¿que é o que

estamos facendo?, comprometémonos a que imos desenvolver este tipo de obra, pois mantemos o compromiso, e se cómpre recorrer ó remanente, pois facémolo desta maneira.

Polo tanto creo que hai coherencia co que viñemos desenvolvendo a través da proposta que fixemos de orzamento, e despois dos compromisos adquiridos. Polo tanto, sinto non estar de acordo cos comentarios que fai, pero en todo caso, agradecemos, diríamos que esa abstención, que tamén no fondo eu creo que é un voto de confianza.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 26 deputados (16 do PP e 10 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

### **ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Unha vez analizada a documentación presentada segundo o establecido no artigo 37 do R.D. 500/90, do 20 de abril, e que ten o detalle seguinte:

-Memoria da Presidencia

-Detalle das partidas orzamentarias que se han suplementar ou habilitar crédito, e o medio de financiamento previsto para isto.

-Propostas das distintas unidades, que detallan o carácter específico e determinado do gasto que se vai realizar e a imposibilidade de demoralalo a exercicios posteriores.

-Informe da Intervención Xeral.

E de conformidade co artigo citado, adóptase o seguinte acordo:

1º.-Consonte co que establece o artigo 26 do R.D. 500/90, do 20 de abril, recoñécense obrigas de pagamento por importe total de 52.216,15 euros a favor das persoas físicas e xurídicas que a seguir se detallan:

A favor de Unión Eléctrica Fenosa, S.A., correspondente á factura núm. FN001424 do 07.11.1996 por importe de 36.744,31 euros, pola variante liñas eléctricas de M.T. e B.T. na E.P. 3006 Acceso á Zapateira.

A favor de Telefónica de España, S.A. correspondente á factura núm. 15COCA200008, do 30.03.2000 por importe de 15.471,84 correspondente ó traslado de

postes telefónicos necesarios para executar o proxecto “Ampliación e mellora do trazado na E.P. 0206 de Milladoiro a Viduido de Abaixo”.

2º.-Aprobación inicial do Expediente de Modificación de Créditos nº 2/02 de competencia do Pleno, en trámite dentro do vixente orzamento xeral, por importe de 2.201.225,90 euros, e que ofrece o seguinte resumo:

**AUMENTOS:**

CE. CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS	61.530,61
SC. SUPLEMENTOS DE CREDITO	<u>2.139.695,29</u>
<b><u>TOTAL DE AUMENTOS</u></b>	<b><u>2.201.225,90</u></b>

**BAIXAS: (Financiamento)**

BA. BAIXAS POR ANULACIÓN	682.949,48
RX. R.T. GASTOS XERAIS	<u>1.518.276,42</u>
<b><u>TOTAL DE BAIXAS</u></b>	<b><u>2.201.225,90</u></b>

3º.-Expór ó público o dito expediente no BOP polo prazo de quince (15) días hábiles, para os efectos de reclamacións contra este, a teor do establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado R.D. 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularan reclamacións considerarase definitivamente aprobado sen necesidade de adoptar novo acordo. De presentárense reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

4º.-O resumo por capítulos do dito expediente, deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, a teor do establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril.”

**9.- APROBACIÓN DEFINITIVA DOS ESTATUTOS DO CONSORCIO PROVINCIAL QUE REALIZARÁ A PRESTACIÓN DO SERVICIO CONTRA-INCENDIOS E SALVAMENTO.**

**INTERVENCIONES**

Sra. Vázquez Veras

Intervención breve, non pola hora que estamos, senón porque este punto foi abundantemente tratado en distintos actos corporativos, desde a aprobación plenaria, onde se acordou a creación do consorcio provincial, ata as dúas asembleas constitutivas que celebramos conxuntamente a deputación e o representante da Xunta de Galicia, unha para aprobar os estatutos inicialmente e a outra en resposta ás alegacións que presentou o BNG. Polo tanto, vou obviar, evidentemente na miña intervención todo o que é referido ó posicionamento do Bloque respecto a este punto porque foi, eu penso que clarificado en todos estes actos institucionais.

En todo caso na miña intervención e, evidentemente, porque non hai un cambio, é obvio tamén o noso voto en contra, e quería facer tres sinalizacións.

En primeiro lugar, o que se refire a ese informe desfavorable que existe no informe da Secretaría Xeral respecto do incumprimento do artigo da lei de Administración local de Galicia onde se recolle que os estatutos non recollen así mesmo o espírito e a letra e o contido do artigo no referido á representación do consorcio provincial, a nosoutros parécenos moi grave que unha institución como a deputación, e moito máis o que é a Consellería de Xustiza e Relacións da Xunta de Galicia, fagan un incumprimento dunha lei que foi aprobada polo Parlamento Galego.

En segundo lugar que é unha pena para nosoutros tamén que non se recollan os aspectos que sinala a intervención provincial no senso de que non é normal que se cree un organismo que vai ter uns custos de mantemento continuados, e que isto non estea cuantificado. Eu non sei que sería desta deputación, ou de calquera organismo público se fai creación de servicios sen ter antes cuantificados os custos destes servicios. E en terceiro lugar, pena para nosoutros tamén, que todo este proceso rocambolesco de creación dos parques de bombeiros, chéguenos a data no que cinco das oito instalacións de parques de bombeiros están recepcionadas e recibidas, algún utilícese como única e exclusivamente no seu apartado de instalación de protección civil, e outra, por exemplo, como é o caso de Carballo, que se está utilizando neste momento como almacén, segundo nos conta no informe que nos foi entregado da situación actual das obras dos parques de bombeiros.

En todo caso, confirmar o noso voto negativo e esperar que sexa a última experiencia que teñamos nesta Deputación provincial de cómo non se deben de facer as cousas.

Sr. Fernández Moreda

Como xa o noso posicionamento opinamos sobre isto na asemblea que tivemos despois do Pleno do 15 de xullo, non ten senso reiterar argumentos. Moi brevemente, para

dicir que imos votar non por unha razón simple, porque hai un informe desfavorable do secretario da deputación, e é moi serio. O secretario di que se está incumprindo a Lei de Administración local de Galicia en dous puntos, no punto que di que se respectará o pluralismo político existente na corporación e que os representantes da deputación deben de ser elixidos no Pleno.

A nosoutros non nos pode pedir que votemos que si a algo que nos priva duns dereitos que a lei nos dá. Polo tanto, máis brevemente non pode ser, imos votar que non, porque entendemos que isto, é moi seria a advertencia do secretario, e que entendiamos e creiamos que o equipo de goberno traería a este Pleno unha emenda para subsanar os problemas que pon de manifesto o secretario da deputación.

#### Sr. Varela Rey

No tocante ó nomeamento do representante, loxicamente a intención deste goberno é que tome coñecemento o Pleno tamén desta deputación para participar nese mesmo sentido.

No tocante ó aspecto económico, o estudio económico financeiro, aínda que a cuantificación non estea explícita no informe, si está cuantificado cál é o investimento que pode supor por parque de bombeiros en canto ó modelo de funcionamento.

En canto a un parque de bombeiros recibido, como é o de Carballo, permítaseme que conteste por coñecemento del. Cando fala que se está utilizando dunha determinada maneira, dá a impresión como almacén, que está almacenando algo que non debería estar alí, pois eu teño que manifestar que no parque de bombeiros de Carballo o que se poida estar utilizando alí é primeiro acondicionado o entorno por parte do concello, para deixar o parque completado coas obras. A deputación fai o edificio, fai o peche, pois a maiores estamos facendo o axardinamento, para que aquilo quede ademais como unha obra magnífica, e logo se nalgún momento se fai algún tipo de utilización é por parte de protección civil, que ademais é unha entidade da cal nos sentimos moi orgullosos en Carballo, e que o está facendo cos fins pretendidos en todo momento que poida ter esa instalación, nunca en absoluto con ningunha outra finalidade. Moitas gracias.

### VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (PP)

Votan en contra: 14 deputados (10 do PSOE e 4 do BNG)

Abstéñense: ningún deputado

## ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aprobar, con carácter definitivo os Estatutos do consorcio provincial que realizará a prestación do servicio contra incendios e salvamento na provincia da Coruña, que a continuación se relacionan, aprobados inicialmente pola Comisión Xestora en sesión do 5 de abril de 2002, aprobados por carácter provisional pola asemblea prevista no artigo 139 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e que foron informados favorablemente pola Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais o 17 de xullo último:

### **“ESTATUTOS DO CONSORCIO PROVINCIAL DA CORUÑA PARA A PRESTACIÓN DO SERVICIO CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO**

As Administracións públicas teñen encomendada a prestación dunha serie de servicios ós seus cidadáns. Para mellora-la calidade destes servicios é necesario o establecemento de novas formas asociativas das administracións afectadas que fagan posible a aplicación dos principios de economía e eficacia. Neste senso a Comunidade Autónoma de Galicia ten asumidas competencias sobre as materias de prevención e extinción de incendios e de protección civil. Unha organización axeitada permitirá unha resposta eficaz ante calquera circunstancia que poida supoñer un perigo para a vida e bens das persoas, así como a optimización e racionalización dos medios e recursos dispoñibles.

O decreto 161/2000, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, encoméndalle a planificación e coordinación dos plans e programas dos servicios contraincendios e salvamento local á Dirección Xeral de Administración local, sen perxuízo das competencias que lle correspondan á Dirección Xeral de Interior e Protección Civil, consonte á función operativa de Protección Civil, así como das atribuídas por Lei ás administracións locais. De acordo co disposto no art. 26.c da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local, corresponde ós concellos, por si ou asociados, a prestación, entre outros, dos servicios seguintes: "nos concellos con poboación superior a 20.000 habitantes, servicios de protección civil, prevención e extinción de incendios. As Deputacións provinciais teñen atribuída pola súa parte a competencia de cooperación e asistencia ós concellos, garantindo a prestación integral e adecuada dos servicios que estes teñen encomendados pola lei.

A Deputación provincial da Coruña, en virtude das competencias que lle son propias e ó abeiro do disposto no art. 30.6 d) e h) do RDL 781/86 de 18 de abril, texto refundido



das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, xestionou varias actuacións en materia de colaboración cos concellos en materia de extinción e prevención de incendios.

A Lei 7/85, reguladora de bases de réxime local establece no seu art. 87 que : "As entidades locais poden constituír consorcios con outras administracións públicas para fins de interese común ou con entidades privadas sen ánimo de lucro que persigan fins de interese público, concorrentes coas administracións públicas".

A Lei 5/97 de administración local de Galicia establece a consideración das provincias como entidades locais territoriais. Conforme co art. 149, as entidades locais galegas poderán, con carácter voluntario, constituír consorcios locais entre si, ou con outras administracións públicas para fins de interese común.

Doutra banda, tamén se debe ter en conta a decisión do Consello da Unión Europea do 29 de xullo de 1991, pola que se crea o número único (112) para as chamadas de urxencia, e o acordo do goberno da Xunta de Galicia, de setembro de 1997, para a prestación do servizo público de atención de urxencias en Galicia a través do número telefónico 112. Neste número deberán quedar integrados os servizos contraincendios e salvamento dos centros asociados, entre eles. De acordo coas consideracións precedentes, as administracións participantes xustifican a concepción e a adopción da fórmula do consorcio como a organización idónea para facilitar a súa coordinación e leal cooperación e, en consecuencia, deciden constituír o consorcio que se rexerá polos presentes estatutos:

## CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

### Artigo 1. ENTIDADES ASOCIADAS

-Ó abeiro do establecido na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia, artigos 149 e seguintes, así como na demais lexislación vixente, constitúese o Consorcio provincial da Coruña para a prestación do servizo contraincendios e salvamento, integrado pola Xunta de Galicia e a Deputación provincial da Coruña.

### Artigo 2. CONSTITUCIÓN DO CONSORCIO

-Para a constitución do Consorcio requírese o acordo previo correspondente e a aprobación definitiva dos seus estatutos por parte do Pleno da Deputación provincial, así como o acordo do Consello da Xunta de Galicia.

- Os estatutos aprobaranse mediante decreto da Xunta de Galicia que se publicará no Diario Oficial de Galicia xunto co seu texto íntegro.

- Unha vez publicados os estatutos, convocarase a tódolos representantes das entidades que o integran co gallo de elixi-los órganos rectores e inicia-lo seu funcionamento.

### Artigo 3. CARÁCTER

O Consorcio constitúese voluntariamente e por un período de tempo indefinido. Ten carácter administrativo e personalidade xurídica propia e independente das entidades que o integran, así como capacidade xurídica para o cumprimento dos fins estatutarios. O Consorcio contará con patrimonio propio e desenvolverá a súa actividade conforme a un orzamento independente.

### Artigo 4. SEDE

1. O Consorcio terá a súa sede no pazo provincial da deputación no concello da Coruña.

### Artigo 5. OBXECTO

Constitúe obxecto do Consorcio a prestación, por calquera das modalidades previstas na lexislación aplicable, do servizo contraincendios e salvamento. Entre os fins do consorcio estará a colaboración cos servizos municipais de protección civil dos concellos para o salvamento de persoas e bens, a prevención e extinción de incendios, a prevención e actuación ante calquera tipo de sinistro ou situación de risco e o asesoramento e asistencia , formación e información en materia de seguridade, que afecten a persoas, edificacións e instalacións.

### Artigo 6. ÁMBITO

1. O servizo a prestar polo Consorcio extenderase, coas especificidades en canto ámbito territorial que se vaian fixando polo Pleno do Consorcio, á provincia da Coruña. Así mesmo, actuará fóra do ámbito que lle é propio, nos casos de sinistro, calamidade, catástrofe e grave perigo, cando fose requirido para iso, sempre que o demanden os órganos competentes e o autorice o presidente do Consorcio. En calquera caso efectuarase, se así procedese, a correspondente liquidación de gastos orixinados pola prestación do servizo, que deberán ser aboados polos beneficiarios destes.

2. O Consorcio asume o exercicio das competencias das entidades consorciadas cando a lexislación vixente obrigue a estas ó cumprimento dos fins expresados no artigo anterior.

3. Formará parte da rede de emerxencias do Servicio 112 - SOS-GALICIA, conforme co protocolo de actuación que se establecerá ó efecto.

#### Artigo 7. RÉXIME XURÍDICO

Sen perxuízo do establecido nos presentes estatutos, entenderase tamén de aplicación, cando así proceda, o disposto tanto na normativa básica de réxime local, como na Lei da administración local de Galicia, e demais normativa que, no seu caso se dicte en desenvolvemento da mesma.

2- O Consorcio regulará o réxime interno e de funcionamento dos seus propios servicios, de acordo coa lexislación do réxime local, do réxime xurídico das administracións públicas e dos presentes estatutos.

#### CAPÍTULO II. ÓRGANOS DE GOBERNO

#### Artigo 8. ÓRGANOS

Os órganos de goberno e de xestión do Consorcio son os seguintes:

- Pleno
- Presidente
- Vicepresidente
- Consello consultivo

#### Artigo 9. PLENO

O Pleno do Consorcio, máximo órgano colexiado deste, estará integrado por:

- Presidente da deputación ou deputado en quen delegue
- Conselleiro con competencias en administración local ou persoa en quen delegue.
- Dous deputados da Deputación provincial designados polo presidente da deputación.
- Dous representantes da Xunta de Galicia designados pola Consellería con competencias en materia de administración local.

-Con voz, pero sen voto, asistirán:

\* O funcionario que desempeñe as funcións de secretario e interventor do Consorcio.

\* O xerente do Consorcio.

\*A petición da maioría dos membros con voto do Pleno do Consorcio, poderá convocarse con voz, pero sen voto e coa única finalidade de obter información e asesoramento para casos concretos, ós responsables técnicos e membros de administración ou de entidades públicas ou privadas que se consideren oportunas

## Artigo 10. PRESIDENTE E VICEPRESIDENTE

O presidente será elixido polo Pleno do Consorcio por maioría absoluta do número legal dos membros deste. De igual xeito, será elixido o vicepresidente. Os cargos de presidente e vicepresidente renovaranse cada vez que se renoven os cargos das administracións consorciadas como consecuencia da celebración de eleccións ou outros cambios que se produzan nelas e que así o fixese necesario. Para tal efecto, o Pleno do Consorcio deberá celebrar sesión dentro do mes seguinte ó da sesión constitutiva das corporacións consorciadas. O presidente exercerá as competencias que se lle atribúen nos presentes estatutos. O vicepresidente substituirá ó presidente nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade e nos demais que regulamentariamente proceda. Exercerá as mesmas competencias que o presidente durante o tempo que dure a substitución.

## Artigo 11. CONSELLO CONSULTIVO

Para asesoramento e informe das materias que se determinen crearase un Consello Consultivo integrado do seguinte xeito:

- Presidente: presidente do Consorcio ou membro do Pleno en quen delegue.
- Os alcaldes dos concellos onde se ubiquen os parques ou subparques que o Consorcio acorde poñer en marcha.
- 2 representantes da Xunta de Galicia designado polo conselleiro con competencias en materia de Administración local.
- 2 representantes da Deputación provincial designado polo seu presidente.
- 6 alcaldes máis, en representación dos restantes concellos da provincia, que se atopen comprendidos nas zonas de influencia de cada un dos parques que se instalen.

Para estes efectos, e no momento da posta en marcha de cada parque, o Pleno do Consorcio determinará a área de actuación sobre a que despregar a súa cobertura, sen perxuízo de que, no exercicio das funcións de coordinación que corresponden ós órganos de goberno do Consorcio, tódolos medios, tanto humanos como materiais, correspondentes a tódolos parques poderán estender o seu radio de actuación, se fose necesario, a calquera punto da provincia da Coruña.

## Artigo 12. CESAMENTO DOS MEMBROS

Os membros do Pleno e do Consello Consultivo, poderán cesar por acordo do mesmo órgano que os nomease, ou pola perda da condición de membro da institución que representen.

## Artigo 13. ATRIBUCIÓN DO PLENO

As atribucións do Pleno serán as seguintes:

- 1) A organización do Consorcio
- 2) Iniciativa e aprobación da integración e separación de entidades no Consorcio.
- 3) A aprobación das ordenanzas
- 4) A aprobación e modificación dos orzamentos, a disposición de gastos dentro dos límites da súa competencia e a aprobación provisional das contas; todo iso conforme co disposto na Lei reguladora das facendas locais
- 5) Aprobación do programa anual de actividades
- 6) Aprobación da memoria anual de actividades xunto co seu seguimento control e valoración.
- 7) Aprobación de convenios, concertos e acordos de cooperación, colaboración ou calquera outros que se establezan coas administracións públicas ou entidades privadas.
- 8) Adquisicións de bens e dereitos, a transacción sobre eles, e a concesión de quita e espera, agás que as competencias estean atribuídas expresamente por lei a outros órganos
- 9) Control e a fiscalización dos órganos do goberno
- 10) A aprobación do cadro de persoal, a relación dos postos de traballo, a fixación da contía das retribucións complementarias fixas e periódicas dos funcionarios, e o número e réxime do persoal eventual
- 11) Facer delegacións de competencias nos órganos de goberno do Consorcio que considere oportunos, a este respecto estarase ó disposto pola normativa de réxime local respecto das competencias susceptibles de delegación
- 12) A administración do patrimonio
- 13) A alteración da cualificación xurídica dos bens de dominio público
- 14) O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa do Consorcio no referente á competencia plenaria
- 15) A concentración das operacións de crédito nas que a súa contía acumulada no exercicio económico exceda do 10 por 100 dos recursos ordinarios agás as de tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por 100 dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior, todo iso de conformidade co disposto na Lei reguladora de facendas locais
- 16) As contratacións e concesións de todo tipo, cando o seu importe supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento, e, en todo caso, os 6.010.121,04€, así como os contratos e concesións plurianuais cando a súa duración sexa maior de catro anos en todo caso, e os plurianuais de duración menor cando o seu importe acumulado supere a porcentaxe indicada, referido ós recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, e en todo caso, cando sexa maior á contía sinalada nesta letra
- 17) A aprobación dos proxectos de obra e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e cando aínda non estean previstos nos orzamentos

- 18) Aprobación de pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas para a execución de proxectos de obras, servicios e subministracións que sexan da súa competencia
- 19) A adquisición de bens e dereitos cando o seu valor supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento, así coma os alleamentos patrimoniais nos seguintes supostos:
- Cando se trate de bens inmobles ou de bens mobles, que estean declarados de valor histórico ou artístico e non estean previstos no orzamento
  - Cando estando previstas no orzamento, superen a porcentaxe e a contía que se indican para as adquisicións de bens
- 20) Aquelas atribucións que deban corresponder ó Pleno por esixi-la súa aprobación unha maioría especial
- 21) As demais que expresamente lle atribúan as leis

#### Artigo 14. COMPETENCIAS DO PRESIDENTE DO CONSORCIO

Serán funcións propias do presidente as seguintes :

- 1) Dirixi-lo goberno e a administración do Consorcio.
- 2) Representa-lo Consorcio
- 3) Convocar e presidi-las sesión do Pleno e calquera outro órgano do Consorcio, e decidi-los empates co voto de calidade
- 4) Presenta-lo proxecto de orzamento ordinario
- 5) Supervisa-lo funcionamento administrativo e técnico do Consorcio, en especial a actuación do xerente como xefe directo do mesmo, dando conta ó pleno
- 6) Autorizar e ordenar gastos e pagamentos con cargo ós orzamentos do Consorcio, de acordo coa lexislación vixente
- 7) Dirixir, inspeccionar e impulsa-los servicios e obras nos que a súa titularidade e o seu exercicio corresponde ó Consorcio
- 8) Tódalas facultades en materia de persoal que non teña atribuídas o pleno
- 9) O desenvolvemento da xestión económica de acordo co orzamento aprobado, dispoñer gastos dentro dos límites da súa competencia, concertar operacións de crédito, excluindo as contempladas no artigo 158.5 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, sempre que aquelas estean previstas no orzamento e o seu importe acumulado dentro de cada exercicio económico non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios, agás os de tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada intre non supere o 15 por 100 dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior, ordenar pagamentos e render contas; todo isto de conformidade co disposto na Lei reguladora das facendas locais.
- 10) Aproba-la oferta de emprego público de acordo co orzamento e o cadro de persoal aprobados polo Pleno, aproba-las bases das probas para a selección do persoal e para os

concursos de provisión de postos de traballo e distribuí-las retribucións complementarias que non sexan fixas e periódicas

11) Desempeña-la xefatura superior de todo o persoal, a acorda-lo seu nomeamento e sancións, incluída a separación do servizo dos funcionarios do Consorcio e o despedimento do persoal laboral, dando conta ó Pleno na primeira sesión que celebre

12) Exercicio das accións xudiciais e administrativas e a defensa do Consorcio nas materias da súa competencia, incluso cando as delegara noutro órgano, e, en caso de ausencia, en materias da competencia do Pleno, e neste último suposto dando conta a este na primeira sesión que celebre para a súa ratificación

13) Presidi-las poxas e adxudicar provisionalmente o remate

14) As contratacións e concesións de toda clase, cando o seu importe non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento; incluídas as de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de tódalas súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido ós recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada

15) A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos nos orzamentos

16) A adquisición de bens e dereitos cando o seu valor non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento, así coma o alleamento do patrimonio que non supere a porcentaxe e a contía indicados nos seguintes supostos: A de bens inmoebles sempre que estea prevista no orzamento; A de bens móbiles, agás os declarados de valor histórico ou artístico nos cales a seu alleamento non se encontre previsto no orzamento

17) Ordena-la publicación e execución e facer cumpri-los acordos do Consorcio.

18) O exercicio daquelas outras atribucións que non estean expresamente atribuídas a outros órganos

19) Render contas das operacións levadas a cabo en cada exercicio económico

20) As demais que expresamente veñan atribuídas na normativa legal aplicable, ós presidentes de entidades locais, e aqueloutras que a normativa asigne ás entidades locais sen atribuílas a ningún outro órgano. O presidente pode delega-lo exercicio das súas atribucións, agás a de convocar e presidi-las sesións do Pleno, concertar operacións de crédito, a xefatura superior de todo o persoal, a separación do servizo dos funcionarios e o despedimento do persoal laboral, e as enunciadas nos apartados 1 e 12 do número anterior.

## Artigo 15. COMPETENCIAS DO CONSELLO CONSULTIVO

Corresponderá ó Consello Consultivo a emisión con carácter previo de informe preceptivo, á adopción polo Pleno do Consorcio dos seguintes acordos:

a) Aprobación da memoria anual de actividades xunto co seu seguimento, control e valoración.

b) Proposta de convenios, concertos e acordos de cooperación, colaboración ou calquera outros que se establezan coas administracións públicas ou entidades privadas. Así mesmo o Consello Consultivo servirá de comité asesor de protección civil a nivel provincial e entidade de apoio ó presidente do Consorcio, asumindo as funcións previstas no artigo 14 do decreto 378/98, do 4 de decembro, polo que se aproban as medidas de coordinación de protección civil. Así mesmo poderá emitir dictame sobre calquera asunto sempre que sexa solicitado polo presidente do Consorcio ou pola maioría absoluta dos membros do Pleno. As funcións de secretario do Consello Consultivo serán exercidas por quen exerza as funcións de secretario do Consorcio, de acordo co previsto no artigo 17.

#### Artigo 16. XERENTE

1. O xerente é o órgano ó que corresponde realiza-la xestión ordinaria dos asuntos de competencia do Consorcio, baixo a inmediata dirección e dependencia do presidente. Terá a consideración de persoal eventual de acordo co establecido no artigo 104 da Lei 7/85 de bases de réxime local, e demais normativa da función pública.

2. Serán funcións do xerente :

- a) Dirixir, xestiona-los servicios e resolve-los asuntos que se lle asignen.
- b) Elaborar e presenta-lo anteproxecto de orzamentos, os plans de actuacións e o programa de necesidades do Consorcio.
- c) Prestar asistencia técnica ó presidente e ó Pleno.
- d) Informa-los asuntos que deban tratarse nas sesións do Pleno.
- e) Exerce-la dirección do persoal ó seu cargo, baixo a dependencia do presidente así como propoñe-las reformas que supoñan unha mellora do funcionamento, das dependencias e servicios.
- f) Prepara-los expedientes para a adquisición de material e realización de obras de mellora e mantemento do servicio, así como os demais que se refiren ó funcionamento do Consorcio.
- g) Propoñer ó presidente do Consorcio os pagamentos que deban realizarse
- h) Propoñer e tramita-la contratación, destino, ascensos, excedencias, xubilacións, permisos e baixas do persoal do Consorcio, segundo as disposicións legais vixentes.
- i) Elabora-las estatísticas de actividades realizadas, así como a memoria anual acerca do funcionamento, custo e rendemento dos servicios ó seu cargo, propoñendo as modificacións encamiñadas a unha maior eficacia do servicio.
- j) Asistir ás sesións do Pleno con voz e sen voto.
- k) As demais funcións que o Pleno lle encomende.

#### Artigo 17. FUNCIONES RESERVADAS A FUNCIONARIOS DA ADMÓN. LOCAL CON HABILITACIÓN DE CARÁCTER NACIONAL



No cadro de persoal e na relación de postos de traballo do Consorcio fixaranse as prazas e postos necesarios para o exercicio das funcións reservadas a habilitados de carácter nacional, que serán exercidas do seguinte xeito:

- a) A través de funcionario ou funcionarios con habilitación nacional, de acordo co sistema de provisión previsto no real decreto 1732/1994, de 29 de xullo, sobre provisión de postos de traballo reservados a funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional.
- b) A través do servizo de asistencia da deputación, de acordo co establecido no artigo 5 do devandito texto regulamentario.

As funcións que van desempeñar son: asistir ás reunións do Pleno, convocando ós compoñentes, por orde do seu presidente, e notificando a orde do día.

Formalizar e cumprir os acordos adoptados nas sesións, así como levantar acta deles.

Asesorar e asistir xuridicamente ós órganos de goberno do Consorcio.

Calquera outras que lle veñan atribuídas polo ordenamento xurídico.

### CAPÍTULO III. RÉXIME FUNCIONAL

#### Artigo 18. REUNIÓN

1. O Pleno reunirase en sesión ordinaria unha vez cada tres meses.
2. Celebrarase sesión extraordinaria a pedimento do presidente cando o considere oportuno ou a pedimento dun tercio dos membros do Pleno.
3. O presidente poderá convocar sesións extraordinarias con carácter urxente. Nas ditas convocatorias non se esixirá a antelación mínima de 5 días á que se refire o artigo 19.1. Nas sesións extraordinarias urxentes, o Pleno deberá pronunciarse previamente sobre a urxencia da sesión. De non apreciarse a dita urxencia por maioría simple, levantarase acto seguido a sesión, para estes efectos para o cómputo das maiorías estarase ó sinalado no artigo 20.
4. O Consello Consultivo reunirase sempre que así o acorde o presidente do Consorcio, ou ben o soliciten a maioría absoluta dos membros do Pleno do Consorcio ou do Consello Consultivo.

#### Artigo 19. CONVOCATORIA

1. O presidente convocará as sesións cunha antelación mínima de 5 días e remitirá a orde do día a cada un dos membros do Pleno.

2. O Pleno constitúese validamente coa asistencia dun tercio do número legal dos seus membros que nunca poderá ser inferior a tres. O presidente poderá considerar validamente constituído o órgano se está presente polo menos un representante da Xunta e a Deputación provincial. Este quorum deberase manter durante toda a sesión. En todo caso, requírese a asistencia do presidente e do secretario ou a daqueles que legalmente os substitúan.

#### Artigo 20. ACORDOS

1. Os acordos do Pleno adoptaranse por maioría dos membros presentes, agás nos casos no que se esixe outra maioría, e sempre que asista polo menos un representante de cada unha das entidades consorciadas . Os acordos adoptados obrigan a tódalas entidades integrantes do Consorcio.

#### Artigo 21. PERSOAL

1. O persoal ó servizo do Consorcio estará integrado por:

- a) Xerente.
- b) O persoal de prevención e extinción de incendios e salvamento, sen prexuízo de que se opte pola prestación do servizo baixo o réxime de xestión indirecta.
- c) O persoal que, de conformidade co artigo 17, atenda ás funcións reservadas a funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional.
- d) Calquera outro que se estableza, que en todo caso deberá estar recollido no correspondente cadro de persoal.

2. As funcións deste persoal serán as que determinan as normas de réxime interior do Consorcio

### CAPÍTULO IV. DO RÉXIME ECONÓMICO E FINANCEIRO

#### Artigo 22. RECURSOS DO CONSORCIO

Para o cumprimento dos seus fins o Consorcio disporá do seu propio orzamento, que estará integrado polos seguintes recursos:

- a) As achegas dos entes asociados

- b) As subvencións e outros ingresos de dereito público
- c) As taxas, contribucións especiais e prezos públicos fixados de acordo coa lei
- d) Ingresos de dereito privado e os bens adquiridos polo Consorcio que se integran no seu patrimonio
- e) O produto das operacións de crédito
- f) Calquera outro recurso que se lle poida atribuír de acordo coa lexislación vixente.

### Artigo 23. CONTRIBUCIÓN Ó CONSORCIO

As contribucións de cada ente consorciado para o orzamento ordinario anual do Consorcio, efectuaranse da maneira seguinte:

#### FASE DE CONSTRUCCIÓN E EQUIPAMENTO:

Xunta de Galicia: 40% do total do orzamento.

Deputación da Coruña: 60% do total do orzamento.

#### FASE DE FUNCIONAMENTO :

Xunta de Galicia: 50% do total do orzamento

Deputación da Coruña: 50% do total do orzamento

Se durante o exercicio económico se producisen ingresos superiores ós previstos inicialmente no orzamento do Consorcio, estes excesos serán adicados, a criterio do Pleno, a actuacións adicionais ás previstas inicialmente, ou ben a minorar as achegas que lle corresponden ás partes consorciadas. En todo caso poderase acudir ós mecanismos previstos na lexislación vixente para obter a satisfacción das achegas, no caso de que algunha das administracións consorciadas non subministrasen en prazo a totalidade das cantidades a que están obrigadas polo presente artigo, e co fin de facer efectivas estas cantidades.

### Artigo 24. INGRESOS DAS CONTRIBUCIÓN

1. Cada ente consorciado obrígase, nos termos previstos no artigo 23, a consignar no seu orzamento ordinario a cantidade suficiente para atende-las súas obrigas económicas relativas ó Consorcio.

2. A parte correspondente da cantidade consignada nos orzamentos de cada ente consorciado ingresarase por anticipado cada tres meses, na Tesourería do Consorcio.

### Artigo 25. APROBACIÓN DO ORZAMENTO

1. Do proxecto de orzamento do Consorcio darase conta ós entes consorciados para que presten conformidade ás achegas consignadas no proxecto.

2. Unha vez obtida a conformidade dos entes consorciados ó proxecto de orzamento, o Pleno aprobará o orzamento do Consorcio e elevarao ós entes consorciados para o seu coñecemento.

## CAPÍTULO V. RÉXIME XURÍDICO

### Artigo 26. RÉXIME INTERNO

A actuación do Consorcio rexerese polo establecido nos presentes estatutos e nos regulamentos de organización e réxime interior que se supeditarán ó ordenamento xurídico vixente. Para o non establecido nas disposicións anteriores aplicarase a lexislación reguladora do réxime das entidades locais.

### Artigo 27. LEXISLACIÓN APLICABLE

A tódalas actuacións do Consorcio seralles aplicable a Lei 30/92, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro; a Lei 7/1985, de bases do réxime local, modificada pola Lei 11/1999 do 21 de abril, e real decreto lexislativo 781/1986, que aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia, así como calquera outra normativa concordante.

### Artigo 28. MODIFICACIÓNS, INCORPORACIÓNS E BAIXAS E DISOLUCIÓN

1. Para a modificación dos estatutos do Consorcio, posibles incorporacións ou baixas ou para a disolución del, seguiranse as mesmas regras e o mesmo procedemento que o establecido pola lexislación estatal básica e pola Lei 5/97 da administración local de Galicia.

2. No caso de disolución do Consorcio practicarase liquidación de tódolos seus bens e dereitos, e o resultado positivo ou negativo será atribuído a cada un dos integrantes do Consorcio, na mesma proporción que a establecida para a fixación das achegas ó Consorcio.

### Artigo 29. INFORME ANUAL

O Consorcio facilitará ós entes consorciados un informe anual sobre a propia xestión e prestará a súa cooperación e asistencia cando sexa requirida.

#### DISPOSICIÓN ADICIONAL

O Consorcio iniciará o seu funcionamento cos parques de Arteixo, Boiro, Carballo e Ordes. Os parques de Arzúa, As Pontes, Betanzos, Cee, Santa Comba, e a subse de Ribeira iranse incorporando de xeito graduado, de acordo ó calendario que, no seu momento, sexa acordado por ámbalas dúas administracións.

#### DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

PRIMEIRA. Unha vez publicados no Diario Oficial de Galicia os presentes estatutos, o presidente da Comisión Xestora procederá no prazo máximo dun mes á convocatoria da sesión constitutiva do Pleno do Consorcio na que se procederá á elección do presidente e vicepresidentes do Consorcio, conforme co establecido no artigo 10 dos estatutos, iniciándose o seu funcionamento.

SEGUNDA. Os presentes estatutos entrarán en vigor ó día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.”

Ó non haber máis asuntos dos que tratar, remata a sesión ás catorce horas e quince minutos, procedéndose á redacción da acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario dou fe.